


GALLEGO 3



UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA

GALLEGO

3



INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

1974

XEOGRAFIA

Galicia é un recanto da Península Ibérica que case chega os 30.000 kms². Bátela as augas do Atlántico polo solpor e as do Cantábrico polo norte. No nacente limita con Asturias, León e Zamora, e no Mediodía con Portugal. Na provincia de Ourense, a estrema non está marcada por ningún accidente natural especial: é a Raia Seca. En troques, no sur de Pontevedra a fronteira coincide co río Miño na derradeira parte do seu curso.

A paisaxe galega está dominada pola cor verde, por un ceo case sempre cuberto e por un clima máis ben doce, tirando a frío no inverno. Galicia é unha rexión de variada topografía: das praias litorais pásase de seguido ás chairas da Galicia central e de aquí ós curutos nevados da Cabeza de Manzaneda, na serra da Queixa. Non hai un horizonte galego que non estea dominado por montes ou por serras que teñen, en xeral, pouca altitude pero certa continuidade e levan nomes medoñentos e sonoros: a serra de San Mamede, Larouco, Xurés, a serra do Eixe, Pena Escrita, Montes do Invernadoiro. Ó norte do Sil branquean, de inverno, a serra dos Ancares, o Cebreiro, os montes do Caurel e o Montouto. Polo norte de Galicia atopámolo os montes do Cordal de Neda, serra de Meira, Lourenzá, serra do Xistral, serra Faladoira. Nomes moi expresivos aparecenos nas montañas que forman o sistema central galego: serra da Loba, Cova da Serpe, Faro, Testeiro, Suído. Tamén os mariñeiros conocen os montes de Castro Maior, o Faro de Corme, o Pindo, os montes de Barbanza coa

SECRETARIADO DE PUBLICACIONES DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO

ISBN: 84-600-6176-0

Depósito Legal: S. 279 - 1974

Printed in Spain

GRÁFICAS EUROPA - Sánchez Llevot, 1 - Teléfono 22 22 50 - SALAMANCA, 1974

Curota. Por teren grandes resoancias de camiñantes, lembremos áinda os montes do Bocelo, o Pico Sagro e o monte de San Gregorio. ¡E cántos, e cántos más, ermos ou cubertos de piñeiro, coa súa ermida ou coa súa lenda, se poderían engadir a esta lista!

Os ríos más importantes de Galicia, humanizados por muíños, algún que outro batán, restos de mazos, e tamén apreixados en presas, pro sempre recorridos polos troiteiros, mandan as súas augas ás vertentes do Cantábrico e do Atlántico.

Á vertente cantábrica van parar ríos curtos, que van fuxindo polas encostas montesías en ruxidas, fervenzas e seimeiras ou acougando en piagos e en reseos pequenos. Cando rematan marchan mansellos formando rías. Comenzando polo norte, témo-lo Eo, que desemboca entre Ribadeo e Castropol; o Masma, que vai desembocar a Foz; o Ouro, perto de Fazouro; o Landrove en Viveiro, o Sor no Barqueiro e o Mera en Ortigueira.

Os ríos más importantes da vertente atlántica son o Xubia, o Eume, o Mandeo e o Mero, que levan as augas ó Ferrol, Pontedeume, Betanzos e á Cruña. O río Anllóns, sempre coa musicalidade dos versos de Pondal, que vai á ría por Ponteceso; o río do Porto, que verque as augas en Camariñas; o Xallas ou Ézaro, que cae en abanqueiro; o Tambre, que sae da lagoa de Sobrado e vai á ría por Pontenafonso, despóis de andar 111 kms.; o Ulla, que nace na Ulloa e pasa na chegada a Ponteulla o estreito de San Xoán da Cova, desembocando na ría de Arosa despóis de recibir varios afluentes. Destes temos que destacá-lo Sar co Sarela, e os ríos Pambre, Iso, Furelos, Arnego e Deza. Á mesma ría vai pará-lo Umia, que pasa por Caldas de Reis e baixa ó mar en Cambados.

Á ría de Pontevedra chega o Lérez e á de Vigo, por Ponte-sampaio, o Oitabén e o Verdugo.

A cunca do Miño empeza na serra de Meira, onde está a cabeceira do río: nace na lagoa de Fonmiñá, áinda que as lendas

da súa orixe danlle por lugar de nacemento a Irimia e fano desaparecer pra xurdir nas lagoas. Debruzándose, pra non seguir camiño do Cantábrico, o río, paseniño, baixa cun fato de afluentes que o fan gran señor. Pasa despóis ó pé de Lugo e por Ourense, en relanzos por vales quentes con bocarribeiras cheas de viño, pra levar, lambendo as veigas do millo da valgada de Tui, un importante caudal ó mar, na beira de Camposancos. Entre os acollidos ó río Miño figurán o Anollo, o Támboga, o Ladra, o Parga, todos na parte alta da cunca. Máis abaixo o Neira e o Sarria, o Avia e o Arnoia, o Louro e o Tamuxe; pro ningún ten a sona do Sil, que arrinca areas de ouro, pasa Montefurado, e trae tanta auga, ás veces apreixada en canle, que, no xuicio popular, o Sil trae a auga e o Miño leva a fama. Xúntase co río principal nos Peares. Tamén o Sil ten dous afluentes notables: o Bibéi e o Cabe.

O Limia, o río do esquecemento, sae da antiga lagoa de Antela ou de Beón e métese en terras de Portugal pra se xuntar ó mar en Viana do Castelo. Haise que lembrar tamén da cunca do Douro a onde van parar algúns ríos galegos: o Diadebro, o Mentre e, máis ca todos, o Támega, que forma o Val de Monterréi.

Galicia ten 1.195 kms. de costa e na súa articulación acouga ún dos capítulos más interesantes do noso vivir. Aquí temos que sinalá-la importancia das rías como abrigo seguro e o millor lugar de porto pra barcos de moito calado, áinda que en algunas os esteiros avancen lentamente. As rías pódense clasificar do seguinte xeito:

As altas, que corresponden ó bloque montañoso do norte de Lugo e parte da Cruña. Aínda entre estas hai dous tipos, as occidentais e as orientais de tipo asturián (Foz e Ribadeo).

As medias, que se corresponden co bloque da penichá galega e comprenden as rías centrais: Cedeira, Ferrol, Betanzos, Pontedeume, Ares e a Cruña, Laxe, Camariñas e Corcubión.

E, derradeiramente, as baixas, que se corresponden co bloque montañoso suroccidental: Muros e Noia, Arosa, Pontevedra e Vigo.

VOCABULARIO

estrema: *límite, frontera*
 chairas: *llanuras*
 curutos: *picos, cúspides*
 mazos: *martinetes (aparatos utilizados anteriormente para trabajar el hierro)*
 encostas: *pendientes, cuestas*
 ruxidas: *cascadas*
 seimeiras: *cascadas*

piagós: *pozos de río*
 reseos: *remansos*
 relanzos: *descensos suaves*
 abanqueiro: *cascada*
 cunca: *cuerca*
 debruzarse: *inclinarse de bruces*
 canle: *canal*
 penichá: *penillanura*

PRONUNCIA

Se dúas vocales van xuntas e ambas teñen timbre aberto (*a, e, o*), pronúncianse sempre en dúas sílabas diferentes: *xe-ar, cho-er, mámo-a, pe-ón*, etc.

En caso dunha das vocales ser **-i-**, **-u-**, pode ocorrir que se pronuncien entradas na mesma sílaba, formando diptongos ascendentes (*ia, ie, io, ua, ue, uo*) ou descendentes (*ai, ei, oi, au, eu, ou, iu*): *len-dia, fiel, li-rio, gua-pa, en-ues-ta, quo-rum, mai-no, fei-ra, coi-ro, rau-to, meu, ou-ro, vi-viu*. Pro non sempre que atopamos unha secuencia vocálica na que entren un **-i-** ou un **-u-** temos necesariamente un diptongo. Aparece hiato, polo contra, nos casos seguintes:

a) Cando o elemento tónico é o **-i-** ou o **-ú-**: *des-con-fí-a, des-con-fí-e, des-con-fí-o; lú-a, lú-o, lú-e; a-ín-da, Xo-se-i-ño, o-ín, Lu-ís, sa-ú-de, mi-ú-do*. Neste caso, como se ve, o acento sirve de marca diacrítica na escritura pra sinalá-lo hiato.

b) En moitos casos sin o **-i-** nin o **-u-** seren tónicos (mesmo, ás veces, sin seren tónicas ningunha das dúas vocales en contacto).

Así acontece en palabras como *fi-ar, fi-a-ba, fi-a-ba-mos; lu-ar, a-lu-a-ra-do; vi-a-xar, vi-a-xe*, etc.

No derradeiro caso non temos signos diacríticos pra marcá-lo hiato na escritura. O acento non nos vale porque contradiría as normas da acentuación (cfr. **viáxe* ou **víaxe*). O máis indicado sería unha diéresis (*viáxe, lüar*), pro non dispoñemos deste signo ortográfico nin parece oportuno introducilo polo de agora. Haberá, xa que logo, que aterse ó oido. Como norma xeral (non sempre válida) podemos decir que as palabras adoitan ser fieles á súa familia paradigmática; por eso, cando hai un elemento na familia con hiato, os outros elementos do paradigma tamén o manteñen. De ahí que conforme a *fi-o* vaian *fi-a-mos, fi-a-ba-mos, fi-a-rí-a*, etc.; e conforme a *rú-a* vaian *ru-a-da* e *ru-ei-ro*.

EXERCICIOS

I. Repasade no *Gallego 2* o que se di sobre a pronuncia das vocales (pp. 9-11).

II. Silabeade tódalas palabras que figuran na lista seguinte:

| | | | |
|-----------|-----------|-----------|--------------|
| caíamos | caíamos | tabao | aguia |
| pau | auga | bruar | laiar |
| Suarna | faiado | cuada | diana |
| nomeada | laído | esfameado | impermeable |
| buxaina | feireante | caínzo | abanear |
| avelaíña | afear | apear | areento |
| manteiga | ateísmo | oubeo | zarandeón |
| deuda | cotovía | foliada | saraibada |
| xudiada | miañar | friaxe | asubiaabamos |
| lumieira | vieira | vieiro | largació |
| axionllar | piolloso | porfioso | fiuncho |
| miúdo | filloa | treboada | esbagoarse |
| limoeiro | camoesa | croio | muíño |
| coido | acougar | pouta | recruar |
| menguar | linguaxe | xuez | pruído |

- III. Facede o diminutivo das seguintes palabras engadindo *-iño*, *-a* e reparade ben na pronuncia do primitivo e do derivado:

| | |
|---------|---------|
| pequeno | home |
| Pepe | lobo |
| seco | colo |
| cedo | ponte |
| pedra | condesa |
| Pedro | monte |
| leña | boca |
| pena | lombo |
| mesa | pera |
| vela | |

- IV. Xénero dos sustantivos abstractos en *-axe* e *-or*. Poñede o artigo correspondente ós que siguen:

| | |
|----------|---------|
| aldraxe | tremor |
| blindaxe | furor |
| cabotaxe | altor |
| carraxe | calor |
| ferraxe | labor |
| liñaxe | amargor |
| paisaxe | quentor |
| pasaxe | dor |
| romaxe | cor |
| friaxe | amor |

- V. Subordinade as frases que damos en cursiva ás que damos en redonda (dando tódalas combinaciós possibles):

ser un lambón estar pouco afeito ter medo
 dixo que eu
 non coido que eles
 non coidaba que vós
 preguntaba se el

- VI. Conversa:

Falade dos montes, dos ríos e das rías que conozades, facendo referencia ós más característicos.

- VII. Redacción:

Describide a xeografía do voso pobo.

TESTOS LITERARIOS

Os MONTES DO SUR

Hei de ir ó Piapáxaro i ós cumes do Faro
 onde está o ceo a un vóo de paxaro.

Hei de ir á Rugeira e á Devesa de Donís,
 ó Rebolo, á Pinza e ó Chao dos Carrís.

Hei de ir a Lousada e a Pacios do Señor,
 a Santalla, á Veiga de Forcas e a Fonlor.

Hei de ir ó Cebreiro, pasar por Liñares,
 subir ó Oribio, a Cervantes e a Ancares.

Hei de ir a Cido e a Castro de Brío,
 baixar e andar pola ourela¹ do río.

Hei de ir a Céramo, cruzá-lo Faro e entón
 debrocár² pra baixo cara a Oencia e León.

Hei de ir a Vales e a Pena da Airexa
 e a un eido soio onde ninguén me vexa.

U. Novoneyra: *Os Eidos*
 Ed. Galaxia, Vigo 1955, p. 27

NOTAS

¹ orilla

² torcer hacia abajo

POBOS

¹
 O monte é raso. Carqueixas. Máis alá
 unha terra moura, a mourear.
 ¡Pobos sin serras! ¡Fanegas de soidade!

¡Pobos humildes, ciscados pola Chá:
 Tabói, Cela, Mosteiro, Bonxe, Aguiar,
 Folgueira, Matela, Sobrada, Arcillá!
 Despois: ¡Xustás, Ludrio, Ansemar,
 San Fiz, Arcos, Bendia, Couto de A,
 Loentia, Castro, Azúmara e Bazar...!
 ¡Abadín, Rábade, Cospeito, Guitiriz,
 Castro de Rei, Xermade e A do Monte,
 Outeiro de Rei, Moncelos e Mondrid...!
 ¡Támoga, Trobo, Lanzós e máis Begonte;
 O Santo, Quintela, Rozas e Goiriz...!
 ¡En tanta inmensidáde e tanto monte,
 Villalba, a branca, sorríndose feliz!

M. María: *Terra chá*
 Círculo de las Artes, Lugo 1967, p. 25

XEOLOXIA

É un feito perfectamente establecido —di Isidro Parga Pondal na *Historia de Galicia*— e que hoxe xa pertenece ó conocemento vulgar, que o conxunto de terras que componen o avanzado atlántico de Europa e que leva o nome ben sonoro de Galicia, constitúe unha rexión natural determinada pola grande uniformidade dos seus principais caracteres de clima, flora, fauna e humáns.

Tamén é do conocemento vulgar o feito de que a natureza pétrea de Galicia mostra unha grande uniformidade. A pedra de cantería e a pedra morceña atópanse por tódolos camiños galegos. Os petoutos dos máis altos cumes e as máis fondas fragas poden ser, ben de cantería, tamén chamada pedra de gra e, millor aínda, granito, ou ben de pedra morceña, á que se lle da tamén o nome de pizarra ou xisto.

Fóra destas dúas clases de rochas, case non temos outras que merezan ser mencionadas ó facermos unha caracterización sinxela do rochedo galego. Por eso podemos afirmar que, xeolóxicamente falando, Galicia é soio granito e xisto.

Esta grande uniformidade é debida a que en Galicia non temos representantes dos terreos mesozoicos, ou sexa, pertenecentes á edade media da evolución xeolóxica, terreos en que predominan as calizas ou pedras pra facé-lo cal.

Parecerá, pois, logo do dito, que o estudio da xeoloxía galega é unha cousa sinxela, elemental e que pode ser feito de contado.

A realidade é moi outra. Tanto os granitos coma os xistos constitúen zonas profundas da codia terrestre, postas ó descuberto pola erosión de podentes mantos ou capas de outros terreos que as cubrían e que foron arrastrados polas augas a medida que o conxunto se iba erguendo pouco e pouco desde as profundidades de máis de vinte mil metros en que se formaron os granitos e os xistos.

A tales profundidades, estas rochas teñen un estado pastoso, mol, e mistúranse doadamente entre sí orixinando unha nova categoría de rochas chamadas migmatitas, ou sexa, rochas misturadas, que teñen algo de granito e algo de xisto.

Ó quedaren ó descuberto estas partes profundas que constitúen as verdadeiras raíces das formacións xeolóxicas, mostran, marcados na súa estructuración, os sinais dos importantes movementos a que estiveron sometidas. A súa interpretación constitúe un capítulo moi importante da xeoloxía que se chama a «tectónica profunda» ou sexa, a tectónica das raíces das montañas.

O estudio xeolóxico de Galicia é preciso, pois, dividilo en dúas grandes partes. Primeiro, a descripción petrográfica das rochas, xistos, migmatitas e granitos nas súas múltiples variedades; despóis a descripción da tectónica, é decir, dos movementos a que se viron sometidas no percorrer dos longos tempos da súa esistencia.

Tódolos terreos xeolóxicos que conforman a nosa Galicia son moi antigos. Fóra de raras e pequenas excepcións, podemos afirmar que tódalas rochas de Galicia son anteriores á grande oroxenia herciniana, o profundo cataclismo tectónico que aconteceu hai 250 millóns de anos. Antes dessa época, polo tanto todo o período silúrico (hai 360 millóns de anos), o Cámbrico (hai 500 millóns de anos) e quizáis tamén o final do período Algónquico (hai 800 millóns de anos), Galicia constituía, con pequenas excepcións, unha estesa mar na que se iban depositando os sedimentos que despóis formaron gran parte dos xistos postos hoxe ó descuberto.

Oroxenias posteriores trastocaron profundamente estes sedimentos algónquicos e paleozoicos dobrándoos intensamente. Durante estes procesos de plegamento, no fondo dos sedimentos, a gran profundidade, no que podemos chamá-lo fondo do xeosinclinal galego, quedaron incrustados formando grandes escamas entre os sedimentos metamorfizados, ou sexa, transformados en xistos, os granitos anatexíticos e as migmatitas.

Todo este conxunto foi atravesado máis tarde por poderosas intrusións de rochas magmáticas de orixe máis profunda, coma granitos novos e gabros e, máis recentemente, filóns e diques moi variados.

Logo, no percorrer do tempo, foron aparecendo ó descuberto, como xa indicamos, hastra presentá-lo seu aspecto actual.

VOCABULARIO

pedra morceña: *piedra blanda*
rochedo: *roca, roquedo*

petouto: *pico, vértice*
xisto: *pizarra*

ORTOGRAFIA

Contracción

Repásense as diferentes contraccións do galego en *Gallego 2* (pp. 29-31). Alí danse a conocer tódalas contraccións obligatorias da lingua galega. Xa dixemos que na lingua falada hai moitas más, pro non as debemos refrexar na escritura. Así, non se deben formar contraccións de *en*, *de* + *algún* e debemos escribir *en algún*, *de algún*: *ten que estar en algún sitio, é de algún*. O mesmo sucede con casos como *de alguém, en algures, de aquí, de alí, de outro, pra alá*, etc., que na lingua falada contraen.

CONXUGACION DE ALGÚNS VERBOS

O verbo *constituir* presenta unha conxugación regular en galego. Temos pois:

PRESENTE DE INDICATIVO:

*constitúo
constitúes
constitúe
constituímos
constituídes
constitúen*

SUBXUNTIVO I:

*constituía
constitúas
constituía
constituímos
constituades
constitúan*

IMPERATIVO:


constitúe (ti)
constitúa (el)
constituamos (nós)
constuíde (vós)
constitúan (eles)

Conxúganse da mesma maneira *construir*, *destruir*, *instruir*, *obs-truir* e *intuir*.

EXERCICIOS

- I. No seguinte testo de Amado Carballo, deliberadamente deformado por nós, poñede en galego correcto as palabras en cursiva, facendo as contraccións nos casos que faga falta:


Vou contar certa *hestórea*, que fai moitos anos ouvín en unha de esas longas esfolladas de o millo, mentres sentados



«*Ti dis: Galicia é ben pequena; eu digo: Galicia é un mundo.*»



Dúas paisaxes galegas, unha de mariña e outra de montaña.



a o redor de o saiñento candil, mozas e mozos traballaban a a retesía antre risas e tragos de viño novo.

Era o narrador un venerable vello de queixadas *reutas*, cobertas de grises *patillas* e de aspeuto nobre e simpáteco.

A súa voz *cristaña* e sonora *rubia* en a calma de a noite, resoando chea de doce *malenconía* baixo os arcos oscuros de a solana.

—Era *inda* eu moi mozo —dicia— cando *en ese* muíño que vedes *arroinado*, vivía unha certa rapaza que, en verdade, non tiña moi boa sona. Cando foi o ano *de a peste*, marmuraban que deixó morrer *a o seu home* *sen lle* procurar coidado ningún. Fose *por o* que fose, o caso é que *ninguién* miráballe *aa cara* e os rapaces *lle* chamaban a bruxa e tiñan medo *a o* se atopar *coela* *nalgunha* correira.

Certa noite, noite moura en que ventaba e chovía de *todos os* *demos*, *sintíronse en o* muíño uns xemidos afogados. A o outro día a muller aparecéruntro morta. E foi que o seu home que morrera, fóra a alma, *comun* porco, andaba penando os pecados *de a carne* *en as* longas ringleiras *de a* Compañía, e veu por ela pra *tirar a de este mundo*.

(*Obras en prosa e verso*, p. 54)

II. Sustantivos en *-a*: Poñede o artigo nos nomes seguintes:

| | | |
|--------|---------|---------|
| idioma | sofisma | monarca |
| azouta | víspara | reuma |
| atleta | pereira | cometa |

III. Sustantivos en *-e*: Poñede o artigo nos nomes seguintes:

| | | |
|----------|---------|-------|
| crecente | arte | ponte |
| vinagre | aceite | ubre |
| dote | costume | cume |
| couce | leite | |

IV. Sustantivos en *-l*: Poñede o artigo nos nomes seguintes:

| | | |
|---------|-----|--------|
| capital | pel | col |
| frol | sal | mel |
| fel | cal | animal |

V. Poñede en plural os nomes seguintes:

| | | |
|--------------|-----------------|-------------|
| martes | xoves | luns |
| lubicán | bocaberta | moscamorta |
| escachanoces | fervellasberzas | cabo de ano |
| home ra | garda civil | Xan |

VI. Adxetivos: formación do femenino e do plural dos seguintes adxetivos:

| | | |
|---------|----------|-------|
| andaluz | morenote | leve |
| regular | bebedor | bo |
| tolo | lacazán | belga |
| grande | difícil | feroz |

VII. Discusión: ¿qué tipo de pedra é máis exeitado prá construcción de casas?

VIII. Redacción: describide a morfoloxía da terra en que vivides.

TESTO LITERARIO

A FLOR DA PEDRA

As atormentadas penedías¹ da nosa terra gardan, baixo as cachoieras² de calor e de luz que baixan do ceo, a súa indiferente nuidade³. Lombos de besta, cunchas de disformes sapos, táboas de sacrificio bárbaro, osos de deus escandinavo, moas⁴ abarutadas⁵, testas dolicocéfalas, diedros afiados, ovos de paxaros mirados por Ibn-Battuta, icebergs antárticos, helmos de Mambrino, ras inquedantes: tódalas feituras dos penedos soñan o seu soñar planetario

afastados⁶ do vivir que bule na Terra. A lepra dos ouricelos⁷, liques⁸ e musgos⁹ non morde no cerne¹⁰ frío, ó igual do espacío interestelar, dos outeiraes. Teñen que ser desfeitos pra que se dean conta da dinámica da vida. Desfánse de dous xeitos. Mainamente, polo apalpar das raíces das uces e dos piñeiroes —dedos sabidos¹¹ e sutiles cal de cego fumador que vai desfacendo a grosura do tabaco— ou polas mil linguas, papilosas, molladas, químicas da choiva e pola fría pel de cobra dos regatos. Quirúrxicamente, polo ferro rachador¹² dos homes.

Nos primeiros xeitos a pedra voltase¹³ area, terra, seo mol¹⁴ e agarimoso das sementes. Cando os canteiros mordiscan, tronzan, esnaquizan¹⁵ con tiros o penedo, hai queixumes non entendidos nas soedades dos cotos¹⁶ graníticos. Despós, vanse. Restan feridas abertas, mordedelas¹⁷ abandonadas, mantos de area morta, superficies novas brillando ó sol. Entón xurde¹⁸ a frol do penedo.

É a abrula¹⁹ lembbrada por Noriega. Do cerne granítico rachado polo metal, da area brilladora, nace unha pranta de froles tristeiras, de figura de candieiro²⁰ melancólico, coroada por froles coma chagas²¹, purpúreas, coma o fogo²² primeiro que foi o penedo cando a Terra era unha estrela e áinda a lúa non acendera o seu cirio vixilante. Entón non había mortos pra lembrar nin batera ningunha testa a aza²³ divina da saudade.

¡Abrula estraña, amiga da soeade, coroada por un reflexo de fogo purpúreo, o más ardente de tódolos lumes, o que loce nos mantos imperiales nos que se esgarran²⁴ as farpas²⁵ da traxedia, nos viños tolos afeitos á concavidade abisal das cepas orfebreadas do festín de Baltasar, das lobas cardealicias, dos beizos das feridas cando xa cansou o manantial do sangue! Tamén as abrulas locen nas carballeiras sempre onde quedan vellas pedras envoltas no agarimo do «humus» vexetal. Mais onde estrala a súa cor dorosamente é na branca friaxe dos penedos ou das laxes da canteira. É a chaga ardente do feldespato, do cuarzo e da mica, do gneiss procurado polo martelo dos xeólogos, das pizarras tristeiras nas

que escorren as pingas da choiva e as raiolas do sol coma nos viros da ventá familiar.

Esta frol —«*Digitalis purpúrea*»— é boa prás doenças do corazón. ¡Quizáis por sé-la flor do corazón planetario da Terra!

R. Otero Pedrayo, *Obra selecta I*
Ed. Galaxia, Vigo 1973, pp. 102-103

NOTAS

| | | | |
|----|---|----|---|
| 1 | roquedos | 11 | acostumbrados |
| 2 | chorros | 12 | rompedor |
| 3 | desnudez (derivado de <i>nú</i> 'espido') | 13 | É un lusismo. En galego <i>vólvese</i> |
| 4 | ruedas de molino | 14 | blando |
| 5 | lleno de agujeros, a la manera de un <i>baruto</i> o <i>cedazo</i> | 15 | deshacer en añicos |
| 6 | apartados. | 16 | cueto, pico de una montaña |
| 7 | orchilla, especie de liquen | 17 | mordiscos |
| 8 | líquenes (en realidad <i>liques</i> —sing. <i>liquen</i>) — é un castelanismo hiper-galeguizado. A enumeración <i>ouricelos</i> e <i>lique</i> s resulta tautolóxica, porque os <i>ouricelos</i> non son outra cousa que unha especie de <i>lique</i> s) | 18 | aflora |
| 9 | É un castelanismo. En galego <i>mofo</i> duramen, parte central y dura de los árboles | 19 | digital |
| 10 | | 20 | candelero |
| | | 21 | llagas |
| | | 22 | É un castelanismo. En galego <i>lume</i> |
| | | 23 | É un lusismo. En galego <i>á</i> |
| | | 24 | Deformación vulgarizante do cast. <i>desgarrar</i> . En galego <i>esfarpar</i> , <i>esmelandrar</i> |
| | | 25 | harapos |

ANTROPOLOXIA DO POBO GALEGO

Os traballos feitos nos últimos tempos fannos ver que a poboación galega actual debe ser definida coma unha etnia, é decir, coma unha colectividade integrada por homes de distinto aspecto físico e caracterizado pola posesión esencial dos mesmos elementos culturais.

Os esqueletos atopados hasta agora no chan galego son todos eles moi recentes, posto que son posteriores ó século terceiro; pro o seu estudio antropolóxico, independentemente das razóns aducidas pola arqueoloxía e pola historia, demostra que o habitante actual é produto da interacción mínima de catro grupos humáns naturais, de catro razas que se misturaron e sobrepuxeron unhas ás outras no devalar do tempo e que está integrada cada unha delas por espécimes co mesmo conxunto de rasgos anatómicos. Estas razas son as seguintes por orde decrecente de antigüedad:

1) *Raza de Cromañón*: Deste tipo de raza sóio apareceron, polo de agora, douis esqueletos atopados na necrópolis galaico-romá da Lanzada que teñen algunas reminiscencias cromañoides. Non se trata, polo tanto, de «homes fósiles», senón de individuos que viviron no século cuarto ou comenzaos do quinto e non perderan aínda algunas das características dos seus antepasados máis lonxanos.

2) *Raza mediterránea*: Os esqueletos que podemos considerar

deste tipo apareceron especialmente nas necrópolis da Cruña e da Lanzada. Trátase de individuos dólito-mesocráneos, de estatura media e cunha morfoloxía que semella á do tipo máis habitual entre os galegos de hoxe. Esta modalidade poderíase ligar coa modalidade anterior, pois hai quen pensa que deriva dela.

3) *Raza nórdica*: A máxima expresión deste grupo atópase na maior parte dos esqueletos da Lanzada, meso-dolicocráneos, que teñen a cara, o nariz e as órbitas altos, estatura elevada e constitución forte. Pódese pensar que a súa aparición foi debida a unha influencia cultural europea nas edades do Bronce e do Ferro. Na edade do Bronce deberon chegar oleadas de pobos atlánticos e na do Ferro continxentes de pobos indoeuropeos, que se integraron pouco e pouco no sustrato racial preexistente.

4) *Raza alpina*: Este tipo atópase en algúns cadávres das necrópolis da Cruña, San Vicente do Grove e da catedral de Santiago, onde se poden reconocer cráneos braquimorfos curvocíptiales en esqueletos de estatura elevada. Tendo en conta elementos etnográficos e arqueolóxicos podemos supoñer que chegarían ó Noroeste por primeira vez introducindo a nova industria do Bronce IV.

Non se debe pensar que estes compoñentes raciales citados chegasen á nosa terra nunha soia oleada inmigratoria. Millor é falar dunha ou varias oleadas, que forman a aportación básica desde o punto de vista cuantitativo, e despóis de outras inmigracións de moita menor importancia, escalonadas ó longo da historia, como son, por citar sóio algunas das más importantes, o reforzo mediterráneo dos invasores románs ou árabes, o nórdico dos poboadores celtas, britóns e viquingos e o alpino, que se debe tamén ós celtas ou ós suevos.

Máis ou menos, esto é o que sabemos, esencialmente, da etnoxenia galega baseados na antropoloxía. Temos que chegar aínda a unha retrotracción no tempo pra acadar maiores alturas crono-

lógicas e perfilar millor e fenomenoloxía, brumosa polo de agora, dos primitivos poboadores. Pra esto é necesario buscar aínda moito e té-la sorte de atopar restos esqueléticos que nos permitan afondar no conocemento da formación étnica do pobo galego.

ORTOGRAFÍA

Repasade as reglas de acentuación conforme figuran no *Gallego 2*, lección 2, pp. 19-21. Antes compre ter en conta que unha ortografía sempre é algo convencional, mais pra que sexa axeitada hase de cimentar nos seguintes principios:

- 1) proporcioná-la meirande claridade posible ó lector
- 2) sé-lo máis fonética que permita a tradición cultural
- 3) non estragar peculiaridades propias da lingua
- 4) ser lóxica e, como consecuencia, doadamente memorizable
- 5) ser económica, esto é, que aforre signos.

EXERCICIOS

I. Transformade as seguintes frases conforme pida o elemento que se varía:

A) *Ser hora de se ir*

a min éme hora de me ir
a ti ires
a el
a nós
a vós
a eles

a) Facede o mesmo intercalando *non*.

b) Facede o mesmo intercalando *che* cando sexa posible.

B) *Habé-lo de decir*

eu hei
ti
el
nós
vós
eles

a) Id. intercalando *lle*:

..... heillo
..... has
..... ha
..... habemos
..... habedes
..... han

b) Id. intercalando *lles*:

eu
ti
el
nós
vós
eles
vostedes

II. Puntuade e poñede acentos no seguinte párrafo de Ramón Piñeiro:

En primeiro termo a palabra libera o home da sua dependencia sensorial coa realidade Pra nos decatarmos ben desto reparemos nas restantes especies bioloxicas O animal e escravo da realidade coa que ten unha dependencia sensorial e instintiva da que non pode sair Tratase dunha independencia primaria inmediata material que o engloba

que o envolve coa realidade mesma O home en cambio creba esta dependencia sensorial instintiva englobante por medio da palabra Nomeando as cousas liberase da sua opresion material O nome e unha representacion simbolica da causa nomeada A palabra dalle o home unha representacion simbolica da realidade Ou sexa en lugar de ser apreixado pola realidade e el quen a apreixa simbolicamente Nomeando as cousas apropiase delas e independizase asi da sua opresion material Pola contra meteas dentro de si levaas consigo Esta liberacion nominativa e a base do pensamento a que permitira pasar da sensacion a idea.

(*A lingua xe e as linguas*, Galaxia, Vigo 1967, p. 19)

III. Onde haxa profesor: Organizade un debate na clase sobre das normas propostas, tendo en mente os puntos sinalados.

Os autodidactos: escribide unha crítica sobre o mesmo tema.

N. B. Moitas das chatas que se poidan presentar xa se tiveron en conta polo I.L.G. É necesario, pois, seguir respetando as normas. Agradeceríamos, de tódalas maneiras, que nos remitiran observacións pra engadir, derogar ou reformar alí onde fora razonable.

TESTO LITERARIO

Considérase xeralmente hoxe que a poboación galega ten unha composición moi semellante á dos demás pobos chamados célticos, asentados nas beiras do Atlántico, cos que se nos teñen atopado coincidencias de carácter, costumes e tradicións.

En todos eles houbo unha poboación precéltica por riba da cal se sobrepuxeron os celtas; en todos, quitando na Irlanda, unha dominación romá; en todos, unha xermanización posterior.

Tocante á poboación precéltica da Galicia, temos pouco máis ca suposicións. As noticias dos xeógrafos e historiadores antigos refírense a tempos nos que a camada céltica se sobrepuxera a ela. Así e todo, semella que a aquela poboación hai que apoñé-llos restos que poseemos da cultura do bronce, como ós celtas os da de ferro, ou sexa, a chamada cultura dos castros.

A colonización romá —que se facía sobre todo nas épocas adiantadas do Imperio, con xente procedente de tódolos dominios de Roma— non semella ser moi intensa en Galicia. A persistencia das comunidades xentilicias indíxenas e outros moitos indicios semellan probar unha romanización serodia e probe, polo menos hastra moi entrado o século IV da nosa era.

Derradeiramente coménzase a falar dunha nova inmigración céltica dos *Britóns*, ocurrida ó mesmo tempo cá realizada polos mesmos na Armónica polos séculos V e VI.

Semella igualmente que debemos crer en tres xermanizáns sucesivas: a dos suevos, a dos visigodos —probablemente menos intensa, porque se tratou de someter ós suevos e non de desposeelos— e a dos que viñeron fuxindo de outras terras de España a causa da invasión dos árabes. Que a maior parte dos refuxiados era de orixe xermánica dedúcenlo os historiadores dos nomes que levaban e que aparecen nos documentos e en nomes de lugares repoboados por eles nos primeiros séculos da Reconquista.

Xentes que viñeron de outras terras de España —Castelaos, Toldaos, Valenzá— ou de Europa —Francos, Bretoña— deixaron na toponimia lembranza das súas colonias.

Máis adiante, e principalmente desde a descuberta¹ do Sepulcro do Apóstolo Santiago, foron moitos os españoles e estranxeiros que se aveciñaron entre nós, atraídos principalmente polo comercio. Dos estranxeiros, semellan ser, os más, flamencos e italiáns (xenoveses, principalmente), sin contá-las colonias xudías que esistiron en tódalas ciudades e vilas importantes, das que non é doado determiná-la data.

Nos tempos modernos, hai que ter en conta o grandísimo número de casteláns, primeiro ambulantes, despóis establecidos, que chegaron a ter nas súas mans quizás a maior parte do comercio de Galicia, ben como importadores, ben como exportadores, e do mesmo xeito os cataláns, ós que desde o século XVIII se debe case todo o que hai de industrias marítimas, e os vascos (principalmente coireiros)² ...

Da misturanza, más ou menos intensa, según os lugares ou as diversas camadas da poboación, non resulta en Galicia —como non resulta en ningures— unha raza mista. Non hai razas mistas. Os caracteres físicos e psíquicos mistúranse nos individuos, xúntanse e sepáransen a cada xeneración, asegún os diferentes cruzamentos, de maneira que o que hai son pobos mistos, formados por homes de razas diferentes e por outros que proceden de cruzamentos entre elas. Un estudio ben feito da poboación de Galicia polos derradeiros métodos lograría determinar estadísticamente a existencia no día de hoxe dos tipos orixinarios, más ou menos puros: o primitivo (chamémoslle *oestrymnico*), o celta, o ibérico, o xermánico ou suevogótico, e áinda, en menor escala, o xudéu e, se cadra, o mourisco, coas súas correspondentes porcentaxes, e mesmo, en casos individuais, os probables elementos que aparecen cruzados en cada ún.

V. Risco, na *Historia de Galiza*

Ed. Nós, Buenos Aires 1962, vol. I, pp. 260-262

NOTAS

¹ descubrimiento

² traficantes de cueros

O HOME GALEGO

Na súa conformación espiritual o home galego é dunha complexidade moi grande. Se admitimos como valedeira a clásica dicotomía entre o sentimento por unha banda e o intelecto pola outra, haberá que decir de nós que somos predominantemente sentimentais, ou quizais fora millor espresar tal predominio coa palabra afectividade.

O galego acaroad o calquera suceso vital reaciona sempre, de primeiras, cunha actitude emotiva. Esta emoción non é un sinxelo movemento indiscriminado do ánimo, algo así coma un pulo primario e orixinario máis perto da irracionalidade ca da razón. Non. Por debaixo do inicial tremecer afectivo latexa unha dirección ben marcada do conocemento. O que sucede é que ese conocemento procede por lóstregos, por iluminacións súpetas de aquello que semella non se entender discursivamente. A este alumeir fuxidío da realidade a favor do tremer sensitivo, chámalo os entendidos *intuición*. Aínda non está ben definido, nos campos antropolóxico e psicolóxico, o que sexa a intuición, aquello no que ela consista. Pois non se trata tanto dun intelixir instantáneo, cantón dun apreixamento dos problemas coma entidades totalizadas, coma entidades dotadas de senso oculto. O que a afectividade, e con ela a intuición, descobren, é mesmamente ese senso totalizador que o problema acubilla na súa entraña.

Temos entón que o punto de partida reacional do home galego, sendo emocional nos seus comenzaos, é, ó mesmo tempo, dis-

cursivo. Discursivo sin verbas de concepto. Veleiquí cómo comenza a asomá-la nosa complexa testura íntima.

A complexidade vai en aumento cando se considera que esa relación afectiva-cognitiva mira decote non tanto próximos detalles canto prá obxetividade en sí mesma, é decir, a obxetividade como *estructura*. Os pescudadores da «forma» coidan que hoxe non é posible ningunha clase de apreixamento científico do mundo sin o exercicio continuado da percepción das formas, dos fenómenos unitarios nos que aquel se nos presenta. E aínda máis: eles coidan que no fondo das estructuras hai un derradeiro pouso que resulta inapreixible pró espírito humán. A *esencia* do mundo sería, pois, inacabable. Pois ben, o home galego, mesmo o máis ignorante e alonxado destas preocupacións, revela na súa conduta cabo do mundo, cabo da realidade do próximo e das cousas, unha como coincidencia radical con tales sabencias. A manifestación máis propia é o *respeto*. Todo galego é sempre, e de entrada, un ser que exerce de contínuo o respeto. Porque el adiviña, intúe, que por estrañas e incomprensibles que sexan as accións dos demás, o segredo corozo de onde elas arrincan non nos é dado conocer. Calquera esplícación é sempre somentes unha aprosimación. Endexamás unha solución.

O respeto trae da man a relativización dos saberes e, con ela, a marxe prá ironía e aínda a bulra. De ahí o *humorismo* dos nosos paisáns. E de ahí que por eso, deitar unha actitude respetuosa non resulte corrosivo, derramador, paralizador, senón, pola contra, constructivo, aberto, dinamizante e humanizador. O humorismo galego é sempre un oficio do entendemento. Unha obriga da intelixencia aniñada no forno da emotividade.

O home galego intúe, respeta, fai diversión do que el e os outros son e valen e, derradeiramente, pola enerxía de humanización do seu espírito, disculpa, comprende e comunica. O que moitas veces acontece é que todo ese proceso de conocer, respetar, bulrar e perdoar, por nacer da fonte da emotiva primixenia, foxe

Comunión humanizando co terrón nativo. Panteísmo. Morriña. Saudade. O traballo como xustificación. Lirismo transcendente.

Velahí os parámetros esenciais da testura espiritual do home galego. Outros vectores que se poden engadir son coma vieiros colaterais desta complexa estructura.

VOCABULARIO

acaroado: *aproximado, arrimado, unido*

pulo: *impulso*

fuxidío: *huidizo*

senso: *sentido*

acubillar: *abrigar, acoger*

pescudador: *investigador*

apreixamento: *abarcamiento*

pouso: *poso, sedimento*

inapreixable: *inabarcable, inasequible*

inacadable: *inalcanzable*

sabencia: *saber, sabiduría*

corozo: *intimidad, meollo*

obriga: *obligación*

chisco: *guño*

outra volta: *de nuevo*

fachenda: *presunción, arrogancia, ostentación, vanidad*

aillamento: *aislamiento*

raiceira: *raigambre*

abranguedero: *abarcador*

fervenza: *fervor*


adoito: *apto, idóneo*

lao: *queja*


choromicada: *lamentación*

GRUPOS CONSONANTICOS NOS CULTISMOS (I)


En algúns grupos formados por dúas consonantes atopamos nos escritores de hoxe unha grande cantidade de variantes combinatorias, debido ó desexo de equipará-los cultismos ás palabras que entraron na lingua nos primeiros séculos. Esto non é lícito facelo. As palabras tradicionais sufrieron unha serie de transformacións que lles deron a feitura actual e neste o galego sigue unhas normas de evolución semellantes ás das outras linguas románicas. Por exemplo, o latín *factum* deu en galego *feito*, como en castelán *hecho*; ou o latín *axem* deu en galego *eixe*, como en castelán *eje*. Pro nas palabras que entraron no idioma en época máis tardía ou en época moderna NON podemos practicar arbitrariamente estas leis fonéticas. É absurdo escribir **estroitura* ou **eisa-*



Anque non se pode decir que o galego teña unhas características raciales distintivas, hai un aquel que non nos deixa imaxinar tipos así fora da nosa terra.



O galego sempre procura ter algún santo abogoso...



... este, malpocado, descoiduse.

xerado, etc., como o sería en castelán **estruchura*, **ejagerado*, ou en francés **étoiture*.

Imos falar nesta lección e na seguinte de algúns destes grupos que deron lugar a unha grande confusión e poliformismo nos escritores galegos. Trátase dos grupos *ct*, *pt*, *pc*, *cc*, *bs*, *gn*, *ns*, *x* (= *cs*), *cl*, *fl*, *pl*, *gl*, *bl*. Vexámoslos ún por ún.

A) O grupo *-ct-* nas palabras tradicionais chegou a vocalizá-lo *-c-* e deste xeito temos casos como *deitar*, *barbeito*, *loita*, *peito*, *noite*, *leite*, *oito*, *feito*, *eito*, *biscoito*, etc. Contra esta evolución están os cultismos, nos cales o grupo non foi sometido á lei da vocalización e por eso debemos escribir hoxe *afecto*, *directo*, *tacto*, *esacto*, *activo*, *efecto*, *actitude*, *espectro*, *perfecto*, *recto*, etc. A tendencia culta é a eliminar nestes casos a pronuncia do elemento *-c-*. Presta servizo, de tódolos xeitos, manté-lo *-c-* na grafía, porque se lle precede un *-e-* ou un *-o-*, indica que son abertos: así *efecto*, pronunciado [efeto], *docto* pronunciado [doto], etc. e desta maneira, escribindo o *-c-* evitamos homograffas traidoras como: *espantante*, pronunciado [espantante], cast. «expectante» e *espantante*, pronunciado [espantante], derivado de *espatar*.

O que debemos rexeitar categóricamente son formas inventadas ou, ás veces, dialectais como *aspeito*, *aito*, *taito*, *reito*, *espeiro*, *perfeito*, *esaito*, *leitor*, *efeito*, *doitriña*, *aititude*, *aitivo*, etc., que non corresponden á realidade da lingua. A única posibilidade vulgar ou popular esistente é a vocalización do *-t-* en *-u-* en palabras moi usuales chegadas ó pobo, como *doutor*, *aspeuto*, *contauto*, *doutrina*, *pauto* ou *perfeuto*. Estas, por seren xerales, poden ser admitidas na escritura. O que non se pode facer é xeneralizar este procedemento a tódalas palabras, pois resultan vulgares e fóra do común casos como *caráuter*, *táutica*, *reuto*, etc.

B) O grupo *-pt-* nas palabras tradicionais chegou a *-t-* en galego: *sete*, *escrito*, *catar*, *roto*, *neto*, *cative*, etc. En voces cultas tamén temos que rexeitar formas con vocalización do *-p-*, que

aparecen ás moreas nos escritores galegos, en casos como *preceito*, *adaitar*, *aceitar*, *conceito*, etc. De querer escribir algo propio da lingua habería que facé-la vocalización en -u- (*preceuto*, *aceutar*, *conceuto*) que é unha posibilidade moi vulgar esistente no pobo. O millor, e a única posibilidade literaria, é conservá-lo cultismo gráfico nestes casos: *precepto*, *adaptar*, *aceptar*, *concepto*, *díptongo*, etc.

Da mesma maneira debemos conservá-lo grupo -pc- e non tratar de inventar formas literarias espúreas como *esceición*, *conceición*, *esceicional*, etc., que nunca existiron na lingua. Polo tanto, as únicas formas possibles son *escepção*, *escepcional*, *concepción*, etc.

EXERCICIOS

- I. Na seguinte lista de palabras hai algunas que non están correctamente escritas. Correxídeas.

| | |
|------------|-----------|
| conceitual | dirección |
| acción | ativo |
| actual | apto |
| edicto | efeutivo |
| esaito | escepto |
| frutuar | ispeución |
| defeuto | defeito |
| indireuto | indireito |
| excepcción | esceución |
| esceición | esceito |
| esceuto | aceutar |
| aceitar | ispepción |

- II. No seguinte testo, poñede as preguntas e respuestas dos persoaxes en estilo indirecto; é decir, por exemplo a frase: «Dixo a muller: Xa veremos» vólvese en «Dixo a muller que xa veríamos».

Era un matrimonio e díxolle un día o home á muller:

- Mañá hei de ir cepar leña.
- Se Deus quere, —díxolle a muller.
- Queira que non queira, eu hei de ir —contestóu o home.

Ó día seguinte marchou prá leña, pro ó saltar unha parede caeu e rompéu unha perna, e de alí a un bocado pasou por alí un veciño e faille o da perna rota:

- Volvé á miña casa, se me fá-lo favor, e dille á miña muller que xunga as vacas, se Deus quere; que as poña ó carro, se Deus quere, e que veña por min, se Deus quere.

- III. Tema pra debatir ou escribir:

O paisano galego é individualista, insolidario, envexoso, pouco accesible ás innovacións anque sexan ventaxosas. Poñamos un exemplo concreto: os camiños de moitas aldeas están que case non se anda por eles, porque cada ún pensa que dar un xornal ó común sóio beneficia ós outros. ¡Xa non se fale de deixar pasar un camiño —ou a pista prá parroquia— por unha xesteira propia! Esto dá lugar, ás veces, a feitos abraiantes. Poñamos por caso que un veciño propón encaná-la auga, comunitariamente, hastra as casas; entón sae outro e sementa a cisma de que o que aquel quere é que os outros lle axuden a encanala. O traballo non se fai. Pro, se por un casual, o veciño pola súa conta levou unha fonte hastra o vertedero, non tardan medio ano os outros, aguillados pola envexa, en levar, cada ún, pola súa conta cadansúa fonte hastra o seu —jo que a teña!—. Cos cartos, traballo e material invertidos poderíase instalar auga en sete lugares.

¿Non habería que incluir tamén estes rasgos negativos como peculiares da alma galega? ¿Ou trátase máis ben de

defectos universales? ¿Non serán tamén universales os rasgos que na lectura se sinalan como positivos?

TESTO LITERARIO

Adoitamos¹ a comprender e a clasificá-los sentimientos valéndonos do seu obxeto, fixámonos no elemento estrasentimental a que se dan asociados; amóstranxenos como sentimientos «de algo», referidos a algúñ termino: sentimento de ledicia, de tristura, de nostalxia, de amor; o sentimento toma unha «forma», maniféstase diferenciado, calificado por unha dirección significativa. Esta forma ou dirección, este obxeto do sentimento é o que nolo fai intanxible. Así, na ledicia ou na tristura, o sentimento reflexa unha determinada situación vital, nun caso esaltada e no outro deprimida; na nostalxia o sentimento reflexa a lonxanía da terra nativa e o desexo de retorno; na añoranza, a lembranza de algúñ ben perdido (nostalxia e añoranza coinciden en seren sentimientos de ausencia, ún de ausencia no espacio e o outro de ausencia no tempo); a melancolía é unha forma do sentimento de tristura e reflexa, polo tanto, un estado de esmorecemento² vital, que é o que entre nós recibe o nome de «morriña». Sentimentos estes —tristura, nostalxia, añoranza, melancolía, morriña— que se viñeron considerando como afíns ou se identificaron coa saudade. Mais diferénciase deles nunha nota esencial: a saudade carece de referencia a un obxeto, fáltalle esa dirección significativa que nos permite a intelección dos outros sentimientos, que veñen a sé-lo «eco sentimental» de situacións alleas ó sentimento mesmo. Por exemplo, a nostalxia e a añoranza son o eco sentimental dunha situación que se produce na memoria, a lembranza de algo ausente; o amor en tódalas formas, é o eco sentimental dunha situación que se produce na vontade. No caso da saudade non se trata dun eco sentimental de «algo»; é un sentimento sin obxeto, un puro sentir, o decorrer espontáneo do sentimento, ceibe de toda rela-

ción co pensamento ou coa vontade. De ahí a súa escuridade, a súa incomprensibilidade conceptual.

Ramón Piñeiro, «Significado metafísico da saudade (Notas pra unha filosofía galaico-portuguesa)», en GRIAL 1: *Presencia de Galicia*
Vigo 1951, pp. 15-16

NOTAS

¹ acostumbramos

² decaimiento

¡Quérome ire¹, quérome ire¹!
Para² onde non o sei.
Cégame os ollos a brétema.
¿Para² ónde hei de coller?

N'acougo³ cunha inquietude
que non me deixa vivir:
quiero e non sei o que quero,
que todo é igual para² min.

Quérome ire¹, quérome ire¹,
din algúns que morrer van;
jai!, queren fuxir da morte,
je a morte con eles vai!

Rosalía de Castro, *Poesías*

Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela 1973, p. 294

NOTAS

¹ licencia poética por *ir*

² licencia poética por *pra*

³ licencia poética por *non acougo*

MITOLOXIA POPULAR (I)

A imaxinación de moitos nenos galegos e de moitos homes maduros está chea de crencias fantásticas. Dos seres sobrenaturales que viven no maxín da xente compre destacármo-las *donas encantadas*.

En case tódalas aldeas de Galicia esiste vencellada a un castro, a un penedo, a unha fonte ou a un piago no río, unha dona, encantada alí desde tempos dos que xa non hai lembranza. Teñen case sempre apariencia de doncelas novas e deixanxe ver ós homes (máis raramente ás mulleres) a determinadas horas, polo común ó abrente do día; ou en determinados días do ano, maiormente o víspora de san Xoán. Non adoitan a ser maléficas, anque, ás veces, tamén se enrabexan. Case sempre son posesoras dun immenso tesouro en pedras e metales preciosos, que o home non chega a acadar nunca por mor dun esceso de cobiza ou por falta de valentía ou por calquera outra deslealtade.

Vede os modos más frecuentes de se apareceren e un exemplo de cada ún deles:

a) A dona aparécese cun peite de ouro; é o caso dunha que había na fonte da Lameira, en Fonfría (Fonsagrada). Parece que sentían alí arrolar un berce algunas veces. E dunha vez saíu a dona encantada. Foi o víspora de san Xoán. Estábase peiteando cun peite de ouro e neste pasou por alí un home. E foi ela e preguntóulle se lle gustaba máis ela ou o peite. E el díolle que o

peite. Entón ela tiróulle con el pra unha perna e quedou coxo pra toda a vida. Aquel se dixera que lle gustaba máis ela, descantábaa e traía un gran tesouro prá casa.

b) A dona pode aparecer asollando unha manta chea de ouro e de cousas preciosas. Así sucedeu en Fonte Ferra, San Cosme de Cusancas, onde certa muller encontró unha señora a carón dunha tenda de peites, medallas, etc., todo de ouro. A señora preguntóulle:

—A cómo as queres: a presas ou a cribazos?

—A cribazos.

—Pois vai buscá-la criba.

Foina buscar, mais cando volvéu con ela todo desaparecera.

c) A dona preséntase nunha figura calquera, polo xeral en forma humá e dá cita a un mozo pra que a vaia desencantar ó outro día. O día da cita preséntase en figura de serpe e o mozo ten que facé-lo que lle ela mande. Así sucedeu co encanto do Pazo de Vilamarín onde había unha dona que se sentaba ó sol pra se peitar. Un día díolle a un mozo que se a desencantaba íballe dar unha grande riqueza, mais tiña que ter moito tino, pois o desencanto somentes se podía intentar tres veces, e dunha xa se perdera. O mozo dixo que sí e ela advertíulle que precisaba moito valor. Volvéruse cobra e empezou a subir polo mozo arriba e el tiña que lle dar un bico, mais non foi capaz e a dona quedou encantada, non faltándolle xa máis ca unha vez.

d) Moitas veces o encanto non se desfái polo incumplimento dunha palabra. Esto foi o que aconteceu perto do pozo de Meimón, á banda de arriba da estrada de Ourense a Castrelo, onde hai un manancial de auga nunhas penas, chamado a fonte de Ana Manana. Un que iba segar a Castela atopou no camiño un señor moi luxoso que lle preguntou de onde era e se conocía o pozo Meimón. Como lle dixese que sí, o señor déulle un queixo de catro esquinhas e díolle que, se quería ser rico, ó chegar á

fonte indicada, chamase tres veces: «Ana Manana» e á terceira apareceríalle unha muller moi bonita e ben posta: el daríalle o queixo e ela daríalle a el parte dos tesouros que alí tiña gardados. Mais todo tiña que ser en segredo, sin que ninguén o soubese.

Volvéu o paisán á súa terra, mais antes de chegar ó pozo Meimón metéuse por un atallo cara á súa casa, pra ver á muller e más os fillos. E como as mulleres son tan sabichonas e a súa andaba «daquela maneira», déulle o antoxo de saber qué levaba o home nunha saqueta e nun descoido del abrífuna, viu o queixo e déulle unha dentada nunha esquina.

O home colléu o queixo sin se fixar, marchóu á fonte, chamóu tres veces «Ana Manana» e á terceira vez aparecéulle unha muller que semellaba unha rafña con cara de anxo, mais que viña enrabecada. Ó entregarlle o encargo, dixo ela:

—Sí, home, sí; fixéchela boa. Este é o cabalo que me había levar, pro foches primeiro á casa e a larpeira da túa muller coméulle unha pata.

Deixóu o queixo no chan e volvéuse un precioso cabalo branco, coxo dunha perna enteira. A muller dixo:

—Agora teño que quedar aquí encantada pra sempre, cos tesouros que tamén che habían tocar. Toma esta faixa de picote e ponlla á túa muller cando sexa pra dar a luz, que outra cousa non che pudo dar.

A dona desaparecέu e o home marchóu prá casa, mais no camiño desconfióu e ocurriúuselle probá-la faixa envolvéndoa nunha sobreira e a sobreira emprincipióu a arder, sin que quedara nada dela nin volvera a medrar máis.

VOCABULARIO

enrabexarse: *enfadarse*
arollar: *mecer una cuna*
asollar: *extender al sol*
presa: *puñado*
cobra: *culebra*

saqueta: *bolsa*
dentada: *dentellada*
larpeira: *golosa*
sobreira: *alcornoque*

GRUPOS CONSONÁNTICOS NOS CULTISMOS (II)

C) No caso do grupo latino *-cc-*, as palabras tradicionais do idioma tamén o simplificaron (*boca*, *buzo*, etc.). Nas palabras cultas temos que rexeitar todos aqueles casos en que os escritores modernos vocalizan o grupo en *-ic-*. É decir, son imposibles casos como *confeición*, *aición*, *calefaición*, etc., xa que a única vocalización *moi vulgar na lingua* (e por eso tamén rexeitable) é con *-u-*: *confeución*, *aución*, *calefaución*, etc. Na lingua literaria o millor e o que recomendamos é escribir xa simplificadamente *confección*, *ación*, *calefación*, *construcción*, etc.

D) Tampouco se pode aceptá-la vocalización nos grupos *-cn-* e *-bs-*. Quere esto decir que son absurdas formas como *téunica* ou *téunica* por *técnica*; *ausurdo*, *ausoluto*, *ausorto*, etc., en lugar dos normais e únicos possibles *absorto*, *absurdo*, *absoluto*, *ábside*, etc. O mesmo acontece con *obxeto*, *obxetividade*, *obxetivo*, etc.

E) Tamén lles ofrecen dificultades ós escritores os grupos *-gn-* e *-ns-*. Os cultismos non se poden someter ás leis fonéticas que operaron nas edades Antigua e Media. Por eso debemos esribir *inspirar*, *construir*, *institución*, *consciente*, *ignorante*, *ignorar*, *benigno*, *digno*, etc., e descartar formas como *siñificado*, *iñorar*, *iñorante*, *siño*, *ispirar*, *istante*, *cosciente*, etc., inventadas na época moderna. No caso de *-gn-*, xunto a casos más normais de conservación do grupo, a única forma posible en algúns casos é a palabra coa perda do elemento *-g-*, como en *sinal*, *sinalar*.

F) Outro grupo que dá traballo é o representado polo *-x-* latino (fonéticamente [ks]). Nas palabras que entraron na época arcaica chegouse á vocalización do *k*: *madeixa*, *eixo*, *meixela*, etc. Nas palabras modernas, a millor solución é representá-lo *x* como *s* (*esame*, *exacto*, *prósimo*, etc.) para evitá-la confusión co fonema galego representado por *x* (*roxo*, *xantar*, etc.) e tendo en conta que esa é a única pronuncia xeral. Totalmente arbitrarias e pseudo-

galegas son formas coma *próximo*, *aproisimar*, *aprousimar*, *eisaxerado*, *éxito*, *ensame*, *eisame*, *eixempro*, *eispricar*, *eisprasar*, *eisixir*, etc. Estas formas, insistimos, débense retirar da lingua.

G) Un grupo que dá lugar a moitas confusións é o formado por certas consonantes + *l*. As palabras chegadas por vía popular sufriron cambios especiales (latín *clavem* > *chave*, *planum* > *chan*, etc.). Pro as palabras cultas xa desde a Edade Media presentan alternancia entre a conservación do *-l-* e o cambio desta consonante en *-r-*. A tendencia vulgar é o cambio do *-l-* en *-r-*, pro nas palabras totalmente literarias debemos conservá-lo grupo orixinal. Así, debemos escribir *exemplo*, *esplicar*, *xerográfico*, *flamante*, *clemencia*, *clero*, *clima*, *clamar*, *clínica*, *clarín*, *flauta*, *flato*, *flecha*, *flema*, *fluxo*, *plano*, *globo*, *blasón*, *blondo*, *blasmar*, *público*, *clarisas*, *chiflador*, *replicar*, *problema*, *complexo*, *templo*, *amable*, *visible*, *aproveitable*, etc. Sóio se debe escribir *-r-* naqueles casos consagrados popularmente sin chegar a ser vulgarismos, como *cravo*, *fraco*, *prazo*, *preito*, *frol*, *prantar*, *prato*, *branco*, *cris*, etc.

Debemos rematar decindo que nos cultismos, polo xeral, hai que conservá-las grafías latinas, sin someté-la lingua a toda unha serie de deformacións idiomáticas que non teñen a sanción da fala popular.

EXERCICIOS

- Na seguinte lista de palabras hai algunas que non están correctamente escritas. Correxídeas.

| | | |
|------------|-----------|--------------|
| ausorber | astemio | abstención |
| aistración | agnóstico | auxiliar |
| asioma | coaxial | excepción |
| eshauxto | exprorar | esprorar |
| ficción | frexible | frutuar |
| Crimente | cresidra | coexistencia |

| | | |
|--------------|-----------|------------|
| cognoscitivo | cosciente | grobo |
| xerográfico | fragrante | flagrancia |
| grosario | ispección | istinto |
| eispresión | éxito | accesible |
| istalar | eisaltar | ouxetivo |
| siñificado | | |

II. Poñede en galego correcto as palabras que van en cursiva:

- Non quixo *eispricá-lo* desenrolo das *próximas eleucións*.
- Non *coñece* o *siñificado* desas palabras porque é un *iñorante* na materia.
- É un *repugnante* prá comida.
- A *calefaución* estaba *istalada* con tódalas *ténicas* modernas.
- Era *cosciente* de que había que *imprantar* unha nova modalidade de *eisames*, de acordo coas *eisixencias* das novas materias.
- Tivo moito *éxito* na *confeición* dun novo *pran* de traballo.
- É *ausolutamente* necesario *aituar* con *ouxetividade*.
- Resiñóuse* a non seguir loitando cun *probremo* tan *comprexo*.
- Non sexas tan *eisaxerado* coas túas *aicións*, que chegan a ser *ausuradas*.
- O *eixempro* que me deches non é *probabre* que lle produza *indiñación*.

III. Sustituíde o verbo *caer* por outro, de xeito que non se repita (por exemplo: *desaparecer*, *poñer*, *baixar*, *esbroarse*, *meter*, *cadar*, *rodar*, *non se dar conta*, *precipitarse*, *agradar*, *vir*, *tocar*, *sentar*, etc.):

- Co tempo ha caé-lo muro.
- Caéu polas escaleiras abaixo.
- O miñato caéu sobre do pito.

4. O sol xa está caendo.
5. Non cae na conta.
6. Caime mal a hora.
7. Caéulle coma un tiro.
8. Faustino cáeme ben.
9. Caéulle a lotería.
10. Caín nunha trampa
11. A porta cae á dreita según se entra.
12. Caéu a Monarquía e ven a República.

- IV. Redacción: Facede unha redacción sobre un tema de tesouros que conozades.
- V. Discusión: A nosa terra é rica en lendas de mouros e donas encantadas que gardan un tesouro. Discutide sobre esta creencia popular poñendo algúns exemplo conocido.

TESTO LITERARIO

Son varias as historias nas que os homes atopan tesouros axudados por animais, especialmente por galos e ratos. O canto do galo, como é sabido, mata ó basilisco, que é un gardador de ouro, asegún se le nas historias e nas fábulas do Preste Xoán das Indias.

Un home lera no «Ciprianillo» que na súa aldea había un tesouro, pro por moito que o buscaba non daba nel. Foi á Cruña e falou cunha adiviña famosa, que lle vendéu un galo roxo, decíndolle que fose con él ó monte e que o ceibase, e que o seguisse aonde o galo fose. O home ceibou o galo e andivo tras del polo monte. Chegaron a unha xesteira e o galo metéuse nela e púxose a escarabellar¹ hastra que fixo un buratiño, e alí comía algo. O home foi mirar e o galo estaba comendo pedriñas de ouro. Dera co tesouro. O home volvérá co galo prá casa e deixóuno na eira coas galiñas,

mentres almorzaba e collía un sacho pra ir cavar na xesteira. O galo comenzou a cantar:

—«¡Comín ouro! ¡Comín ouro!».

O home tivo que matá-lo galo, non o oísen os veciños.

Álvaro Cunqueiro: *Tesouros novos e vellos*

Ed. Galaxia, Vigo 1964, p. 77

NOTAS

¹ escarbar

MITOLOXIA POPULAR (II)

As orixes das donas encantadas remóntanse a crencias anteriores ó cristianismo e non foron afectadas pola chegada desta nova crencia. Naquela recuada época críase e, se cadra, dábase culto a outra serie de seres sobrenaturales semellantes ás donas. Destes eran, sin duda, os que hoxe chamamos o *trasno*, o *tardo* e o *diaño bulreiro*. Pro estes non se viron libres do influxo do cristianismo, pois hoxe considerámoslos en certo xeito emparentados cos demos infernales, mais non son demos maléficos coma os cristiáns. Son uns demiños menores que se contentan con facerlle á xente pequenas falcatrudas, pro sin chegar a males de consideración. Moita xente confunde as tres especies nunha soia e cólgalle toda clase de feitos. Outros diferencian as tres especies que dixemos, asegún a clase de falcatruada que nos faga. Imos velas.

O *trasno* é conocido tamén no resto de España polos nomes de *trasgo* e *duende* en castelán e *follet* en catalán. É unha sorte de diañío inofensivo e bulreiro, un enano riseiro de figura humá moi listo e lixeiro, cun puchón rubio. Tamén se pode presentar en figura de diversos animais: carneiro, can, cabra, gato, etc. Anda na casa e anda revolvendo todo, gastándolle bromas á xente, o más pesadas que pode, pro asegúrase que non fai máis ca pardadas e nunca fai mal. Así e todo ten ceito carácter endiañado, porque foxe do signo da cruz e más da auga bendita.

Moitas das veces que soa ou se aparece faino sóio co fin de poñer medo. Nunha ocasión véuselle-la noite encima a dous ca-

zadores e tivéronse que quedar a durmir nunha casa da serra. Ó apagaren a luz sentiron uns pasiños quedos dentro da habitación. E cada vez soaban máis. Acendían e non vían nada. Apagaban e volvíán a sentir aquello, e non sabían o que podía ser. Logo volveron os pasos más fortes e unha voz que decía: «Sonche pitos, Manuel». Manuel era ún dos cazadores. E así os estivo enganando toda a noite.

Unha das trasnadas más frecuentes é a de andar de noite batendo entre as cuncas e as cazolas da espeteira. Pro o pior costume que ten é o de se baixar lavá-lo traseiro no leite. Por eso non se debe deixar nunca destapado.

Todo o que dixemos faino de noite, pro tamén pode facer algunha trasnadiña polo día. Por exemplo, enguedellá-las miadas ou facer que desaparezan as cousas cando ún as ten mesmo diante de si. Neste último caso chámasselé ó *trasno* en algunas comarcas de Galicia o *sumicio*, porque parece que some as cousas.

Pra se librar do *trasno* hai os remedios que xa dixemos, que non son moi eficaces, porque, se non volve aquel mesmo día, volve pró outro. A más dos ditos, pódese seguir calquera destes dous sistemas:

a) Ou ben deixando de noite unha cunca de semente miuda (nabiña, liñaza, millo miudo, etc.) nun sitio por onde pase pra que tire con ela. Como así e todo quere deixá-las cousas como as atopa, ponse a apañá-la semente toda prá cunca. Pro esto nunca o pode dar feito, asegún úns, porque ten un burato en cada man e vólvenlle a caé-los graos por alí. Asegún outros, como quere apañalos todos e son tantos e están tan esparexidos, vense o día antes de que acabe. Outros din que é moi curioso, que quere contalos todos, pro non sabe contar máis ca hastra dez. De calquera xeito, o home vese aborrecido e vaise pra sempre.

b) Ou ben recurrindo a este outro metodo. Sábese que o *trasno* ten medo da luz e entón o que se fai é velalo de noite desde

tras dunha porta ou dun recanto calquera e cando pase por cabo dún, nun descoido, riparlle o puchío. Entón pedirá e chorará que llo devolvan antes de que chegue o día. Ese é o momento de lle sacar palabra de que non ha volver.

Pro moitas veces non hai xeito de se desfacer del. Cántase dunha muller que tan farta se viu das súas trasnadas que pillóu canto tiña e mudóuse de casa. Polo camiño atopóu un home coñocido e esplicóulle o que lle acontecía e el compadecéuse dela. Despois de se despediren, volvéuse o home a mirar prá muller e viu que na cesta que levaba na cabeza, moi enseñoreado, sentado no sarillo, iba o trasno que, asegún contan, rematóu de explicar: «Sí, imos de casa mudada».

O tardo confúndese moito co trasno, ó que se parece en que é pequeno, pro pesa máis. A teima deste é sentarse no peito dos que están durmindo e coa opresión del teñen congoxas e soños delirantes, ou sexa, pesadelos. *Pesadelo* chámanlle ó tardo en Portugal.

O diaño bulreiro é un diaño inofensivo coma o trasno, mestre tamén en enganos e pegotas: aparece de noite nos camiños e nos campos nas formas más diferentes; mete susto ás xentes, fai perdé-lo camiño ós camiñantes, entreténos, se cadra, unha noite enteira dando voltas arredor dun sitio conocido sin que dean con el; fai outras mil cousas de mil xeitos. Pode aparecer en figura de home ou de animal.

Unha vez iban dúas mulleres a un muíño deses que había antes nas aldeas, que eran uns muíños pequenos, as más das veces do común e moíase por quenda: un moía hoxe, outro mañá... O caso é que foran buscá-la molendaxe e viñan con cadansúa folicada e neste atoparon un roxelo. E dixo unha: «Ai ho, o cabrito éche de Fulano, pois haillo que levar». E pillóuno debaixo do brazo. Pro o cabrito, según o traía, cada vez pesaba máis. E non tivo case tempo nin de chegar ó pousadoiro onde tiñan por costume de pousar. Entón dixo: «Vouche pousar, por-

que pesa moito». E sóltase o cabrito a falar e di: «Pois pousame a xeito, que non me rompá-lo rabo». Entón di ela: «Xesús, arrenego do demo», e ó decir «Xesús», estoupóu o cabrito coma unha castaña.

Aparécense moito ós mozos que andan de ruada. Un que volvía de vé-la moza atopóu o camiño atrancado cunha pola e apartóuna. Pro un chisco máis adiante, volvéu a atopá-la mesma pola. E volvéuna a apartar. E así hastra sobre do día.

Se van varios mozos e teñen, por un casual, que atravesar un río, aparéceselle-lo diaño bulreiro en figura de besta. Entón monta ún pra pasar e di: «Aínda colle outro». E a besta vaise alargando. E di o segundo: «Aínda colle outro». E así hastra que montan todos. Cando van no medio do río, ó ver tanta xente nun cabalo soio, di un dos xinetes asustado: «Ai Xesús, nunca tal vin». E ó decir «Xesús» estoupa a besta e caen todos no río. E aínda bo é se non é de inverno.

VOCABULARIO

bulreiro: *travieso, burlón*

falcatruada: *travesura*

riscero: *risueño*

parvada: *bobada*

endiañado: *endemoniado, demoníaco*

espeteira: *espetera*

miada: *madeja*

nabiña: *nabina*

liñaza: *linaza*

descido: *descuido*

ripar: *quitar la baya al lino con la «ripa».*

fig. *arrebatar*

sarillo: *devanadera*

pegota: *broma*

molendaxe: *cantidad que se lleva a moler de cada vez*

folicada: *grano o harina contenido en un saco hecho de piel de cabra*

roxelo: *cordero o cabrito menor de un año*

FENÓMENOS DIFERENCIALISTAS (I)

1. O hipergaleguismo

A maioría dos galegos dominamos como segunda lingua o castelán ou, polo menos, entendémolo. O castelán, como é sabido,

é «irmán» xemelgo do galego: ambas falas proceden do latín e permanecen moi emparentadas. Esto fai que, inconscientemente ou non, cada galego sexa un gramático comparatista; é decir, que estableza correspondencias entre ambas linguas. Por exemplo, sabe que maioritariamente o sufijo castelán *-ero* se corresponde co galego *-eiro* (*lucero - lueiro*); sabe que o castelán *-m-* se corresponde co galego *-mb-* (*lomo - lombo*), etc. Pro non sempre estas regras son válidas. Hai veces que unha mesma forma é común ás dúas linguas (*pluma, casa, mesa*) e outras en que se dan varias correspondencias (por exemplo *faja - faixa* frente a *azada - eixada* e *paja - palla*). Pois ben, cando «galeguizamos» unha palabra que é común ó castelán e ó galego, adaptándoa a certas correspondencias conocidas, facemos un hipergaleguismo (outros chámalle «hiperenxebrismo», anque impropriamente).

Este afán de crear formas diferentes das castelás nace dun pulo diferencialista, pra recalcar ben que a nosa lingua ten unha persoalidade propia, independente do castelán. O afán diferencialista é lexítimo. Coidamos que pode mesmo axudar a manté-la pureza do galego. Pro non se pode safr dos límites do permitido, porque se pode caer en esceses que lle dan ó galego un feitío artificioso. Non debe de apurarnos, por outra parte, o feito de que haxa palabras idénticas en galego e en castelán. Case tódalas palabras cultas son idénticas en tódalas linguas romances. Palabras como *agricultura, espectador, progreso, militar* e moitismos outras son iguales, ou casemente iguales, en portugués, castelán, catalán, francés, italiano e ainda, ás veces, no inglés e noutras linguas non neolatinas. Sin embargo, ningún escritor trata de facer «hiperlusismos», «hipergalicismos», etc., anque tamén é verdade que estas linguas non teñen amenaza ningunha.

¿Cómo podemos fuxir do «hipergaleguismo»? Sinxelamente: acudindo ó dicionario. Sempre que teñamos unha duda comprobaremos antes de escribir.

Imos ver algún tipo de hipergaleguismo (sóio os que afectan

á fonética, que son os más frecuentes), tomados todos eles de obras galegas recentes.

| | correspondencia inductora | | castelán e galego | hipergale- guismo | étimo |
|-------------|--|---------------------|----------------------|---------------------------------------|-------------------------|
| -ié- | cast. (bien) | = gal. -é- (ben) | ambiente | ambente | lat. <i>ambientem</i> |
| -ué- | (hueso) | -ó- (oso) | consciente | conscente | lat. <i>conscientem</i> |
| -o- | (oro) | -ou- (ouro) | obediente | obedente | lat. <i>oboedientem</i> |
| | | | encuesta | encosta | lat. <i>inquaesita</i> |
| | | | opaco | oupaco | lat. <i>opacum</i> |
| | | | laborar | labourar | lat. <i>laborare</i> |
| | | | morado | mourado | lat. <i>moratum</i> |
| | | | adorar | adourar | lat. <i>adorare</i> |
| | | | rosado | rousado | lat. <i>rosatum</i> |
| -e- | <i>B DÍKOS</i> (vega) | -ei- (veiga) | paralelo | paraleilo | gr. <i>parallelos</i> |
| -n- | (rana) | -Ø- (ra) | imperativo | impeirativo | lat. <i>imperativum</i> |
| -l- | (palo) | -Ø- (pau) | zona | zoa | lat. <i>zonam</i> |
| | | | condenar | condear | lat. <i>condemnare</i> |
| | | | nacionales | <i>nacionaes,</i> <i>nacionais</i> | lat. <i>nationales</i> |
| -ñ- | (caña) | -n- (cana) | entraña | entranā | lat. <i>intranea</i> |
| | | | extrañar, | estránar | lat. <i>extraneare</i> |
| | | | estrañar | | |
| | | | desdeñar | desdenar | lat. <i>dedignari</i> |
| | | | montaña | montana | lat. <i>montanea</i> |
| -n- | <i>GOLÍOS > INDOS > INOS</i> (vino) | -ñ- (viño) | ruina | ruiña | lat. <i>ruinam</i> |
| | | | canoso | cañoso | lat. <i>canosum</i> |
| | | | indefinido | indefiñido | lat. <i>indefinitum</i> |
| | | | destino | destiño | lat. <i>destinum</i> |
| | | | dominar | domiñar | lat. <i>dominare</i> |
| | | | prevenir | preñeñir | lat. <i>praevenire</i> |
| | | | oficina | ofiçina | lat. <i>officinan</i> |

| correspondencia inductora | castelán e galego | hipergale- guismo | éntimo |
|---------------------------|----------------------|----------------------|--------------------------|
| -mbr- (<i>hombre</i>) | <i>esquina</i> | <i>esquiña</i> | ger. <i>skina</i> |
| -m- (<i>home</i>) | <i>permanecer</i> | <i>permañecer</i> | lat. <i>permanescere</i> |
| -mb- (<i>también</i>) | <i>sombra</i> | <i>soma</i> | lat. <i>umbram</i> |
| -m- (<i>tamén</i>) | <i>alfombra</i> | <i>alfoma</i> | ár. <i>al-húmra</i> |
| -ll- (<i>callar</i>) | <i>ámbito</i> | <i>ámeto</i> | lat. <i>ambitum</i> |
| -l- (<i>calar</i>) | <i>arrumbado</i> | <i>arromado</i> | cast. <i>arrumbado</i> |
| | <i>rumbo</i> | <i>rumo</i> | lat. <i>rombu</i> |
| | <i>brillar</i> | <i>brilar</i> | it. <i>brillare</i> |
| | <i>maravilla</i> | <i>maravila</i> | lat. <i>mirabilia</i> |
| | <i>estribillo</i> | <i>estribilo</i> | der. de <i>estribo</i> |
| | <i>billete</i> | <i>bilete</i> | fr. <i>billet</i> |
| | <i>trallazo</i> | <i>tralazo</i> | lat. <i>tragula+aceu</i> |
| | <i>orgulloso</i> | <i>orguloso</i> | ger. <i>*urgöli</i> |

EXERCICIOS

I. As seguintes frases levan certas palabras en cursiva. Todas elas son hipergaleguismos que debedes correxir poñendo a forma propia do galego:

1. Era unha *maravila* ver *brilá-lo* sol no medio das *ruiñas*.
2. *Determiñaron* ir á Cruña e mercaron un *bilete* pró tren.
3. *Estranáronse* moito de que non os *preveníran* da súa chegada, pro *finalmente* arranxaron todo.
4. Desde aquela *montana* podíase *domiñar* un *amplio* panorama. Querían *permanecer* alá algúns días pra vé-lo *ambiente* que se respiraba naquela *zoa*.
5. Era *concente* de que aquela *doitriña* non fora capaz de descubrí-la *entrana* do asunto tratado.

6. Naquela *esquiña* do *bosco* as arbres daban moita *soma*. No *hourizonte* víase o ceo *mourado*.
7. A *encosta* que fixeron levóunos por tódalas *montanas* e vales de Galicia.
8. Na *oficiña* estaban moi *orgullosos* da instalación: mesas, cadeiras, *alfomas*, etc., daban un *ambente* acolledor.
9. Era moi *irónico* e *orgulloso*. *Desdenaba* a todos e *condeaba* as cousas que facían os demás. Todo se tiña que *organizar* coa súa autoridade e consentimento.
10. O *impeirativo* e o *indefiniido* de algúns verbos son difíciles de conxugar.

II. Exercicio de léxico: sustituíde por un soio verbo o segmento entre barras, de xeito que non varíe o significado da frase:

1. No Ferrol /puxeron na auga/ un petroleiro.
2. Os pleiteantes non poideron /poñer acordo/ nos seus puntos de vista.
3. Van /poñer en circulación/ uns novos billetes de mil pesetas.
4. Teño que /poñer en orde/ os libros.
5. /Puxo en orde/ as pezas do televisor.
6. Eso /pon en peligro/ o creto da familia.
7. O ladrón /púxose nas mans/ da garda civil.
8. /Puxerono na cadea/.
9. Mañá /poñen en libertade/ ó Facundo.
10. O carpinteiro véunos /poñer sobre aviso/ do sucedido.
11. /Pon a chaqueta/ no colgador.
12. As patacas /pónense/ sempre a rego.
13. /Púxome medo/ tanto coche.
14. É millor /poñer/ día e hora.
15. /Ponte lonxe/ que van estalá-los barrenos.

TESTO LITERARIO

Unha vez iban dúas veciñas a cabalo das súas bestas prá feira de Betanzos, e saíran moi de mañanciña da casa, e ó pasaren unha ponte no camiño, viron dúas ovelliñas brancas, moi feitiñas, na beira do río.

—¿De quén serán? —dixo unha das mulleres.

—No rueiro ninguén as ten —respondéulle a outra—, e na aldea de riba tampouco sei quen as teña. ¡E tan branquiñas como elas son, tan bonitiñas! Non che sei, pro quedariánlle a algúñ lata-rego¹ ou a un veciño de outra parroquia que pasóu camiño da feira.

—E máis pode ser —dixo a primeira das mulleres—, mais se foi así xa o atoparemos de camiño. E colléu cada unha súa ovelliña no colo e, como eran tan noviñas e estaban a tremer coa friaxe da mañá, sin se decir nada entre elas, cada unha envolvéu a súa no mantón que levaba.

Ó pouco xa non falaron máis das ovellas. Eran outras as súas falas: das cousas da aldea, dos trafegos da vida... E cando iban chegando a un muíño, unha das dúas mulleres sentiu necesidade de se baixar da besta e pedíulle á compañoira de parar un pouco. Daquela a outra tamén quixo baixar e dixo:

—¿Sabes que tamén eu sinto o mesmo, aínda que antes de saír da casa...?

—Coma min —respondéu a primeira. E baixaron entrabbas das bestas, pé dun cómaro², dispostas a pousar no chan as ovelliñas, que xa esquenceran, tan caladiñas e quedas que elas iban, envolveitas na manta da besta. Pro a da primeira muller, que era a máis feituquiña das dúas, rompéu a falar cal se fose un meniño, de falar mimoso:

—Póusame pexa³, non me córte-la mexa.

E botaron a corrél-as dúas xuntas brincando e beando⁴ rebuldeiras⁵ cal os pícaros de xolda⁶.

Cando as dúas mulleres sorpresas volveron ó seu sentido, viron as dúas ovelliñas brancas empoleiradas⁷ nas altas polas dunha cañota a rir ás gargalladas, moqueándose:

—Cucurucú, as nenas das bestas quentáronno-lo cú.

Era o trasno, pois pra el aínda as vellas más vellas son nenas sempre, que el xa vivía antes de que fose o mundo.

Recollido por L. Carré Alvarellos en *Contos populares da Galiza*
Ed. Museu de Etnografía e História, Porto, p. 312

NOTAS

¹ chalán

⁴ balando

² promontorio que marca la separación entre dos fincas

⁵ retozonas, juguetonas

³ palabra sin significado exigida por la rima

⁶ diversión, jarana

⁷ encaramadas

MENCIÑA POPULAR

Todos sabémo-lo trauma que supón unha enfermedade na mente do que a padece e áinda na das persoas achegadas. Interpretase como a descompostura dunha peza no mecanismo humán que, de non lle dar co remedio axeitado, pode levar á destrución do corpo que a sofre. A lercia deste terrible desenlace pon ó home, áinda ó cristián, nunha situación menesterosa e anguriante que o leva á busca desesperada dun valedor. Desto dedúcese que, automáticamente, o enfermo do corpo sofre dúas lesións: a física e a síquica. A inversa tamén adoita ser verdade: un desequilibrio mental pode perturbá-lo no funcionamento do corpo.

Hoxe, nunha situación anómala deste tipo, temos por costume de acudir ó médico e áinda moitas veces sin que a enfermedade se presente: cada vez é máis a xente que se somete ós «chequeos» periódicos, o que quere decir que a anguria da enfermedade está presente áinda nos virtualmente sans. Pro hastra hai pouco, en tempos en que a menciña non acadara madurez científica abondo e, por ende, eficacia e creto, o recurso de ir ó médico traía pouco conforto, as máis das veces, ó menesteroso de cura: dunha que xa había poucos que practicasen a menciña e de outra que non tiñan a técnica e os conocementos necesarios pra diagnosticar e poñer remedio. Así se esplica a esistencia de persoaxes tan populares coma o *menciñeiro*, poseedor dunha ciencia empírica eficaz sin que el mesmo soubese por qué, e os meigos (incluímos nesta denominación tanto os chamados propiamente meigos coma as

naipeiras, sacamadeiras, sabedores, entendidos e xente da mesma casta), que recurrían nin más nin menos que á maxia pra curaren.

Moitos médicos científicos de fin de século e áinda posteriores despreciaron esta menciña por vulgar e bárbara. Non se decataban do alto poder de suxestión que tiñan os bos menciñeiros e os meigos de boa fe. ¡Se ergueran cabeza e viran un médico moderno facendo unha sesión de sicoanálisis ou logoterapia!

A técnica do menciñeiro é relativamente variada. Primeiramente estudia ó enfermo apaxándoo, observándolle a respiración, o pulso, a voz, o estado físico en xeral. Todo eso moi de vagariño e cabiloso. Unha vez conseguido un diagnóstico, propón unha terapia axeitada. É de notar que antes recurrían con moita frecuencia á sangría, por eso andaban sempre equipados cun xogo de lancetas. Valíanse tamén de fregas de unto, cocementos de distintas herbas, lenzos enchoupados en viño, medidas pra evitá-lo frío ou a calor: quitar ou poñer cobertores na cama, asegún o caso; unha dieta axeitada, unha postura determinada de se deitar, etc., etc. E, amáis desto, procurando que o enfermo alonxase da cabeza a cisma que nela tiña metida por mor da enfermedade. Moitas veces as dotes intuitivas e persuasivas do curandeiro acababan dando resultados positivos.

Se a técnica do menciñeiro asentaba tanto na terapia física coma na síquica, a das meigas asenta esclusivamente na suxestión que produce no enfermo o uso de certos ritos e palabras máxicas. Tamén o meigo necesita dun diagnóstico previo, cousa que resulta case sempre sinxela: tódalas enfermedades síquicas (histerismo, neurastenia, tolemia, etc.) son agrupadas xenéricamente como *meigallo*; as da pel (mor ardente, rosas, eczemas, etc.) como *cipela*; as dos ollos como *belidas*; as do estómago e estados anémicos como *caída da espiñela*. Algunhas poucas teñen nomes específicos: *lombrigas*, *tirizós*, *nacidas*, etc. Cando hai algún caso que se resiste ó diagnóstico apónselle o cómodo nome de *meigallo* ou *mal do aire*.

Pra atallá-las enfermedades (especialmente o *mal do aire* ou *o meigallo*) o millor que hai é curarse en saúde apelando a certas medidas profilácticas, como levar figas, escapularios, un cuchiño de alicorno ou, no seu defecto, un corno de vacaloura; e tamén cubelas, dentes de allo; ou simplemente apartándose de certos animais, como da gata preñada, do sapo, da píntega; ou de certas persoas que son capaces de trasmití-lo mal de ollo. E áinda de algún outro xeito.

Pro unha vez que o mal está collido non queda outro remedio senon acudir ó meigo pra que corte, talle ou coute, que dos tres xeitos se di, o mal. O enfermo é levado a un lugar estratéxico: unha encrucillada, un cruceiro, un monte de onde se enxergue o mar, unha ponte por onde pasase un bispo, etc. E se non hai outro remedio, no mesmo domicilio do paciente, a determinadas horas: na lareira, ó solpor, por exemplo.

Nesto radica a maxia do escenario. Despois ven a preparación da menciña. A menciña pode estar composta por cinza, por auga dunha fonte preal, por garabullos de bieiteiro, por pallas, por graos de trigo, orxo ou centeo, por ortigas, etc., etc. As veces, mesmo por varias cousas misturadas. Neste caso, cando hai que esmagalas —ou sinxelamente pousalas— débese facer nun prato de freixo ou nun cacharro de barro virxe, etc. Lonxe do que poíderamos agardar, todos estes preparados non son pra inxerir, senon pra cruzar, untar ou mesmo queimar. Eis outro elemento máxico.

Finalmente, ven a aplicación ritual da menciña. Tamén neste caso os procedementos son moi variados, porque cada enfermedade ten un tratamento especial. Como norma xeral podemos decir que non falta nunca certa oración máxica, que se repite durante nove veces (ou tres ou cinco ou sete ou, millor áinda, nove veces nove) ó tempo que se manipula por riba da parte lesionada. Case sempre a oración acaba coa invocación: «Poi la gracia de Dios y la Virgen María, un Padrenuestro y un Avemaría». O más ilus-

trativo será que rematemos cun exemplo. É o que vale pra curá-lo *coxo*. Prepáranse nove fachuciños de centeo, cada ún de nove espigas, pónense enriba do coxo ún por ún e vérquese por riba de cada fachuzo que se aplica un garfelado de auga fervida con cinza. O mesmo tempo vaise rezando esta oración con cada ún hastra que se andan todos:

Coxo rebillar,
¿qué viñeches catar?:
cinza do meu lar
que che hei de botar.
Se es de cobra,
vaite á cova;
se es de sapo,
vaite ó burato;
se es de sapagueira,
vaite á paleira.

Pola gracia de Dios e da Virxe María,
este coxo pasaría.

Todo esto pódemos causar risa e desconfianza da eficacia desta menciña primitiva. E, se cadra, áinda nos parece que somos más felices por eso. Pro téñense dado moitos casos de *curacións milagreiras*, asegún din os sabios da menciña científica. ¡Como se curarse por procedementos non científicos fora malo!

VOCABULARIO

- lencia: miedo
anguria: angustia
creto: crédito
naipeira: echadora de cartas
sacamadeiras: especie de hechicera, curandera
apaxar: palpar
frega: friega

- enchoupado: mojado, rociado
cisma: cavilación, manía, idea fija
tolema: locura
meigallo: hechizo
cipela: erisipela
belida: glaucoma
espiñela: paletilla
nacida: carbunclo

figa: *higa*
alicorno: *unicornio*
cubela: *relicario de plata*
coutar: *detener*
encrucillada: *encontrada*
cinza: *ceniza*
preal: *perenne*

bicidenteiro: *saúco*
orxo: *cebada*
eis: *he ahí*
garfelado: *cazo*
sapagucira: *forma dialectal de «píntega»*
paleira: *agujero debajo de una piedra*

FENÓMENOS DIFERENCIALISTAS (II)

2. O arcaísmo

Os primeiros escritores da Renacencia desconocían que na época medieval a nosa lingua tivese un cultivo literario ou administrativo. Na concuencia deles o galego era un dialecto do castelán e non unha lingua paralela á da veciña Castela. Pro non se tardó en descubrir que o que estaba acontecendo co galego era un renacer (e non un nacer) ó cultivo literario. Nos derradeiros anos do século pasado e no empezo deste, fóreronse dando a luz diferentes pezas literarias ou documentos notariales en galego antigo. Entón os escritores adquiriron concencia da personalidade do galego e quixeron depurá-la súa lingua substituíndo formas correntes, idénticas ou parecidas ás castelás, polas formas medievais. Foi esta unha tendencia moi acusada entre varios escritores intelectuais do primeiro tercio deste século. Hoxe non é que estoxémo-lo arcaísmo. Ben dosificado é hastra necesario e elegante. Agora ben, o abuso do arcaísmo (ás veces mesmo hiperarcaísmo) convirte a lingua nun ridículo producto artificial. A estes arcaísmos abusivos é ó que nos referimos no que sigue.

Os arcaísmos afectan algunas veces á fonética. Son flagrantes os que aparecen en algúns verbos ou derivados verbales, tales como *nascer*, *aparecer*, *merescer*, *acrescentar*, *frorescer*, *remanescer*, etc., no sitio de *nacer*, *aparecer*, etc., que son auténticamente galegos.

Debemos facer constar que os que intentan restaurar este arcaísmo cometan por ignorancia un doble erro: ún, o de crer que *nacer*, etc., non son palabras galegas: outro, o de pensaren que o grupo gráfico medieval *-sc-* se pronunciaba distinto de *-c-*: nos dous casos a pronuncia era [ts]. A ortografía *-sc-* era simplemente un disfraz etimolóxico (según o latín *-sc-*), ou ben analóxico dos casos en que *-sc-* iba seguido por *-o*, *-a* na conxugación dun verbo. Así, conforme a *coñosco*, *coñosca* (pronunciados [koñosko, koñoska]) iban *coñoscés* (conservado o grupo *-sc-* anque pronunciado [ts] [koñotses]). Este sería, xa que logo, un caso de hiperarcaísmo, pois vai más alá do propio arcaísmo.

Pro aínda hai máis. Hai veces que o desenfado dos escritores ultrapasa mesmo os límites do arcaísmo ortográfico, restaurando palabras que nin siquera na época medieval se ortografiaron como eles queren. Así acontece con *resibir* ou *luscente*, que nin en galego arcaico nin en latín tiveron nunca o grupo *-sc-*. Palabras deste tipo son, en realidade, doblemente hiperarcaísmos.

Outras veces, o arcaísmo afecta á morfoloxía. Moi frecuente é, por exemplo, o uso de determinados sufixos, tales como *-zo*, *-za* no canto de *-cio*, *-cia*, galegos anque cultos: *espazo*, *artifizo*, *xuizo*, *Galiza*, *importanza*, *provinza*, *circunferenza* e outras palabras coma elas atópanse ás moreas en testos modernos; *-zón* en lugar de *-ción*: *seizón*, *afirmazón*, *nazón*, *coroazón*, *canzón*, *atenzón* e outras polo estilo tampouco escasean, chegando a haber diccionarios que adoptan esta terminación como a propia do galego. Tamén é arcaísmo morfolóxico o imperfecto *ía*, *ías*, etc., que usan moitos por *iba*, *ibas*, etc.

Na sintaxis tamén se poden denunciar algúns arcaísmos que quizáis hoxe aparezan na fala viva en áreas moi pequenas. Referímonos especialmente ó que toca á colocación dos pronomes persoais. Frases como *ela se non afacía a aquela vida* son abondosas na literatura moderna. É este, ó noso ver, un dos arcaísmos, ou sexa, diferencialismos, más censurables, porque, se hai puntos

en que o castelán e o galego son diferentes, o da colocación dos pronomes non é o que menos.

Poderíamos considerar como arcaísmo sintáctico e lusismo a desconración da preposición e o artigo masculino *ao*, *aos*, *pra o*, *pra os* en lugar dos actuales e auténticos *ó*, *ós*, *pró*, *prós*.

Finalmente, tampouco o léxico está libre de arcaísmos. Neste terreo son frecuentes abondo, maiormente nos escritores familiarizados con testos medievales. Vede uns poucos: *ren* «cousa», «nada»; *tíduo* «título»; *testemoia* «testimonio»; *espádoa* «hombreiro»; *capíduo, cabido* «capítulo»; *caloña* «calumnia»; *moimento* «monumento»; *cor* «corazón»; *door* «dor»; *coor* «cor»; *estoria, lígoa, légoa, vertude, trebuto*, etc. *vegada*

Este último tipo de arcaísmos, os léxicos (**non** os exemplos que vimos de dar), son os únicos tolerables e, ás veces, necesarios ó noso ver.

EXERCICIOS

I. Nas seguintes frases hai moitas palabras e frases en cursiva que son arcaísmos. Sustituídeas polas galegas modernas correspondentes:

1. *Nascéu* nunha *provinza* moi fermosa pola súa *estoria*.
2. O *tíduo* do traballo era «*Introduzón ao estudo da estoria da Galiza*».
3. Sinto moita *door* por *lle non* ter dedicado máis *espazo* á *investigazón* dos *moimentos*.
4. Perdera xa a *coor* de tanto usalo.
5. *Parésceme* que non tes razón en falar así do *xuízo*.
6. Aínda hai que andar unha *légoa* pra chegar a aquel *logar*.
7. O *capíduo* quinto do libro trata da *vertude*.
8. Non *acontescéu ren* do que dixerón.
9. El *se non* quixo acordar da *nazón* onde *nascera*.

10. As cousas *ían* mal con tantos *trebutos* que *empoñían*.
11. *Lles non* daba *importanza* ás *canzóns* do pobo.
12. Xa *se non* podía mover.

II. No seguinte testo de García Sabell puxemos deliberadamente algúns arcaísmos e falsas formas galegas. Correxídeas.

Xa temos ó noso home galego frente por frente da *doenza*. Xa o temos aprestado á liorta ou disposto ó sometemento. *Incruso* é *probabel* que acuda a nós xa un pouco canso, xa unha migia *deceizado* da súa *inizal aititude*. Agora quere, sinxelamente, esto: saber cál é, qué é a enfermedade que *padesce*. Precisamente saber cómo se chama a *doenza* que o *ateaza*, qué nome ten. O médico vaille revelar un nome, un *estrano* nome que *ele*, o paisán, naturalmente non entende. Pode entendé-la esquemática *espricazón* que o curador dea da fisiopatoloxía do mal en cuestión —da *secuencia* e mecánica do *acontecer* morboso—. *Iso gosta muito* e convence ó paisán. Pro *lle non* basta. Hai que *engadí-lo* nome *esaito*, esto é, científico —e pra *ele ausolutamente igoal* á *doenza efectiva*—. E se *ele*, o doente, *coñesce* o nome da súa *doenza*, *coñesce*, fatalmente, o ser da mesma. Pra *ele* é *isto* tan decisivo que, moitas *vegadas*, impórtalle máis tal vocablo ou restras de vocablos, *que o proprio* e adecuado tratamento da realidade á que o vocablo alude.

(*Ensaios*, p. 70)

III. Redacción: Contade algunha experiencia que teñades de menciña popular: algunha cura caseira que vos fixeran ou que vírades facer.

IV. Discusión: O tema dos menciñeiro e curandeiros está moi vivo na nosa terra. Aínda hoxe viven moitos que se dedican a curar ós enfermos. Falade deste tema.

TESTO LITERARIO

O noso paisán cre, de entrada —suliñemos¹ esto, *de entrada*— que a enfermedade é algo residente fóra do corpo no que se mete e alí reina a favor de certas debilidades orgánicas ou espirituais nunca ben definitivamente conocidas. A enfermedade ten, pra el, ser aparte do home, esistencia anterior ó home, cis persoal, autonomía vital. Como se dixéramos, a enfermedade non precisa do home pra vivir na obxetividade. (...) Esta idea do noso paisán, que nun tempo foi tamén idea científica, é unha pervivencia de crencias que se dan en mentalidades moi apegadas ó inxenuo e primario. Como tal pervivencia pódese atopar, e de feito atópase, en calquera pobo por civilizado e supertécnico que sexa, e áinda na criatura máis requintada, en canto se rabuña na codia cultural que a conforma e a protexe. Por eso as tres orixinarias actitudes galegas caben da doencia —repulsa, entrega e comunicación— son actitudes frente a un enemigo, frente a un estranho. O doente sabe que foi atacado e sabe que está invadido. Hastra ahí chega e desde ahí toma posición. Máis alá non hai problema. O problema está, xustamente, en desbotar a ese enemigo, ou en ofrecerse a el aberta e sofregamente² pra, quizás de tal xeito, calmá-la súa furia homicida. Ou en pacto con el. Cara ó concepto primario témo-la reacción primaria. O que unha ou outra resulten más frecuentes ou que as tres se misturen en rede indiscernible, eso xa é cousa da típica sicoloxía de cada individuo. Tomados en conxunto, como colectivididade, os nosos tenden más á loita có vencemento. Con todo, nin unha nin outra cousa son o final, —áinda que sexa unha etapa necesaria— da vivencia galega da enfermedade. *No meu sentir, a radical vivencia galega da enfermedade está na comunicación.*

D. García Sabell, *Ensaios*, I
Ed. Galaxia, Vigo 1963, pp. 68-69

NOTAS

¹ subrayemos

² humildemente



«Sentábase a carón do doente, montaba una perna sober da outra, sacaba a cachimba, verquiá tabaco, cebaba ós poucos e con moito taco de pulgar, e por fin botaba unha grande nubarada de fume. Estaba unha hora cumprida cabío do doente, fumando, falando de cousas de ir e vir, do tempo que corría e más de xente allea. Púñalle a man dreita na caluga ó doente e faguialle cuspir.»

(CUNQUEIRO: *Escola de menciñeiros*. Grabado de RIBAS, ibidem)



«Pra tocá-la gaita compren más folgos que pra tocá-la guitarra»

(Grabado en linóleum de X. PRADA)

A MÚSICA

A canción é unha das manifestacións más puras da alma dun pobo. A canción acompaña á xente desde nace: é o canto de berce o primeiro acento garimoso que nos arrolla pra dormir. Logo son os xogos infantiles, os cantos de oficio e amor, as diversións familiares, o fondo sentir da terra, as tarefas agrícolas, as festas relixiosas...

Os cantos populares nacen dun conxunto estranxo de circunstancias que concurren pra dar persoalidade especial ás ritmos, ás melodías, ás armonías, que son alma e forma daquelas creacións. Ninguén sabe quén creou a canción popular. En todo caso é o pobo mesmo o que dá vida ás súas cancións.

A música popular galega ten unha rica e variada amostra expresiva. O máis típico e difundido dos seus cantares representan a alborada, o alalá, as muiñeiras, as pandeiradas... Hai quien considera o alalá como o canto máis característico galego, o máis antigo e o que conserva con máis pureza a execución tradicional. Hoxe, fuxindo da civilización moderna, buscóu refluxio na montaña, no máis agachado das altas serras. Trátase dunha melodía curta, que case sempre repite o pensamento melódico dentro da mesma estrofa. O ritmo é libre, simple, cheo de sentimento, de vaguedade. É preciso oílo na soledade e no misterio do serán, rompendo o silencio dos nosos campos, pra comprender toda a súa beleza e grandiosidade.

A alborada é unha canción melancólica e solemne, nos solerminos mencerios da paisaxe galega. Algo así como unha especie de himno ó sol nacente. Tamén ten unha tendencia marcada ó ritmo libre, pro nesta melodía, como en moitas outras, foi influindo pouco e pouco o sentimento do ritmo uniforme que rixe a música moderna.

O canto da muiñeira ten, na nosa terra, unha xenuinidade, unha forza de expresión singular. É un canto de carácter vivo, ledo, de métrica moi antoxadiza, que xa se conocía na época medieval.

Outra forma estrófica que distingue a canción popular galega é o terceto; vulgarmente chámase canto de pandeiro ou pandeirada. É, sin duda, o que millor conserva a persoalidade orixinal. Estes tercetos préstanse perfectamente pra acompañá-lo baile, ó compás do pandeiro e das cunchas.

As cantigas que canta o pobo ofrecen unha maravillosa variedade. Hainas como as de «espadelada», que sirven pra soster, coa música, o ritmo de traballo das espadeladeiras. Outras, como as de «arrolo», sirven pra adormentar ás nenes, coa súa melopea monótona. Outras teñen un valor ceremonial e de rito: as de Reis e Aninovo, que presentan ritmo libre. Outras cantigas corresponden ás diferentes festas do ano: Entroido, San Xoán, Nadal, Maios...

Hai tamén cantigas de romaría, que se cantan no camiño prás festas. Son famosas as referentes a San Andrés de Teixido. Sin esquencé-las cantigas de cego, pra pedir esmola, as cantigas de arada, de vendima, de arrieiro, de sega, de malla, moitas delas xa perdidas. As da malla tiñan moito feitizo. O centeo espallábase pola eira e mazábase co manlle. Os aldeáns, situados en dúas ringleiras, facían soá-lo golpe unánime de cada unha cun ritmo vigoroso e insistente.

Das cantigas de divertimento xa falamos antes. Algunhas son pra bailar (muiñeiras, ribeiranas, fandangos, carballesas e moitas

vezes as pandeiradas), outras son pra cantar (cantigas de regueifa e desafío, alboradas, alalás e foliadas). Na regueifa dispútase, polo xeral, unha fogaza de pan moi enfeitizada. Dous bandos, ún de mozos e outro de mozas, fan a porfía dela con cantares improvisados. A «regueifa» é un pan que xa se facía no século XIV. Semellante a ela é a «enchoiada».

Dentro das modalidades da nosa música popular xoga un papel importante o aturuxo. O aturuxo é un berro agudo, estraño, que soa cun eco particular nos recunchos dos nosos eidos. Bótase, polo regular, ó final das cancións e de modo especial cando escomenza a volta das romaría e diversíóns.

Pódese decir que na entraña viva do país galego perdura áinda a esencia xenuina das súas cancións. O feixe lírico de numerosos e fermosos cantos irradia áinda pola escena celmosa da nosa paisaxe. No medio dela, mentres os ollos acougan nos verdes frescos, escóítase a voz transparente que derrama nos ventos delicadas tonalidades. E nas horas melancólicas do serán, nunca se deixóu de oí-la nota saudosa do alalá. A cantiga que é coma a alma desta terra, coma a esencia da súa paisaxe.

* * *

Dos instrumentos musicales, o máis representativo é a gaita, que pode ser de tres clases fundamentais: grileira, redonda e tombal. A gaita grileira emite un son duro, grileiro, en tono de «re». Quizáis sexa a más primitiva e a más xeneralizada. A redonda ten xa tono de «do» e a gaita tombal de «si bemol»; esta derradeira é a más solemne e tristeira, a más chea e sonora. As pezas da gaita son o fol, o punteiro, o roncón, o ronquillo e o sopro, que sirve pra inchá-lo fol. O punteiro é a parte esencial, pois nel prodúcense os puntos ou sons e o roncón fai o papel de baixo.

Tamén importantes foron a zanfoña, o pandeiro e as ferreñas. A zanfoña é xa moi rara, pro en outros tempos foi moi popular e

acompañaba os cantos de cego. Está representada no Pórtico da Gloria de Santiago e debe ser un instrumento moi vello. O pandeiro cobra un simbolismo manifesto na historia popular da música galega. Pouco e pouco foi fuxindo cara a montaña. Fórmao un marco de madeira, biselado por fóra; por dentro está escavado polos catro lados pra colocá-los axóuxeres. Dun lado ó outro vai unha corda de tripa ou un cordel. Complétase cunha pel de cabra, que vai revestindo todo o anterior. O pandeiro tócase colocándoo sobre o peito e sosténdoo cos dous brazos, deixando libres as mans pra bater nel. Finalmente, as ferreñas son pandeiretas sin pel, que producen máis barullo cós pandeiros.

Nesta evocación da música galega, que facemos seguindo a Fernández del Riego, non se pode deixar de falar do traxe rexional, xa desaparecido. Cada rexión tiña o seu: as Mariñas, a Montaña, Carballiño... Eran múltiples as variedades e a policromía do conxunto.

VOCABULARIO

| | |
|---|---|
| tarefa: <i>tarea</i> | regueifa: <i>pan de boda, desafío en coplas improvisadas</i> |
| solermino: <i>apacible, tranquilo</i> | enfeitizada: <i>hermoseada, adornada</i> |
| mencer: <i>variante de «amañecer»</i> | enchoiada: <i>desafío en coplas improvisadas</i> |
| espadelada: <i>acción de «espadelar», <i>ma-</i>cerar el lino</i> | celmosa: <i>íntima</i> |
| esmola: <i>limosna</i> | ronquillo: <i>roncón corto que emite la nota una octava más alta que el roncón normal</i> |
| espallar: <i>esparrir</i> | soprete: <i>boquilla por donde se infla el «fol»</i> |
| manlle: <i>mayal</i> | zanfoña: <i>zanfonía</i> |
| ribeirana: <i>jota típica del Ribeiro</i> | |
| carballesa: <i>muñeira típica de Carballo</i> | |

FENÓMENOS DIFERENCIALISTAS (III)

3. O vulgarismo

Tamén hai escritores que pra destacá-la persoalidade do galego diante do castelán recuren ó abuso do vulgarismo. É un recurso

propio de escritores de poucas letras do que botan man en ocasión hastra os escritores más cultos. Parécenos que este é un dos diferencialismos que más perxuicio lle causan á nosa fala pois desennoblécenla, rebáixana a fala de paletos. ¿Qué pensaríamos se atopássemos un libro castelán serio inzado de palabras como *catedral, Grabiel, arradio, dicicleta, haiga, civil, escrebir*, etc., ou frases como *me se olvidó, la di un tortazo*, etc.? Pois nos libros galegos modernos tachas deste tipo abundan ás moreas. E por se non chegaran os vulgarismos, que xa hai de seu na lingua falada (que afectan, por certo, sóio a individuos e non á colectividade toda), ainda crean outros innecesarios, como veremos máis abaixo.

Non queremos decir que non se poida botar man do vulgarismo. Ó contrario. Pode rendir servicios estilísticos moi notables cando intentamos reflexá-la fala popular na boca dun persoaxe. En outros casos, os efectos do vulgarismo son negativos.

Os vulgarismos afectan case sempre á fonética. Imos ver, daquela, os tipos más frecuentes:

a) Ás veces, o vulgarismo consiste no cambio do timbre dunha vocal por mor dunha disimilación; é decir, pra diferenciar dúas vocais que son idénticas ou semellantes, así: *fertuna, profundo, romedio, soprar, marmurar, sagredo, rivés, romendo, romendar, somellar, somana, documento*, etc. A disimilación tamén pode afectar ás consonantes mudándolle-lo punto de articulación ou eliminándoas: é o que ocorre con *celebro* «cerebro», *madastra*, *padrasto*, etc.

b) Outras veces, cambéase o timbre dunha vocal polo procedemento contrario; é decir, pola asimilación, facendo semellantes ou reducindo a ún soio dous sons que son distintos. Así *polmonía, anamorado, rabaliza, condanado, mamoria, descreto, polota, custión*, etc. Na asimilación de consonantes o frecuente é a eliminación dunha delas: *solene, istante, costar, ispirar, oservar, caturar*, etc.

c) Nas palabras esdrúxulas patrimoniais, a vocal que vai tras do acento ten sempre un timbre medio ou aberto (*e, o, a*:

lóstrego, víspora, cágado). Pro hai palabras que non son patrimoniales; é decir, que entraron en época recente na fala, e a estas hainas que deixar tal como son, anque teñan *-i-, -u-* como vocales postónicas. Moitos non fan caso desto e afean os escritos con palabras como *páledo*, *ámbeto*, *íntemo*, *góteco*, *xermáneco*, *múseca*, *místeca*, *crítica*, *lágrema*, *méreto*, *ánema*, *íneco*, *último*, *cálculo*, *círculo* e moreas más. Ás veces esta alteración do timbre afecta a outras vocales, amais das postónicas; así *particular*, *descobrir*, *enforme*, *locir*, *relocir*, *quezáis*, *nengún*, *homilde*, *soceder*, *moño*, *roído*, *asobiar*, *asobío*, *logar*, *vertude*, *cobrir*, *moller*, etc. Tamén se deben eliminar formas como *xiada*, *xiar*, *peor*, *mellor*, *sofrimento*, *relocinte*, *fochanca*, etc.

d) Hai veces que o vulgarismo consiste en que se engade un sonido a unha palabra ou ben polo principio (prótesis) ou ben no medio (epéntesis) ou ben no final (paragoxe). Deste tipo son prótesis como *arradio*, *amoto*, *asoparar*, *arremangar*, *arrecuar*, *apousar*, *apillar*, etc.; epéntesis como *advertir* «advertisir», *ademitir*, *estabelecer*, *adequirir*, *ademirar*, *nadia*, etc.; paragoxes como *papae*, *eue*, *Marinhe*, etc.

e) Hai casos en que o vulgarismo consiste no contrario, ou sexa, na eliminación dun sonido polo principio dunha palabra (aféresis) ou no medio (síncopa) ou no final (apócope). A que máis se dá das tres é, con moito, a segunda. Casos de síncopa son, por exemplo, *desesprado*, *esperimentar*, *esprito*, *espranza*, *párcheme*, *espiritual*, *difrente*, *intresar*, entre outros.

f) Abundan tamén os vulgarismos consistentes en que dous fonemas trocan de posición, fenómeno que en términos lingüísticos se chama metátesis. Son casos de metátesis, por exemplo, *esquivbir*, *atromentar*, *frabicar*, *descudiar*, *fédago*, *perguntar*, *perdicar*, *perguiza*, *percisar*, etc.

g) Hai algúns casos nos que o vulgarismo é sóio gráfico, pois nin reflexa a fala vulgar tan siquera. Deste tipo son grafías tan inxustificadas como as que siguen: *igoal*, *coarto*, *Manoel*, *língoa*,

agoantar, *consecoente*, *goapas*, *supersticeón*, *anulaceón*, *sensaceón*, *mistéreo*, *rábea*, *contrebuceón*, *síteo*, *hestórea*, *médeo*, *códea*, *fémia*, *ínsoa*, *soave*, e moreas más.

h) Abundan hoxe os escritos que utilizan unha forma vulgar eliminando a sílaba final *-de* en palabras como *salú*, *virtú*, *bondá*, *soedá*, etc. Hai que tratar de que non chegue esto á literatura, debéndose escribir sempre as formas *saúde*, *virtude*, *bondade*, *soe-dade*, etc.

Poderíamos aportar aínda máis clases de vulgarismo, pro consideramos que como ilustración pedagóxica xa vai abondo. ¿Qué se pode facer pra evitalos? Valerse da consulta dun bo dicionario, se é que o bo gusto de cada quen non alcanza.

Compre finalmente termos en conta un feito moi importante: pode ocorrir que unha mesma palabra sexa idéntica en galego e en castelán, e ser no castelán vulgarismo e no galego non. Así ocorre con *formento*, *víspora* e moitas outras. Esto débese a que o estado actual de cada lingua é consecuencia dunha historia, e tal historia non ten por qué coincidir. Hai palabras que en castelán non chegaron a facerse xerales nunha determinada forma e en galego sí; e viceversa. En definitiva, cada lingua, hoxe, ten un determinado canon de corrección. Tendo en conta esto non vaimos tamén desbotar palabras auténticamente galegas por aplicá-lo canon castelán.

EXERCICIOS

I. O seguinte testo de Amado Carballo está deliberadamente cheo de vulgarismos postos en cursiva. Correxídeos. Tamén van en cursiva outras palabras non galegas:

Supersticeón

Vou contar certa *hestórea* que *fai* moitos anos *ouvín* nunha desas longas esfolladas do millo, *mentras* sentados ó redor do

saiñento candil, mozas e mozos traballaban á retesía *entre risas e tragos de viño novo*.

Era o narrador un venerable vello de queixadas *reutas*, cobertas de grises *patillas* e de *aspeuto* nobre e *simpáteco*.

A súa voz *cristaíña* e sonora *rubía* na calma da noite, resoando chea de doce *malenconía baixo* os arcos *escuros* da solana.

—Era *inda* eu moi mozo —dizia— cando nese *moíño* que vedes *arroinado*, vivía unha certa rapaza que en *verdá*, non tiña moi boa sona. Cando foi o ano da peste, *murmuraban* que deixó morrer ó seu home *sen precurarlle* coidado *algún*. Fose polo que fose, o caso é que *ninguén* lle miraba á cara i os rapaces chamábanlle a bruxa e tiñan medo c' atoparse con ela *nalgunha* corredoira.

Certa noite, noite moura en que ventaba e chovía de tódolos demos, *sintíronse no moíño* uns xemidos afogados. Ó outro día, a *moller* aparecérera morta. E foi que o seu home, que morrera coma un can (fora a *ialma*), andaba penando os pecados da carne nas longas *fileiras* da Compañía, e veu por ela pra tirala deste mundo.

Confeso que cando o bo labrego nos contaba esta cousa tan inxénua e sinxela, *sintín a escalofriadora impresón* de *páneco*, coma se algo desprendido do mundo astral abrise de repente o meu *espírito* ás rexións *desconocidas* de mortes e pantamas.

II. As seguintes frases están cheas de vulgarismos. Correxídeos.

1. *Manoel* Antonio foi un poeta importante en *língoa galega*.
2. Aquel libro *prondo* e cheo dun bo *númeru* de *openiós úneas* era unha boa *contribución* á *hestórea* daquel pobo.
3. Tiña boa *manoria*, pro era moi *perguiceiro* pra contá-las

cousas que sabía. Había que lle *preguntar* arreo por elas e nunca quixo *esquirbir* porque o *atromentaba* a idea de ter que pasá-las horas no seu *coarto* coa pluma na man.

4. Era *igoal* que falase da arte *góteca* ou do elemento *xermáneco* na *Península*. Sempre *adoutaba* unha *pustura críteca* e *esperimentaba* gosto en *percisá-las opinións* diferentes da súa.
5. Era un *sagredo establecido* entre os dous. *Nadia* o debía saber. Estaban ben *adevertidos*.
6. Aquelas *molleressas* eran moi *goapas*.
7. O crego *perdicóu* sobre as *ánemas* e sobre a *espranza* na vida *espiritual*.
8. Estaba *desesprado* polas *últimas* *noticias* recibidas. Os *enformes* non lle *intresaban*.
9. Conecía ben o *romate* da *custión*.
10. *Socederan* moitas cousas e *nengunha* daba a *sensación* de ser *consecuente* coa realidade dos feitos.
11. Agoantóulle moito porque o *admiraba* e *adequirira* con el unha chea de *conocimentos*. Non podía *asopará-lo* mestre e a persoa.
12. En *logar* de *amostrar* tanta *cubiza* deberíades poñer *romedio* a tantos males. O *mellor médeo* é non ter tanta *rábea* e non facer tanto *roído*.

III. Nas frases seguintes falta un verbo de movemento. Poñede o máis axeitado de entre os seguintes:

debruzarse, arredarse, erguerse, virar, deitar, baixar, fuxir, agatunar, alancar, parar, pousar, chegar, subir, arrancar, rebulir, correr, volver, subir, pasar, voar, recuar, achegarse, viaxar.

1. Colléu medo e ó monte.
2. Gústalle moito por países estranxeiros.
3. Cando ó cine, decatámonos de que estaba pechado.
4. Estaba mareado e houbo que na cama.
5. ¡Non ó tellado!
6. Tes que cando o semáforo estea rubio; cando se poña verde, o coche.
7. da festa de Vilanova.
8. Non conseguín da cama hastra as dez.
9. Despóis de diciren aquelo, non á súa casa.
10. dos bos e ós malos non leva a ningures.
11. Este rapaz pasa o día todo ás arbres pra coller niños.
12. Os paxariños no niño, mentres os pais na precura do almorzo.
13. O carro á dereita pra non por riba da rocha.
14. tanto que quedéi sin folgos.
15. Non o libro enriba da mesa: está mollada.
16. Como non daba entrado no garaxe, tivo que e volver pra diante.
17. sobre o berce pra vé-lo meniño.
18. Con esas pernas, más nun paso ca eu en doux.
19. As serpes polo chan.
20. Tanto e escaleiras non che é nada bo.

- IV. No testo de Cunqueiro que hai a continuación non están marcados acentos nin contraccións que deban reflexarse na escritura. Facede as correccións pertinentes.

Ao dia seguinte de o San Martiño, meu amigo Leiras de Parada, un bigotudo serio, mete os capons en as capoeiras, pra o segundo e derradeiro tempo de ceba. E se ben os habitantes de as capoeiras de a Terracha alimentados con o pedido, sin poder moverse, recibindo o calor de a cociña, xa adormecen doado, os bos criadores danllas de propina, unha ou duas veces ao dia, tras as pelotas do amoado, media copiña de viño doce. De o viño que por alo chaman de Getafe. Leiras de Parada convida, como digo, aos seus capons, que alguns iran a feira de Villalba e outros serviran de pago de renda, que din capons de recibo, e pra axudarllas a coller o sono, sentase nunha mecedora que foi da irmá de un crego que houbo en Goiriz, e botase a roncar.

- V. Redacción: Describide unha romaría popular.

- VI. Son moitas as formas de música popular galega que hoxe están desaparecendo. Facede unha descripción sobre as necesidades e posibilidades de conservación.

TESTO LITERARIO

BAILANDO A MUIÑEIRA

Repinica,
repinicadeira,
que a gaita do fol
xa soa na festa.
¡Ai, qué moza
lizgaira¹ e lixeira
pespunta pasiños
de led a muiñeira...!

¡Repinica,
 baila, brinca,
 tecedeira²
 de ledicia!
 ¡Ai, qué frol
 carrapuchiña³
 son os beizos
 da mociña!
 ¡Ai, qué brazos,
 ai, qué pés,
 pró dereito,
 pró revés...!
 Repinica, toca, baila
 morre a noite,
 nace a ialba.
 ¡Bule, apresa,
 un pé, outro pé...
 que o mociño
 xa nin ve!
 Repinica
 o pé e a man,
 rapaciña
 bailadora
 da muñeira
 ribeirá...

Pura Vázquez: *A saudade e outros poemas*

Salnés, Vigo 1963, pp. 33-34

NOTAS

¹ graciosa, ágil.

² tecelana

³ calificativo cariñoso sin sentido específico

PREHISTORIA GALEGA

Desde unha data moi antiga, o home deixó mostras do seu paso pola terra galega e, ainda que as súas formas de vida e producións artísticas sexan semellantes ás dos outros pobos, aquí acadan unhas características propias que lle dan unha certa orixinalidade.

O territorio que posteriormente ha levá-lo nome de Galicia presenta xa o paso do home polo seu chan desde o Paleolítico inferior, pro son poucos os restos que podemos atopar deste tempo e están vencellados soio ó baixo Miño (especialmente en Budiño) e tamén á provincia de Ourense. Ó final deste período sitúanse os utensilios líticos atopados nos abeiros penedosos da terra de Villalba.

Despós da recuada que supón o Mesolítico, chega a revolución representada polo Neolítico, período no que as xentes mediterráneas lle conceden gran importancia ó Noroeste pola súa grande riqueza mineral: o home deixa de ter como actividade fundamental a caza, destinada á precura do alimento, e comenza a traballá-la terra, a coidá-lo gando, a fabricá-los primeiros charros de cerámica e, co tempo, conocerá tamén o uso do tear e de outras cousas. Todo esto hao de obrigar a vivir nun mesmo sitio e así irán nacendo as primeiras aldeas, con casoupas feitas de bairo, garabullos e palla. Máis adiante, cando conoce a metallurxia do bronce, desenrola un extraordinario comercio coas

xentes do sur da Península, chegando, ademais, polo norte ás costas da Bretaña e das Illas Británicas, navegando en barcos de coiro, como se sabe polas fontes literarias.

As consecuencias destas relacións maniféstanse na presencia do fenómeno megalítico, na arte esquemática das insculturas ou petroglifos e na aparición da cerámica campaniforme. A cultura do bronce é a cultura básica da Galicia precéltica e supuxo un verdadeiro e primeiro esplendor do protagonismo do Noroeste peninsular. Trátase dunha cultura desenrolada en habitats espaixados sin que desemboque nunha autoridade política forte, como no sur, nin na aparición dunha cultura urbana.

Da xente destes tempos, non conocemos tódalas cousas, pois fáltanos algo tan fundamental como é saber ónde vivían, aínda que o poidamos supoñer. En troques, sí sabemos onde morrían, ou máis ben onde se enterraban, xa que os dolmens ou cistas (aquí chamados mámoas, medoñas, medorras, arcas, antas, etc.) fannos vé-la súa presencia en toda Galicia. Polo enxoaval depositado nestas tumbas, sabemos que tiñan machados de pedra pulida, puntas de flecha de pedra ferreal, olas de barro, toscas nos primeiros tempos pra pasar despóis ós vasos campaniformes, como os atopados nas Pontes de García Rodríguez ou no Buriz, obxetos de metal como puñales de cobre, adornos de ouro, etc.

En algúns casos os chantos dos dolmens presentan manifestacións artísticas de tipo pictórico, como en Pedra Cuberta e Code-sás, ou ben de tipo insculturado, como en Axeitos, Alpéri., pro non son moi abondosos. Xunto ó enxoaval dos enterramentos, temos que considerar unha serie de acobillos de obxetos diversos, como as armas de Roufeiro e as xoias de ouro de Monte dos Mouros, en Melide, e A Golada, en Pontevedra, sin esquencé-lo tesouro áureo de Caldas de Reis, composto de brazaletes, colares, xerriñas e un peite e, ademáis, os machados de talón de ún ou dous anelos que se atopan ás moreas e que fan pensar nunha producción local.

Tamén pertenece a este tempo a arte rupestre, que reflexa a mentalidade destas xentes nun período cronolóxico moi dilatado. Os petroglifos aparecen en penedos, ó descuberto, por toda Galicia e, preferentemente, na provincia de Pontevedra. Neles podemos distinguir unha evolución, desde as representacións de animais de Os Ballotes (en Carril) e escenas da caza en Fentáns, hasta a representación das armas (xa metidos na época do bronce), como os do Castríño de Conxo e Campo Lameiro. Hai tamén círcos concéntricos soios ou con coviñas e outras representacións; así, as serpes do Castro de Troña, en Mondariz.


Os pobos do Noroeste relacionáronse estreitamente cos representantes do Atlántico Norte e do Mediterráneo, pro, co paso do tempo, a súa cultura mostra unha tendencia ó conservadurismo que a leva cara a un estancamiento das formas de vida e á conversión nunha zona marxinada. Desto libérase pola presencia do elemento céltico a partir de mediados do primeiro milenio. Os celtas, emparentados cos celtíberos da meseta, actúan como elemento catalizador e forman unha verdadeira superestructura. Con este elemento témo-la derradeira etapa da prehistoria galega; corresponde á Edade do Ferro, na que os celtas desenrolaron a súa cultura castrexa, chamada así por consideración da súa obra primordial: os castros.

O castro ven sendo un poboado fortificado na maior parte dos casos, de forma circular ou ovalada, defendido por valos, terrapléns e fosos. Neles concentrábanse as actividades da xente que vivía naquel tempo no chan galego: alí atopaba refuxio contra os invasores, abrigo contra o ventimperio, descanso prós mortos e templos prás divinidades. Os castros foron moi numerosos e típicos de todo o Noroeste, anque non están distribuidos con uniformidade por todo o territorio galego. Con preferencia, aparecen na costa e nos montes baixos, disminuindo a súa densidade nas partes fondas dos vales, na montaña alta e nas serras. Debemos ter en conta que o macizo galaico é rico en lugares naturales for-

tes, axeitados prá construción destes poboados. Non todos teñen restos de casas, pois algúns non estiveron habitados de maneira permanente, estando reservados prós momentos de perigo. As casoupas poden ser circulares, ovaladas, rectangulares ou de variadas combinacións e feitas de pedra con teito de palla ou materia semeillante. Algúns dos castros de máis fama de Galicia son os de Santa Trega, San Cibrao das Lás, Viladonga, Castromao, Baroña, etc.

A xente deste pobo era labrega, gandeira e guerreira cando facía falla. Quizáis sexa este pobo o que millor conocemos da antiga Galicia, xa que merecéu moita atención dos investigadores. As súas obras son ben conocidas. A escultura con figuras rudas, toscamente labradas, pro moi espresivas, entre as que podemos nomeá-las dos chamados guerreiros galaicos, as testas dos castros de Barán e Cortés en Lugo, Armeá en Ourense e O Castro en Pontevedra. A cerámica, feita á man, amosa unha grande riqueza nos motivos decorativos incisos con circos, serpentiformes, losanges, triángulos, etc., aparecendo tamén a pintura como no castro de Cameixa. A orfebrería foi moi interesante, pois nela os castrexos foron mestres: os torques, os brazaletes, as arracadas, as diademas, etc., continúan a época do Bronce e chegan a unha perfección poucas veces superada.

É curioso comprobar cómo se impuxo unha historiografía que minimiza a etapa anterior e parte da época céltica pra baseá-la diferenciación coas outras áreas do mundo peninsular. Mesmo se pensou neste elemento céltico pra xustificá-la incapacidade dos galegos pra fundar formas institucionais superiores de poder. Pro sabemos polos datos conservados nos escritores clásicos que o elemento celta non fixo morré-la realidade anterior. Estes datos fálannos dunha poboación anterior, cun fondo matriarcal e hastra da esistencia de comunidades amazónicas na área lateral dos ártabros, cousa que nos demostra que os celtas, de cultura patriarcal, desintegraron as formas de vida tradicionais e marxinaron nunha zona lateral a ese amazonismo primitivo.



Palloza do poboado prehistórico de Santa Trega.



O arzobispo Xelmírez bendice a dous benefactores da Igrexa compostelá.

Sobre esta densa poboación, complexa na súa formación étnica, na que os elementos protohistóricos se misturaron cos mediterráneos e os continentais, representados polos celtas, impúxose máis tarde a acción e a norma romanas.

VOCABULARIO

abeiro: *abri*
acadan: *alcanzar*
chanto: *piedra (generalmente, losa) que se clava en el suelo para formar cercados*

acobillo: *yacimiento*
machado: *hacha*
serpe: *serpiente*

FENÓMENOS DIFERENCIALISTAS (IV)

4. O lusismo

Tódolos diferencialismos se esplican por unha fuxida da identidade ou semellanza co castelán e, como o galego e o portugués son polas diverxentes dun mesmo toro, coidan moitos que a renovación do galego ten que vir a través do portugués.

Os lusizantes, xa que logo, razonan máis ou menos deste xeito: sendo como foron galego e portugués a mesma cousa, ó quedaren políticamente separados Galicia e Portugal, producíuse un estancamiento no cultivo do galego que durou hastra mediá-lo século pasado. Mentre tanto o portugués continuou facéndose unha lingua culta importante, enriquecendo o seu vocabulario con préstamos latinos, gregos, franceses, amerindios, asiáticos, africanos, ingleses, etc., e pulindo os outros medios de expresión. Sendo así, lóxicamente, o portugués culto de hoxe, tamén constituirá o estrato culto do galego.

Pro a realidade lingüística bota abaixo esa apreciación teórica; porque desde hai 600 anos pra acó tanto a lingua portuguesa popular, coma a galega, tiveron a súa propia deriva, diverxente

en moitos casos. Lembremos, por exemplo, as diferencias notables que se abriron no terreo da fonética e mesmo no da morfoloxía.

Por outra banda, non convén esquecer que en Galicia síntese desde hai moito a influencia do adstrato castelán, que ven operando como lingua de cultura na nosa terra. Esto provocou que o galego popular se fixera permeable a certas innovacións irreversibles que contribuiron áinda máis á diverxencia entre as polas galega e portuguesa.

Pra sermos, xa que logo, consecuentes co noso principio de non xebrar escesivamente o galego culto do popular (de xeito que aquel non sexa letra morta prós galegos), témonos que pronunciar contra a portuguesización do galego. Se queremos ter unha norma operante teremos que estraela do uso.

Nin que decir ten que unha portuguesización parcial non deixa de ser un remendo arbitrario máis.

Non quixéramos, por otra banda, que o noso antilusismo lingüístico fora interpretado como antilusismo integral. Ben ó contrario sómo-los primeiros en estimá-lo admirable pobo portugués. Ora ben, en materia lingüística somos radicalmente enxebristas, é decir, «separatistas» no primitivo sentido da palabra. Vede tamén a nosa postura con respecto ó castelán en leccións de máis adiante.

Non se pode facer unha clasificación sistemática dos lusismos porque os escritores galegos, en xeral, conocen bastante mal o portugués, razón pola que sóio entran lusismos esporádicos, a maioría deles pertenecentes ó léxico.

Exemplos: podemos considerar como mostra de lusismos fonéticos aqueles que consisten na eliminación dun yod: *estudar*, *estudante*, *nervoso*, *muto*, *truta...*; morfolóxicos: *ele* no canto de «*el*», a desinencia verbal *-ste* no canto de *-ches* (*cantaste* por *cantaches*), o sufijo *-bel* ou *-vel* no canto de *-ble* (*amábel*) entre outros; léxicos: *achar* «*atopar*», *xornal* «*diario*», *periódico*, *ar* «*aire*», *termo* «*tér-*

mino», *diabo* «*demo*», *degradar* «*decretar*», *banir* «*desterrar*», *xanela* «*ventano*», *isolado* «*illado*», *só* «*soio*», *garavata* «*corbata*», *rédea* «*ramal*», *rosto* «*rostro*», *liberdade* «*libertade*», *ate* «*hastra*», *paixón* «*pasión*», *comezar* «*comenzar*», *sen* «*sin*», *estrada* «*carreteira*», *proprio* «*propio*», *mas* «*pro*», *coñecer* «*conocer*», *cidade* «*ciudad*», *esquecer* «*esquencer*», etc.

EXERCICIOS

- I. No seguinte testo de Augusto María Casas van algunas palabras en cursiva. Poñede as formas que lles corresponden en galego correcto:

Pol-as estradas do ceo
que teñen lama *d'estrelas*,
ven a xentiña de *somas*,
de volta *d'algunha festa*.
Un aturuxo valente
bica as meixelas da serra.
Cal perto de namorada
sospira a gaita galega.
A gaita, gaita, gaitiña
ten o punteiro de pérolas,
Tral-os piñeiros a *lua*
tece saudosa muiñeira.
Diante vai da xente, dona Margarida,
probe tolleitiña que non pode andar.
Vai entre ramallos ben adormecida,
ben adormecida porque fai luar.
Unha vella, vella, *tuda* recollida,
fala *mui* baixiño, di que ha de curar.
Un mocíño *loiro* chora ás escondidas
pol-a tolleitiña que non pode andar.
Xan non ven de festa, vai atafegado

na compaña aquela, triste namorado...
 ¡Xan n'esta romaxe fai de sancristán!
 E polos camiños, mouros cal mantelos,
 vai a Margarida ... brílanlle os anelos,
 cando ergue as manciñas pra berrar: meu Xan.

II. Nas frases seguintes correxide os lusismos postos en cursiva:

1. Na hemeroteca achéi moitos xornales de todo o país.
2. Pola xanela entróu un paxariño cunha aza rota.
3. Até aquel intre aínda non achara os termos appropriados pra falar de liberdade.
4. Aquela aldeia estaba isolada. Só había un carreiro pequeno para chegar a ela. Necesitaba unha estrada que a comunicase con o mundo. Era formidabel aquel camiño, mas deixaba a ún sen folgos.
5. Colléu ó cabalo pola rédea e levóuno con ele.
6. O estudiante agardaba polo correo todo cheio de esperanza. A súa paixón comezaba a inquedalo.
7. Está moi feio con o rosto cheio de sangue.
8. Eso gosta moito e convence ó paisán.
9. Na cidade era mui coñecido aquel termo popular.
10. Comezaron a abrí-las xanelas porque o ar xa estaba insopportábel dentro.

III. Sustituíde por *b* ou *v* os puntos que hai nas palabras das frases seguintes:

1. Os .os .eciños .ense nas ocasións.
2. .en llo .in no peto.
3. Hai que .ater .en o pol.o antes de cocelo.
4. Cada pro.e go.érnase como pode.
5. Maio chu.ioso, .ran caluroso.
6. Máis .al .e.er ca cuspir.
7. Se no marzo .es tronar, prepara cu.as e lagar.

8. Se te tra.a a donicela, .usca .iño e .usca .ela que mañá che darán terra.
9. En terra allea, a .aca os .ois cornea.
10. Ne.e fe.reiriña, tarde .en, logo camiña.
11. A .oa anada, non a le.a .ento nin xeada.
12. .odas e festas, na casa do .eciño.
13. A .urro morto, ce.ada ó ra.o.
14. A porta .ella, cara.illa no.a.
15. A .eiga e a manteiga, a .ondade tena na .eira.
16. A.ogado no.o, xusticia polas sil.eiras.
17. As sil.eiras e os .alados teñen orellas.
18. A.adé que foi sancristán, .en sa.e quen .e.e o .iño.
19. .al más .olta de cha.e ca consello de frade.
20. O que de.e e paga, .iste camisa la.ada.

IV. Se o verbo antónimo de *falar* é *calar*, sustituíde o verbo das oracións seguintes polo antónimo que lle corresponda.

- 1. Cando queren, falan.
- 2. Levantóuno ó pasadoiro.
- 3. Co tempo millora.
- 4. ¿Obedécelle ó pai?
- 5. Alporízaste axiña.
- 6. Están facendo a presa.
- 7. Sumádelle catro pesos.
- 8. Cada día engorda máis.
- 9. Hano levar prá casa.
- 10. Entramos ás doce da noite.
- 11. Gañaron por dous tantos.
- 12. Morréu tranquilo e feliz.
- 13. O xuez sabía todo.
- 14. Non chovéu en todo o día.
- 15. Ó escurecer, cansa.
- 16. Enfermaron pola sega.

17. Ábrelle a fiestra.
18. A misa acabó cedo.
19. Erguínme ó amañecer.
20. Quita os libros da mesa.

V. Sustituíde o que vai entre barras por outra expresión equivalente.

1. O puntal /ven/ da chousa do monte. (= procede)
2. Traballa de peón /de/ obras.
3. O presuposto /pasa de/ o millón de pesetas.
4. /Non te esquenzas/ dos encargos de teu pai.
5. Avergonzáuse /de/ os feitos do rapaz.
6. /Botou man de/ as tenazas do ferreiro.
7. Os ladróns /apropiáronse de/ un camión de froita.
8. Sóio /se alimentaba de/ peixes de mar.
9. Non bebas /da/ botella de caña.
10. Veu do río /de seguida/.
11. Asustóuse /do/ ruído do barreno.
12. /Dixo adéus ó/ patrón do taller.
13. /Encargóuse da/ dirección do periódico.
14. O fabricante das pezas orixinales non nos /provee de/
recambios abondo.
15. /Non comparte/ a opinión do entrenador.

Asunto

Oventedo

TESTO LITERARIO

TERRAS DE DOZÓN

Terras altas de Dozón,
ríspidas¹, graves e núas²,
escasas de pan e son,
fartas de soles e lúas...
¡Terras altas de Dozón!

Terras bravas, montesías,
de menhires e cruceiros
que soñan baixo os luceiros
con antergas teoloxías.
Monte raso, monte enxebre,
campa³ da rula viuda,
da inqueda e medosa lebre
e a roiba⁴ cabra barbuda.
Monte triste, en soledade,
pardecento de carrascos⁵,
humilde saial de frade,
mantelo probe de tascos⁶.
Pedras dos cumes desfeitas
do lóstrego e do trebón,
mudas, innobles, ergueitas
como mans en oración.
Altos castros derrubados,
fondas covas atuídas⁷
polos osos requeimados
de guerreiros e druídas...
Todo en vós dorme calado
no colo da saudade,
nun soño de eternidade
con degaros⁸ do pasado.
¡Terras altas de Dozón!
Na hora da despedida
déixovo-lo corazón.
Vinvos vello que se non...
¡outra fora a miña vida,
terrás de monte Dozón!

R. Cabanillas: *Obra completa*
Ed. Galicia, Buenos Aires, 1959, p. 402

NOTAS

- | | | | |
|--------------|-------------------|--------------|----------------------|
| ¹ | agrestes | ⁵ | especie de brezo |
| ² | desnudas | ⁶ | estopa, lino basto |
| ³ | tumba | ⁷ | atascadas, cubiertas |
| ⁴ | forma por «rubia» | ⁸ | ansias |

HISTORIA GALEGA

Pasando da prehistoria ó período histórico, atopámo-la presencia guerreira dos románs desde Décimo Junio Bruto, César e Augusto hasta o heroico final do Medulio. O territorio da futura Galicia formará parte primeiramente da Hispania Citerior e más tarde da Tarraconense; baixo Caracalla convertiráse na Nova Hispania Citerior Antoniniana e, por fin, Diocleciano fai dela a provincia de Gallaecia, como unha das noventa e seis que formaban o Imperio. Unha rede de vías atravesaba o conxunto, vencellándoo ó resto do mundo román e permitindo a explotación das riquezas mineiras.

A chegada do cristianismo será tamén importante, pois formará a xonzura necesaria pra conservar unha unidade forxada sobre tanta variedade. A romanización estendéuse por todo o territorio galego con ritmo desigual, pro con forza suficiente pra se presentar coma un bloque unitario frente ós invasores posteriores.

Deberemos supoñer que os primeiros guerreiros románs chegados a Galicia deron cunhas terras cheas de castros, con homes dispostos a non se deixar dominar. A conquista non foi doada, pro pouco e pouco, Galicia foi sentindo o influxo da romanización pra entrar ás cheas na órbita do mundo román sin esquencer nunca as características que tiña na época anterga. A xente destes tempos sería labrega e gandeira, tendo tamén moita importancia

a industria mineira, da que hoxe quedan os restos das Médulas e o túnel de Montefurado, por exemplo.

As obras que deixaron os románs ou os indíxenas romanizados son abondosas, pro non dispoñemos de traballos encol delas. Da arquitectura pouco sabemos. Así, en Lugo, onde estaba a capital dun dos «conventos» nos que se dividía a Gallaecia, construcións posteriores desfixeron case todo. Sóio quedan as termas e especialmente as murallas, feitas na segunda mitade do século terceiro. Non podemos esquencer tampouco as numerosas pontes, como as de Bibéi, Pedriña, Navia de Suarna, etc., polas que as vías cruzaban os ríos e levaban o espíritu román a tódalas partes.

Máis importantes son as outras manifestacións artísticas. Es cultura, hai pouca feita en pedra (anque podemos citá-lo grupo de «Dionisios e Ampelos» de Mourazos e a cabeza femenina de Lugo como máis representativas). Da feita en bronce, hai moitas pezas conservadas e temos noticias de outras. Destacan o Hércules atopado no castro de Santa Trega, hoxe desaparecido, os togados de Ponte Puñide e Freixido, a Minerva da Cidadella, os Mercurios de Vilar de Barrio e Lugo e as variadas pezas de Taboexa, unhas feitas no país e outras importadas. Tamén son importantes os relevos, especialmente o das estelas funerarias, feitas na maior parte dos casos no século terceiro e seguintes, cando o indíxenismo renace frente ó oficialismo dos costumes románs. Entre estas temos que citá-las do posible viñateiro de San Vicente de Fistéus e, primordialmente, o conxunto de Vigo, que é un dos más importantes da Península.

A pintura está pouco representada na nosa terra, pro a probenza de localizacións compénsase coa importancia da esistente no monumento de Santa Eulalia de Bóveda, en Lugo, non anterior ó século cuarto, na cal os paxaros e as froles decoran as paredes e o teito da construcción. O mosaico está moito máis xeneralizado, e ten o seu predominio nos séculos terceiro e cuarto, podéndose distinguir nel a man dun taller itinerante ó longo da vía Braga-

Lugo. Precisamente Lugo, co da rúa de Batitales (hoxe doutor Castro), amósanos ún dos poucos mosaicos de Océanos esistentes na Península, non desmerecendo del, tampouco, os de Panxón, Parada de Outeiro e A Cigarrosa, todos eles con motivos de peixes.

Ó final do Baixo Imperio, xa co trunfo do cristianismo e perto da chegada das invasións, temos como manifestacións artísticas a gran necrópolis da Lanzada, o crismón da ermida de Quiroga, o mosaico da catedral de Santiago e o sarcófago de Vilanova de Lourenzá entre outros.

Nos comenzaos do século quinto ten lugar a invasión sueva. Nos primeiros tempos, o elemento indíxena afastouse dos invasores, pro axiña se produxo o contacto dos dous elementos, chegándose máis ben a unha absorción dos suevos. Esto faise aínda máis efectivo despóis da conversión ó catolicismo do elemento dirixente. Así establecese a primeira monarquía independente e católica da Península, que mesmo teima unha espansión polo resto do territorio peninsular, conseguíndo sóio pola zona lusitana, cousa que terá importancia prá marcha posterior da historia galega. As loitas civiles e a intervención da monarquía goda nos problemas internos farán que Leovixildo remate coa esistencia independente do reino, pro aínda que se perdéu a independencia política seguío esistindo unha persoalidade espiritual propia do territorio.

A invasión musulmana transformou as estructuras políticas da Península. Pro Galicia quedou axiña libre da presencia física dos árabes ou da súa acción política efectiva e soio sufrirá de vez en cando a acción das incursións árabes ou normandas. Desde o primeiro momento, Galicia estará presente no esforzo común da cristiandade peninsular, tanto no guerreiro coma no repoboador. Entón aparece o reino de Galicia con forte persoalidade e a concreción crecente do seu territorio. Na Edade Media xurde tamén a importancia de Santiago. Ó longo do «camiño de Santiago» aparecen centros de poboación e fontes de riqueza, que darán

orixe á aparición dunha burguesía con desexos de novas formas de vida que respondan á nova mentalidade. Galicia non podía escapar a esta nova situación. Os seus centros urbáns veránse envoltos en loitas nas que se enfrentan as concepcións burguesas contra as estruturas señoriales. A esto responden as loitas comunales das ciudades episcopais contra os bispos e tamén esplíca a política tantariñante dos monarcas complicada pola presencia dunha nobleza seglar que abusa do seu poder e trata de aproveitá-los problemas sucesorios. Lembrémo-la resistencia á política de creación de poblas en Galicia, desexada por Alfonso X, ou o apoio que os Concellos galegos ofreceron a Pedro I na súa loita con Enrique II, vendo no primeiro o representante do seu propio concepto da riqueza.

A supremacía nobiliaria levará tamén a conmoción social ó campo. A revolta dos Irmandiños abalóu as bases señoriales do sistema galego, pro fracasou. Despois os Reis Católicos tratarán de imponer un novo fundamento máis concorde coa idea que tiñan da realeza e desto xurdirá unha nova organización do territorio galego, xa concretado nos límites modernos desde a formación do reino de Portugal.

Galicia incorpórarse á política dos Reis Católicos cos seus homes e os seus recursos, o mesmo que os outros componentes da monarquía. O reino de Galicia, dividido nas que se chamaron as sete «provincias» (antes foran cinco) estaba rexido por un gobernador ou capitán xeral que actuaba en nome do rei e era elixido por este. Créase a Audiencia do Reino de Galicia e no reinado de Felipe II establecese o Tribunal da Inquisición. Tamén se funda a Universidade de Santiago e aparece a imprenta. No fin do século xv constituiráse a Xunta do Reino, composta, entre outras persoas, por dous representantes de cada unha das «provincias» e van perdendo a súa forza os concellos.

No reinado de Felipe IV consíguese a devolución do voto en Cortes. Á súa contribución ás guerras que manteñen en toda Euro-

pa os reis da casa de Austria, Galicia ten que engadí-la que supón a constante vixilancia das súas costas. A situación económica agrávase áinda pola presencia dos foros e da emigración. Despois dos momentos bélicos da guerra de sucesión, a dinastía borbónica representa un alivio no aspecto económico e no desenrollo das riquezas. Máis tarde virán as guerras napoleónicas, que repercuten de maneira directa, primeiro coa ocupación do territorio e despóis coa espulsión dos franceses e a creación da Xunta Suprema de Galicia.

O século xix ve no territorio galego a efervescencia ideolóxica que se desenrola no resto da nación: carlismo, constitucionais, pronunciamentos, etc. O mesmo tempo, vanse forxando ou espertan novos sentimientos, á vez que se desenrolan os adiantos técnicos.

VOCABULARIO

xonzura: *trabazón*

vencellar: *unir*

tantariñante: *vacilante*

encol: *sobre, acerca de*
abalar: *sacudir*

FENÓMENOS DIFERENCIALISTAS (V)

5. O dialectalismo

É outra maneira de diferencialismo que consiste en usar nos testos escritos a fala local dunha comarca ou, simplemente, botar de man, anque non sexa máis ca esporádicamente, de comarcalismos. Consideramos que unha lingua sóio pode ser tomada en serio cando estea unificada. Por eso tódolos escritores deben someterse, en beneficio do idioma, ás leis da gramática. Imaxinemos qué sería se dentro do terreo do castelán, os andaluces, os burgaleses, os navarros, os murcianos, os estremeños... escribiran cada ún como fala. Pois moito pior sería pró galego, que non goza

dunha política lingüística tan beneficiosa coma o castelán, senón o contrario. Por eso é necesario xa dunha vez ter en conta as regras gramaticais do *galego común* e non as do galego particular de cada ún. É verdade que esto ha restar certa libertade, pro aqueles que en definitiva sexan bos escritores han de atopar recursos abondo pra chegar ós más altos banzos da expresión artística.

Cando nos referimos ó dialectalismo, referímonos exclusivamente ó dialectalismo fonético e morfolóxico, non ó léxico. Este último aínda é de desexar, porque non afecta á estructura grammatical do idioma e, por outra banda, aínda arrequece o tesouro léxico da lingua.

Non daremos aquí exemplos de dialectalismos, porque eso supoñería facer un tratado de dialectoloxía galega. En xeral, os feitos gramaticais que se aparten das normas destes manuais son dialectales (de non estar comprendidos nos apartados de hipergaleguismo, arcaísmo, lusismo, etc.).

N.B. Os interesados poden ver un repertorio de dialectalismos no número 32 da revista *Grial*. Neste traballo discútese, amáis, a razón de escoller unha entre as varias posibilidades.

Todo esto non quere decir que por motivos estilísticos non se poida botar man de dialectalismos; o efecto estilístico virá, dala, do quebranto da norma.

6. Seudoevolucións ou deformacións caprichosas

Hai, finalmente, douis diferencialismos, estes sí, sin xustificación ningunha, a non ser por un complexo de inferioridade lingüística, que non ten razón de ser, porque o galego ten persoalidade de seu abondo, sin lla andar disimulando con palabras inventadas. Referímonos ás **seudoevolucións** e ás **creacións** ou **deformacións caprichosas**.

As seudoevolucións aparecen moito en escritores que saben un chisco de gramática histórica e conocen as leis fonéticas que

cambiaron o latín en galego. Así se esplican *misteiroso* «misterioso», *fadiga* «fatiga», *vidales* «vitales», *Xeórxeas* «Xeórxicas», *sagrifizo* «sacrificio», *cadeirádego* «catedrático», *espeitago* «espectáculo», *outo* «alto», *outura* «altura», *norde* «norte», *estauta* «estatua», *pleo* «pleno» e outros moitos casos.

As *creacións* ou *deformacións caprichosas* son debidas á invención do escritor. Estas, coma as anteriores, habería que tomalas coma chiste se non fora que aínda abundan ben. Citamos uns cantos exemplares como mostra do que non se debe facer: *cheúra* «enchen-ta», *enxoitar* «enxugar», *lonxanza* «lonxanía», *estropexar* «derramar, botar a perder», *merguranza* «amargor», *contenteza* «contento» e moitas más. Ben entendido tamén: as creacións son aceptables, pro sempre que non lle repunen á lingua coma as que acabamos de ver. Por outra banda, hai creacións que teñen que vir por necesidade (os neoloxismos). Tampouco estes son censurables.

EXERCICIOS

Os contos que siguen están inzados intencionadamente de dialectalismos. Tratade de poñelos en galego común.

a) Morréu un quimerista mui devoto de San Pedro e o Santo, querendo favoreselo, díolle que por ser seu amijo iba levalo ó Seo. Tuvo alí un par de días e, ó terceiro, foino visitar San Pedro. Tan pronto o veu díolle:

—¡Vaia un amijo que teño! ¡Mira ónde me viu traguer, rodeado de pequenos e de anxeliños que non hai xiquera a quen darlle un sopapo!

—Vaia, home —contestóulle San Pedro—, se aquí non tas a justo, levaréite a outro sitio.

E levóuno ó Purjatorio. Tuvo alí outros douis días e volvéuno a visitá-lo Santo. Cando lle prejuntou se alí taba máis contento, respondéulle o quimerista:

—Sácame de aquí porque esta xente inda é pior cá outra. Pasan todo o tempo cas maos direitas, pedindo perdón xa antes que lle poidas dar un lapote.

Levóuno pois pró Inferno e deixóuno alí outros tres días e, cando ó terceiro foi velo, coidando que estaría ouseando por lle pedir que o levara outra vez pró Seo, ó preguntarlle qué tal se encontraba, respondéulle:

—Isto xa é outra cousa. Aquí lévanse, pro tamén se dan.

b) Unha vez había un paisano que se foi confesar e díxolle ó crego:

—Mire, señor cura, o outro día ó pasar por diante da cancela da aira dun vecín vin un cabrito mui bon e quíxeno collar, pro como a cancela da aira taba pechada non o puiden collar.

Entónces faille o cura:

—¡Ai, fillo, a intención xa abonda pra pecar! ¿Cánto valería o cabrito?

—Siñor, andaría polo peso.

—Pois tes logo que traguerme un peso pra descargar unha misa polas benditas ánimas do Purgatorio. De non ser así, non che pudo botá-la absolución.

—Tá ben, logo. Xa lle tragueréin o pesín.

O paisano foi a casa buscá-lo peso pro en vez de dárrlol, pola porta, dáballol pola reixa das mulleres.

E en vista de que non cabía por ela, fai o paisano:

—Ai señor cura, a intención abonda; tampouco o cabrito coubo polas bardas da cancela.


TESTOS LITERARIOS

Os MOUROS

Alto, alto vai o sol,
vai cerca de mediodía,



Tódolos camiños da cristiandade tiñan o seu cabo debaixo dos arcos desta porta.



«Quíbea o lobo xunto á cezuz de pedra,
e o Cristo non se arredra!,
que xa, ó sol posto, non está soliño:
dunha luza, liso de cerme, se acompaña
porque inda que non ha comeñado
quen lle coñas de aceite o farolíño...»

(N. G. M. / D. A. M.)

cando chegaron os mouros
que viñan da mourería.
Probe veiga de Padrón
Santa María e Adina,
verse toda chea de mouros,
de mouros da mourería.
Son de ollos negros e bravos
e teñen a cor morena,
non son bonitos e roxos
coma a xente desta terra.
¡Noso Santiago nos valla
e nolos quite da terra!
que nunca poido ser boa
xente de cara tan negra.
Traían longas espadas
que brillan coma auga fría
e con sangue dos cristianos
encarnadas se volvían.
¡Noso Santiago nos valla
e a Virxe Santa María
e nos quiten desta terra
a xente da mourería!

Tomado de L. Carré Alvarellos, *Romanceiro popular galego de tradición oral*

Porto 1959, pp. 59-60

O FIGUEIRAL

No figueiral figueiredo
no figueiral figueiredo entréi,
atopéi a tres meniñas,
tres doncelas atopéi,
de tres doncelas que había
todas tiñan qué facer:

97

unha estaba a tallar,
 outra estaba a coser,
 outra sentada nun tallo
 lavándolle os pés ó rei.
 No figueiral figueiredo,
 no figueiral figueiredo entréi,
 —Señor, que veñen os mouros!
 Señor, ¿eu qué lles diréi?
 Se falan lingua de arabias
 na miña lles falarei.
 Anque son doncela nova,
 señor, valente seréi
 e con esta miña espada
 cabezas eu cortaréi.

Tomado de L. Carré Alvarellos, *Romanceiro popular galego de tradición oral*
 Porto 1959, pp. 55-56

A IGREXA GALEGA

1. As orixes

A historia do cristianismo galego anterior ó século IV permanece nunha mesta escuridade.

A tradición mantén que o apóstolo Santiago predicou o evangelio na nosa terra e puxo as bases dunha primeira organización eclesiástica, seguindo a súa laboura apostólica os discípulos Atanasio e Teodoro. Tradicións locales de Galicia e de fóra de Galicia vencellan a historia dos pobos a este acontecemento limiar da nosa cristianización. Iria, Padrón, o Castro Lupario, a ponte de Ons, Duio, Fisterra, o Pico Sagro, Braga, Lugo, Zaragoza, etc., trazan pola xeografía de España o longo camiño da lenda e da tradición.

O que sí se pode constatar históricamente é que, entre os anos 254-8, había en Galicia comunidades cristiás e que no século V o movemento priscilianista amosa unha Igrexa asentada xeráquicamente, que ten en Prisciliano, Hidacio e Consorcio as más destacadas persoalidades. Neste momento Galicia é o foco cultural eclesiástico máis importante da Península. A conversión dos suevos ó cristianismo dará ocasión a unha nova distribución administrativa. Parece ser que Braga, sede metropolitana das diócesis galegas, nun intre determinado tivo que permití-la constitución de Lugo como metrópoli. Pro desde o período visigodo, Braga volvérá a sé-la metrópoli hastra a invasión dos mouros, que desbata-

taron os cadros administrativos vixentes, pasando a metrópoli outra vez a Lugo. Iria era entón unha humilde diócesis.

2. Xurde Santiago

A lenda di que aparecéu unha luz nunha toxeira indicando o sartego onde estaba o corpo do apóstolo e esto fai que xurda Compostela. Oficialmente é sóio unha capeliña que depende de Iria; na realidade é unha forza nova que alenta os soños dos reis, dá folgos ós soldados e inunda de esperanza á cristiandade. Arredor da capeliña comenza a agromar un pobo. Compostela impónse a Iria e o mesmo bispo fai alí unha casa. A burocracia clerical permanecía en Iria e, de tempo en tempo, había que facer viaxes a Compostela pra arranxar asuntos co bispo. Un día os coengos coidaron que era desaxeitado tanto camiño e non volveron pra Iria. Máis tarde tres grandes bispos déronlle a Compostela o pulo definitivo: Diego Peláez, que no ano 1075 puxo a primeira pedra da catedral; Dalmacio, que no 1095 logróu da Santa Sede a independencia de Braga; e o grande Xelmírez, que no 1124 fixo de Compostela unha metrópoli. O resto púxoo o pobo: os pelegríns, os quincalleiros, os mercadores, os poetas, os santos, os artistas, os probes, tódolos que cos seus pés foron facendo o longo camiño e foron deixando á súa beira o millor que tiñan: igrexas, catedrales, hospitales, cancións, ouro e moitos deles a súa propia vida.

3. A longa historia

Aínda que Compostela xurdíu como faro de España e de Europa, non foi centro ou metrópoli das diócesis galegas hastra o ano 1393. Hastra ese momento as diócesis de Tui, Mondoñedo, Lugo e Ourense pertenecían á metrópoli portuguesa de Braga, mentres que Compostela era a cabeza de varias diócesis castelás e portuguesas. Pro nin squera no ano 1393 quedou resolta a cousa, por-

que, aínda que as diócesis galegas pasaron a Compostela, esta tiña tamén baixo a súa xurisdición diócesis castelás. Esta conformación da metrópoli compostelá terá unha notable significación no desenrollo da pastoral. Os arcebispos de Compostela ó prantexá-la pastoral nos concilios provinciales non podían ter sóio en conta a peculiaridade galega. Se engadimos que algúns arcebispos pasaron moitos anos fóra de Galicia pra solucionar problemas relixiosos ou políticos que nada tiñan que ver con Galicia, e que desde o tempo dos Reis Católicos os arcebispos de Santiago poucas veces foron galegos, podemos empezar a enxergar cómo a pastoral prantexada non tivo en conta a peculiaridade do home galego. Foi unha immensa plataforma posta enriba do pobo, que non podía ser integrada nin asumida por este.

Teñamos aínda en conta que na última gran reorganización eclesiástica española, a do concordato de 1851, tampouco Galicia conqueriu a súa unidade xeorrelaxiosa, posto que a metrópoli compostelá estará constituída polas diócesis de Tui, Ourense, Mondoñedo, Lugo e Oviedo. Hastra o ano 1954, en que Asturias adquire a independencia, Galicia non logra a súa unidade, baixo a autoridade do arcebispo de Santiago.

4. Ocasións aproveitadas e perdidas: Igrexa e cultura

Non se debe esquencé-la preocupación da igrexa galega pola cultura. No ano 1060 o bispo de Compostela Cresconio mandou que se estableceran escolas nos mosteiros e parroquias. No século seguinte a escola compostelá chega ó cume. Nomes de primeira liña como os dous Bernardos de Compostela, Lourenzo, que morréu sendo bispo de Ourense despós de exercé-lo maxisterio na universidade de Bolonia, Xoán García e Xoán Compostelano, Alvaro Pelagio, etc., amosan un clima cultural sóio posible nunha igrexa comprometida coa responsabilidade científica. A universidade compostelá foi creación de catro grandes homes: Gómez de Marzoa, os dous Diego de Muros e Alonso de Fonseca. Os tres

derradeiros foron bispos. Non faltaron despóis axudas á ciencia e homes importantes procedentes do clero, pro a institución eclesiástica, como tal, pouco ofrecéu xa. Compre sóio lembrar a dous grandes galegos clérigos ilustrados: Páramo e Somoza e Pedro Antonio Sánchez. Os dous puxeron a primeira e a derradeira pedra de grandes obras: Sociedade Económica de Amigos do País, Escola de Artes e Oficios, Biblioteca do Consulado da Cruña, etc. Puxeron o seu grande influxo e os seus cartos en beneficio do home galego en empresas económicas e científicas.

Os hospitales foron tamén unha boa creación da Igrexa e hastra o século XVI todos lle pertenecen ou están baixo o seu amparo; co nacemento do estado moderno e a centralización, a Igrexa descargouse en parte desta responsabilidade. Compre, nembargantes, lembrar que a meirande parte dos arcebispos de Santiago e dos bispos das diócesis galegas foron protectores das casas de pelegríns, hospitales, hospicios, etc.

A parroquia é unha institución eclesiástica adaptada a unha realidade previa, quizáis de orixe celta. A Igrexa tivo o grande acerto de non eliminá-las unidades preexistentes. Acomodouse a elas. Fixo da igrexa o sustituto do vello centro relixioso precristián. O mesmo debemos decir do culto. A Igrexa adaptou o seu culto ás prácticas paganas. Foi moi cautelosa en respetá-lo sentimento do pobo. Esta xenerosidade, que no fondo non é outra cousa que respeito ó estilo do pobo, e, por conseguinte, unha exigencia pastoral, co tempo convertíuse nunha rutina e non poucas formas litúrxicas perderon o significado cristián por falta dunha catequesis adaptada e por exceso de interés económico.

Así como a Igrexa aproveitou moitas ocasións, perdeu outras. A riqueza considerable dos mosteiros (Samos, San Martiño Pinario, Celanova, Sobrado, Monfero, Oseira, etc.) case non prestou pra axudar ó rexurdimento do pobo. Os frades ergueron grandes mosteiros e igrexas, repartiron moito pan nas súas por-

terías, pro non se decataron de que Galicia necesitaba outra cousa. Por eso, cando os botaron, ninguén chorou por eles.

Outra ocasión perdida foi o século XIX. A Igrexa, despóis dunha xenerosa entrega en homes e diñeiro na loita contra os franceses (a Igrexa chegou a ofrecé-la prata do culto), entrega que todos coidaban que era patriótica, en beneficio da nación, vencellouse ó partido absolutista encabezado polo rei. Quere esto decir que a súa entrega interpretárase como unha defensa do rei, non da nación.

Tampouco a Igrexa galega, nin en xeral a española, soubo estar presente, coa súa palabra serena, no rexurdir da ciencia do século XIX. Decote mantivo unha actitude intransixente, que non beneficiou nin á ciencia nin a ela mesma. No seo da intelectualidade galega erguéuse unha fronteira entre a ciencia e a fe. Moitos deixaron a ciencia por ser fieles a unha ortodoxia imposta, outros pasáronse ó outro bando. E esta fronteira chegou ós nosos días.

O leigado xurde como unha forza considerable en Galicia nos derradeiros anos do século XIX. Dirixidos por un clero mediocre (sóio compre suliñar con categoría internacional a Amor Ruibal e a López Ferreiro), case tódolos movementos católicos desembocaron nunha militancia política de signo conservador.

VOCABULARIO

mesta: *espesa*
vincellar: *vincular*
limiar: *inicial*
sartego: *sarcófago*
agromar: *brotar, surgir*
arranxar: *arreglar*
desaxeitado: *inadecuado*

pulo: *impulso*
pelegrín: *peregrino*
prantexar: *plantear*
nembargantes: *sin embargo*
rexurdimento: *resurgimiento*
rexurdir: *resurgir*

OS CASTELANISMOS (I)

Cando dúas linguas están en contacto, hai sempre préstamos e calcos nos diferentes planos funcionais da lingua.

A situación en Galicia é dabondo complicada. Galego e castelán están en contacto non sóio a nivel de grupos lingüísticos, senón tamén en cada falante. Hai un certo porcentaxe de individuos bilingües con maior ou menor grado de dominio das dúas linguas. Nestas persoas, as dúas linguas que falan e más entenden non poden por menos de sofré-la migración dunha á outra. Pro hai aínda máis. A influencia dos medios de comunicación de masas, que funcionan case de modo exclusivo en castelán, provoca a penetración de palabras, construcións e xiros casteláns no galego. A esto chamámoslle castelanismo. Referirémonos nesta lección e nas seguintes ós más frecuentes na lingua escrita e na falada, comenzando polos castelanismos fonéticos.

1. Castelanismos fonéticos

Son os menos abundantes. A interpenetración dos dous sistemas fonolóxicos faise, máis ben, do galego ó castelán. Pro hai un tipo de castelanismo que debemos anotar: a tradución fonética dun térmico castelán ó galego, prescindindo dunha palabra xa existente na nosa lingua. Así, por exemplo, *conejo* é unha formación feita sobre o castelán *conejo*, a partir da equivalencia galego *x* = castelán *j* (como en galego *xunto* e castelán *junto*), que non sempre é certa. A forma verdadeiramente galega, viva na maior parte do país, é *coello*.

Casos similares son: *parexa* (por *parella*), *lentexa* (por *lentella*), *mortaxa* (por *mortalla*), *antoxo* (por *antollo*), *partixa* (por *partilla*), *cexa* (por *cella*), *agasaxo* (por *agasallo*).

A partir da correspondencia castelán *h* = galego *f* construíronse palabras como *fasta* (= castelán *hasta*) por *hastra* e *foula*

(= cast. *ola*) por *onda*. Nesta última palabra actúa tamén a correspondencia galego *ou* = cast. *o* (como en gal. *mouro* / cast. *moro*).

Un claro castelanismo é tamén *febilla* (= cast. *hebillas*), por *fibela*.

EXERCICIOS

I. Correxide os errores lingüísticos que atopedes nas seguintes frases:

1. Iba a sé-lo primeiro día de traballo despóis da convalescencia.
2. A Pepiño saíulle unha calva na testa.
3. A tarefa non é fácil, pero entre todos non pon medo.
4. Os casos coñecidos hasta agora son graves.
5. Mecanografeó axiña o que lle encargara o director.
6. E ó falar rudamente, perscrutaba na face do interlocutor o efecto que producía.
7. A muller viña de traxección liso, dunha cor indefinible antre verde e azul.
8. Fita ao Domingos, debruzado coa fronte cuase no prato, a culler percorrendo un camiño cortísimo.
9. ¿Qué tal anoite o teu tío? Ofrecéuse para o que quixera.
10. O que traballaba aquel enxeñeiro era unha loucura.
11. Chegou en punto: seus ollos verdes sorrián tras dos óculos de moda.
12. Era unha antiga cervexería de vellos camareiros e vellos fregueses que parecían esperá-la morte.
13. Algún día tamén nós hemos estar bebendo cha como eles agora.

14. Custóulle moito peitearse diante de aquel espello. Percebéu que a custión de todo está en axeitá-los cabelos co rosto.
- II. Estas verbas teñen forma parecida e significado distinto: *amolar*: amocar, causar molestias / *amolentar*: blandar, poñer blando / *esfolar*: sacá-lo pelexo a un animal, abrir en canal / *esfollar*: sacá-la folla.

Á vista das definicións, sustituíde os puntos nas oracións seguintes polo verbo axeitado:

1. Teño que a roupa da semá.
2. Ganámoslles por moito; los ben.
3. Témolo millo por
4. o saco que levaba pró muíño.
5. Ó cabalo lle as costas a paus.
6. Os tirizós pódense con auga fervida.

- III. Sustituíde o verbo *facer* nas seguintes frases por algún dos que poñemos a continuación, de xeito que non se repita ningún: *testar, partir, cometer, fundar, crear, proyectar, cocciñar, construir, dar, componer, sumar, obligar, enriquecer, desfalcar, pintar, cerrar, correr, arar, cumplir, fabricar, cometer, viaxar, nomear, andar*.

1. Os cartaxineses fixeron colonias en España. (fundaron)
2. Fai os pitillos á man.
3. Fixo un desfalco de 100.000 pesetas.
4. Fixeron unha igrexa nova.
5. Fixérono concellal.
6. Os que fagan un roubo van prá cadea.
7. No taller fanse pezas pra coches.
8. Meu irmán fai hoxe quince anos.
9. O arquitecto fixo o plano da casa.

10. Desde as nove fixemos doce quilómetros.
11. Vou facer un cadre ó óleo.
12. Fixo moitas faltas na carta.
13. Miña nai fai carne á plancha.
14. Fixo moitos cartos nas obras.
15. O vello dixo que non faría testamento.
16. Fixéronlle dimitir da directiva.
17. Os piñeiros fan sombra.
18. Deus fixo o mundo en sete días.
19. Marcelino divide as toradas na carpintería.
20. ¡Fai os regos dereitos!
21. Hai que facer unhas achas pró lume.
22. Corenta e corenta fan oitenta.
23. O director da banda fixo unha canción.
24. Fan os cen metros en menos de once segundos.

TESTOS LITERARIOS

Non sin o debido respeto e fonda querencia relixiosa, a musa da aldea parola cos santos de xeito ledo e confiado. Vai ós santuarios, en longas e divertidas pelegrinaxes, unha mitade cumplido ofertas de horas de docencia ou degoiros abafantes¹, e outra por botar un día de espilimento e gambernia². Camiño adiante, dáse a enguedellar³ devocións, alaudos⁴ e risadas nunhas coplas de humorismo san, bulrador e cumplimenteiro:

Glorioso San Sebastián
feito de pau de ameneiro,
primo carnal dos meus zocos,
curmán do meu tabaqueiro.

Santo que estás no caínzo⁵,
bota castañas abaixoo,

bótame das más grandiñas
que ás pequenas non me baixo.

Canta, paxariño, canta
na parede do sagrado,
non despérte-lo meniño
que é da Virxe do Rosario.

Señora Santa Lucía,
a do río do Piñeiro,
tede contiña da ermida
que non a leve o regueiro⁶.

A volta da romaría, na soedade estrelada da noite, xurde,
ás veces, na lonxanía, algunha tan sentida, tan emocionada, tan
íntima, tan saudosa coma esta:

¡Adiós, Virxe do Corpiño,
as costas che vou virando!
¡Inda que a cara vai rindo,
o corazón vai chorando!

R. Cabanillas, *Antífona da cantiga*
Ed. Galaxia, Vigo 1951, pp. 31-32

NOTAS

¹ sofocantes

⁴ alabanzas

² juerga

⁵ armazón, tejido de varas

³ enhebrar, enmarañar

⁶ riachuelo

ECUMENE DA LENDA APOSTÓLICA

Xacobo o Cebedeo foi apóstolo de Galilea no noso confín de Occidente. Píntano navegando, xa morto, dentro do esquife milagroso da «Arca marmórica», sobor do Atlántico tremoroso, de arribada no poñente solar.

Sofrira antes martirio en Tréveris, en presencia de bigotudos centurións, baixo o perseguição pagán dos Césares.

Como tódolos santos predicadores do evanxelio, abríu as ás do miragre e inventou pra Galicia e pró mundo, a más máxica lenda, inspiradora de firmismas tradicións. Demostró que a «vieira», berce da Venus cipriota, é místico emblema do santo, é o símbolo lumioso da nosa identidade coa mar. No Padrón, o seu corpo deixou sinal sobor dunha pena, e rumor dunha fonte milagreira. Desde o cumio do Pico Sagro, a raíña Lupa outeaba a presentida idea dun mundo novo e o ladrón gardián sentía ardé-la labarada¹ do inmorredoiro desterro.

O apóstolo da oriental Xudea foi heroica tese de catolicidade na punta más estrema dun continente. Nel latexa un tema esencial da nosa historia. A Galicia veu pra conxugá-la mítica lenda céltica dos bosques e das rochas, da mar e das fontes, do lume e dos ríos —do mesmo xeito có castro e a citania—, co ronsel² espiritual do seu esquife milagroso.

Era o nacente estelar. O astro da ecumenidade cheo de tre-mores e esperanzas sobor da mar terminal. De cara ó rumoroso horizonte do Libredón, ábrese un camiño de tódalas variedades humás do medioevo. Sólo así, por este simbólico esconxuro³, había de poder Santa Isabel atravesar por segunda vez a calzada xacobea, pra se recoller despóis nos ocultos claustros de Santa Clara de Coimbra. E Santa Bríxida arrincá-los talos musicales que adornaron a mística albura da xeadá Suecia.

As xentes de tódolos liñaxes de Europa aspiraban as más etéreas fragancias no templo de Santiago. A campaña ecuménica de noso Fisterre emborcaba⁴ sobor dos neboentos reinos lonxanos unha choiva de sons espirituales que se prendían nas vocacións de tódalas estirpes cabaleirescas, e no estilo das lumiosas dinastías reais. Na Borgoña, na Francia, en Navarra, en Aragón, en Castela, en Portugal e en Barcelona, relumean encol dos maestosos poderíos, os ecos estelares da campa e do camiño.

Tódolos horizontes estaban cheos de romeiros. Nas hosterías e nas calzadas, soaban as voces de tódalas linguas. Cancións e trovas de Provenza buscaban a inmensa respiración, poema no aire, que soa, sanga e gurgulla⁵ coma a testa do decapitado. Os pelegríns poetas inventan leda, coroada de trinos e marxinada de xuncos, a millor lírica do medioevo. A carón dos miracres mariáns, as tenzóns de amor e de amigo, aguzan a sensibilidade da época cun rumor imperceptible de fondo de espello. Ledicia dos latexos orixinarios e claro contento das remozadas cromáticas de paisaxes.

Os poetas, cabaleiros, cregos e reis limpaban os cristales do idioma, frolecidos no verso dunha terra acostumada ó mundo. Na universa Compostela celebrábase así a conxunción de tódolos camiños da cristiandade en marcha.

Francisco Fernández del Riego, *Cos ollos no noso espírito*
Ed. Alborada, Bos Aires 1949, pp. 66-68

NOTAS

- ¹ llamarada
- ² estela
- ³ conjuro

- ⁴ volcaba
- ⁵ borbotea

A ARTE GALEGA (I)

1. A arte prerrománica

Ó quedaren axiña as terras galegas libres da conquista árabe, no seu chan conserváronse moitos monumentos e restos arqueolóxicos da época prerrománica. Algúns chegaron ós nosos días, quizáis pola súa localización en lugares apartados e probes, onde a falla de recursos non facía doida a renovación das formas arquitectónicas; en outros casos, quizáis foi o valor de «reliquia» que se lle confería ó edificio o que propiciou a súa conservación.

Da época visigótica (século vii) hai que destacá-la igrexa de Santa Comba de Bande, con pranta de cruz grega e unha bóveda moi característica. Do período chamado asturián (s. ix) non se conservan restos de especial significación. Pro debemos notá-la hipótese, que pode ter algún fundamento, dunha posible aportación galega á elaboración do repertorio ornamental propio deste estilo. Como a parte máis culta da Hispania se atopaba baixo o dominio musulmán, a temática decorativa e as súas técnicas de execución teríanse que nutrit das tradicións locales das zonas non ocupadas. Desta maneira habería que entender, en parte, a aparición de motivos que parecen remontar á cultura castreña. A mozárabización da cultura que rexistra a Hispania cristiá no século x chega tamén a Galicia, deixando en San Miguel de Celanova o exemplo máis significativo.

2. A arte románica

Tense dito que ún dos efectos das pelegrinacións foi crear uns oasis onde antes había desertos artísticos. Tendo en conta o devandito, quizás sexa esaxerada esta afirmación no que toca a Galicia. Nembargantes, temos de reconocer que a importancia acadada pola pelegrinación a Santiago a partir do século XI, é causa determinante e fundamental da aparición na nosa rexión dunha arte de trascendencia europea. Sería inútil buscarlle a un edificio coma a catedral de Santiago raíces na tradición local e nin siquera na hispánica. Este monumento románico tan senlleiro sóio se pode esplicar como o cumial dunha serie de experiencias fundamentalmente francesas, cousa que non bota de lado aportacións e aclimatacións «hispánicas». As restantes sedes episcopais galegas seguirán o exemplo da metrópoli, reedificando as súas basílicas no novo estilo. Con estas empresas, e especialmente con outras secundarias (abadías, colexiatas, parroquias rurais), chegaráse a constituir un certo «selo» de peculiaridade que nos fai sentir hoxe a románica como unha arte profundamente encarnada na tradición galaica.

Tamén na escultura houbo unha boa aportación. Nos primeiros anos do século XII vaise formando en Santiago un importante taller escultórico, a partir de tradicións xaquesas e tolosas, especialmente. A irradiación deste taller faráse sentir en diversos focos do «camiño de Santiago», mentres que no resto da rexión non parece que callara en estilos locales. Hai que agardar ó mestre Mateo, autor do Pórtico da Gloria da catedral compostelá, pra asistir á difusión por toda Galicia dun estilo escultórico que compaxina a peculiaridade cun alto nivel de calidade. A persoal interpretación que lle soubo dar Mateo ó material local —o duro granito— tal vez sexa unha das claves do seu éxito.


3. A arte gótica

Este extraordinario florecemento da arte románica, que fai




*«O sol ponente polas vidreiras
da Soledade, lanza serenos
raios que firen descoloridos
da Groria ós ánxeles i ó Padre Eterno.»*

(ROSALÍA, *Follas novas*)



Dúas mostras da arte galega contemporánea:
MASIDE, Costureira (pintura); ASORÉI, Pica-
riña (escultura).



de Galicia entre 1075 e 1200 unha provincia de especial significación na arte europea, quedou despóis varado e, ó final, chegou a unha forte decadencia. A causa fundamental deste fenómeno é a perda da súa relevancia política. A unión de Castela e León e a conquista de Andalucía fan de Galicia unha rexión marxinada, se temos en conta a importancia que acadara na época anterior. A arte do século XIII, e especialmente a escultura, vai aproveitando as formas do período anterior, cunha calidade cada vez máis probe e falta de orixinalidade. De calquera xeito, hai novedades, entre as que se debe resaltá-lo temperán agromar de goticismo que foi a campaña de conclusión da catedral de Tui, cun portal que introduce o novo estilo nado no norte de Francia, pro que non chegará a callar. En Ourense, a conclusión da catedral faise seguindo fórmulas más tradicionais.

Nos fins do século XIII topamos xa coa formulación dun estilo escultórico «rexional», que ten unha base fundamentalmente gótica, aínda que presenta apariencias arcaizantes «románicas». A escultura funeraria é o xénero que millor permite seguí-la súa evolución.

Máis ou menos contemporánea é a aclimatación dunha arquitectura gótica de feitío sinxelo, como corresponde ós ideales de austerdade de franciscáns e dominicos, as dúas ordes relixiosas que máis se ocuparon de lle dar pulo. Neste ambiente artístico pouco dado a pretensións, especialmente na parte referente á escultura, unha obra como a do Hospital Real de Santiago, que pecha o período, hai que entendela como unha cousa esótica, totalmente desvincellada da tradición rexional.

4. Arte renacentista

A empresa do Hospital Real de Santiago prefigura, ademáis, a forma de penetración do novo estilo renacentista: serán artistas estranxeiros, especialmente holandeses, flamencos e franceses, os

que o introducen, nunha versión que poderíamos chamar «nórdica», que será a dominante no primeiro tercio do século XVI.

En escultura merece destacá-la figura de Cornelis de Holanda. Na arquitectura é cume importante a nova fachada do Hospital Real de Santiago, que inicia o plateresco. O colexio de Fonseca e a fachada do Tesouro da Catedral compostelá introducen en Santiago o momento «purista». A segunda mitade do século rexistra, en canto a escultura, unha importante penetración do estilo de Juan de Juni, especialmente en terras ourensás e, no arquitectónico, o comenzo da renovación das construcións monásticas, que acadará a súa culminación no barroco.

En relación co período anterior, o Renacemento aporta a Galicia unha certa elevación do nivel artístico. Como contrapartida, non chega a adquirí-lo ton de peculiaridade, e popularidade mesmo, que antes se rexistrara.

VOCABULARIO

feitío: *índole, hechura*
senlleiro: *singular, único*

cumial: *culminación*
xaquesa: *de Jaca*

OS CASTELANISMOS (II)

2. Castelanismos morfolóxicos

Galego e castelán, xa se dixo máis veces, están vencellados xenealóxicamente e este feito esplica o gran número de afinidades que teñen. Quizás é no eido da morfoloxía onde a persoalidade do galego é más rexa de cara ó castelán. Pro aínda así hai moitos falantes (e principalmente escritores), que teñen como lingua nai o castelán, que non saben xebrar ben os patróns casteláns dos galegos e adoptan formas que non pertenecen á nosa gramática.

Pois ben, conforme en leccións anteriores nos preocupamos de

condenar certas posturas que, por apartá-lo galego do castelán, caían nun galego ficticio, tamén compre denunciarmos agora o estremo contrario: o feito de que por ignorancia ou por descuido se prescinda de formas auténticamente galegas sustituíndoas polas correspondentes castelás ou calcándoas do castelán. O galego escesivamente diferencialista desvencéllase da fala viva e pasa a ser letra morta; o galego non espurgado de castelanismos corre o risco de se convertir nun dialecto do castelán. Fuxindo de ambos vicios, terémo-lo verdadeiro galego.

Enumeremos logo os castelanismos morfolóxicos más frecuentes:

A) *O sustantivo*: No tocante a esta parte da oración compre ter en conta o xénero. Hai algúns nomes que o teñen diferente en galego e en castelán. Remitimos ó que queda dito en *Gallego 1*, pp. 35-36 e en *Gallego 2*, pp. 47-49. Compre, xa que logo, rexeitar formas como **a leite, *a mel, *a sal*, etc.

Non é caprichosa esta discrepancia de xéneros nas dúas linguas. A esplicación pertenece á historia de cada unha delas: os nomes de que proceden eran xeralmente neutros en latín e, ó desaparecer este xénero, incorporáronse en cada lingua románica ó masculino ou ó femenino, sin uniformidade.

B) *O pronomo*:

a) *Pronome persoal*: Non adoita haber castelanismos no pronomo persoal; pro, se acaso, compre lembrarmos:

α) que non hai «leísmo» (ou, millor dito, «lleísmo») en galego; ou sexa, que non se usa lle por o (ou -lo) en ningunha ocasión. Serán daquela, calcos do castelán frases como: **Fulano e Mengana teñen o gusto de invitarlle ó boutizo do seu fillo; outra cousa más lle preocupou; á miña filla adivírtelle moito os monifates; eso non lles asustou; amoláballe o tictac.*

β) Que no galego hai dous pronomes oblícuos prá 2.ª persoa

(*che e te*), cada ún cunha función específica. Remitimos ó dito en Gallego 1, pp. 72-73. É castelanismo o seu uso indiscriminado, por exemplo: *xa te dixen eso; non che vin na feira; adviño que bule algo en ti que che vai perder; nunua che entendo.*

γ) Que se esixe a forma *min* nas comparacións: *máis ca min, menos ca min, tanto coma min.* Tamén se usa *min* tras das preposiciones *canda* e *onda*. É polo tanto castelanismo usá-las formas de súxeto: **máis ca eu, *onda eu, *canda eu.*

δ) Acerca dos castelanismos sintácticos relativos á colocación dos pronomes persoais, remitimos máis abaixo.

b) *Pronome demostrativo:* Tampouco adoita haber moitos castelanismos neste eido, entre outras razóns porque os pronomes demostrativos sóio son tres. Pro non faltan aínda así escritores que prós plurales dos de primeira e segunda persoa usan **estos* e **esos* no canto de *estes* e *eses*.

c) *Pronomes relativos e interrogativos:* Son moi frecuentes dous castelanismos neste eido:

α) O uso do relativo *cui* que en galego moderno non existe (vede Gallego 2, p. 133). No galego medieval había unha forma *cujo* que en galego moderno tiña que resolverse en *cuxo*. Esto demóstrano-lo carácter castelán de *cui*. ¿Cómo se poden decir entón en galego frases como: *la señorita Aurora, cuya mano ha sido pedida ou el señor acerca de cuya salud te interesabas ya está bien?* De algún xeito semellante a: *a señorita Aurora de quen foi pedida a man e o home do que preguntabas pola saúde xa está ben.*

β) Outro castelanismo do relativo e interrogativo é o uso frecuente dun plural **quenes*. A única forma que existe no galego popular é *quen* (vede Gallego 1, p. 110 e Gallego 2, p. 132), que esixe concordancia verbal en singular, fóra de ser que pode ir en singular ou plural: *non me importa quen sea; ¿Quén son aqueles tres mozos?; quen está en casa allea, se ben está, ben estea; quen te mandou*

anda algo despistado. Formas como **quenes te mandaron, *quenes sexan* son, polo de hoxe, inadmisibles.

X d) *Indefinidos:* Atopamos dous castelanismos moi repetidos: ún é *calquer* en lugar de *calquera*. Sóio esta segunda forma é a propia; serán rexeitables, logo, formas coma: **estomballado de calquer xeito; *pelexaban por calquer parvada; *como calquer outro día.* Tamén é castelanismo o uso do indefinido *algún* en frases negativas: **non come cousa algúna.* En galego moderno aínda son necesarias as dúas negacións: *non come cousa ningunha.*

EXERCICIOS

I. Correxide os castelanismos que poida haber nas frases seguintes:

1. A parexa da garda civil detivo ós moinantes que acamparamon na carballeira.
2. Non botes tanta cal, que me quéima-las mans.
3. É posible que sea como dices, pro eso non se fai.
4. Ten tino: que che dé das más maduras.
5. Nosoutros vamos polo atallo; eles que fagan o que queirán.
6. ¿Eres capaz de negá-lo que eu vin?
7. Apaña esos garabullos.
8. Non é que sepa moito de motores, pro fainos andar.
9. Estábamos convencidos de que o habías de conseguir.
10. C é o conxunto ó que se chega cando ós conxuntos A e B transfórmasellos pola operación X.
11. ¿Qué mosca che picóu, Susiño?
12. Outra cousa más lle preocupóu.
13. A Teo amoláballe o tic-tac do reló.
14. Comía tanto coma eu.
15. Non me din de conta de quenes eran.

- ✓ 16. Estou sin diñeiro algún.
✓ 17. Estos días non veu por aquí.
✓ 18. É un autor ciosos conocementos científicos compre du-
dar.
- II. No seguinte testo, tradución dun fragmento de «La familia de Pascual Duarte» hai algúns erros lingüísticos. Correxídeos.
- Eu, señor, non son malo, anque non me faltarián motivos para selo. Os mismos coiros temos tódolos mortaes ó nacéremos e nembargantes cando vamos medrando, o destino compláce-se en variarnos como si fósemos de cera e en destinarnos por sendas diferentes ó mesmo fin: a morte. Hai homes a quenes se lles ordena marchar por o camiño das flores, e homes a quenes se lles manda tirar polo camiño dos cardos e das figueiras chombas. Aqueles gozan de un mirar sereno e á aroma da súa felicidá soñén coa faciana do inocente; estes outros sufren do sol violento da chanura e arrugan o ceño como as alimañas pra se defender. Hai moita diferencia entre se adornar as carnes con arrebol e colonia, e facelo con tatuaxes que dimpóis nadie ha de borrar.
- Nacín fai xa moitos anos —a lo menos cincuenta e cinco— nun pueblo perdido pola provincia de Badajoz; o pueblo estaba a unhas dúas légoas de Almendralejo, aníñado sobor dunha carretera lisa e longa como un día sen pan, lisa e longa como os días —dunha lisura e unha largura coma usté pró seu ben, non pode nin decatarse— dun condenado a morte.
- III. Nas seguintes frases, sustituíde a palabra *cousa* por un sustantivo axeitado, sin que se repita ningún, de entre os que integran esta lista: *noticia, ingrediente, graos, palabra, empresas, penchas, nada, roupa, razóns, produto, esperiencia, regalos, lixo, menciña, asuntos, síntomas*.

1. Non tiña cousa que poñer.
2. Metéuseme unha cousa no ollo.
3. ¿Con qué couosas se prepara o caldo?
4. O enfermo non tiña couosas que indicaran gravedade.
5. Non atopamos cousa que levar á boca.
6. Os Reis trouxéronnos couosas próximos nenos.
7. A troita ten unhas couosas redondiñas pola pel.
8. Teño moitas couosas que resolver.
9. Non dixo cousa que viñera ó caso.
10. Vénenos decir unha cousa que vos ha de alegrar.
11. Non chegamos a trato por couosas que xa che contarei.
12. O marisco estaba mal e saíronme couosas por todo o corpo.
13. Trai da botica algunha cousa próxima a catarro.
14. Sulfataron as patacas cunha cousa moi boa.
15. A caza do lobo é unha cousa emocionante.
16. Os primeiros viaxes ó Polo foron unha cousa ben arriscada.

TESTOS LITERARIOS

AS CATRO DONAS DA CATEDRAL

As catro na duda entre a realidade e o símbolo...

A fermosa Salomé, cara de mazá e de panadeira, corpo e saia de coto de ermida, sabe acoller como recomendacións ó seu fillo moitas oracións. Fóra do tempo alenta en tódolos tempos de Galicia. Quizás por seren todos variacións dun «románico» inmanente. Campa por igual de panadeira veciña do San Fiz, de abadesa de mosteiro¹ cando había no mundo pecados novos e simpáticos como mocíños farreantes², de dona de Altamira dispoñendo os tecidos dos liños. Moitas veces temos enxergado a María Salomé, os reflexos verdadeiros dela, no rego do tempo que vai connosco, nas feiras antigas en muliña xeitosa, na paisaxe

afondada polos castros, na sá³ de veludos verdes na nosa nenez. O seu sorris aínda non agromado ten o engado de tódolos sorrises prometidos. E por eso semella nova sempre. Fermosa nai calma e redonda como nube, peneira⁴, pote, mazá. Cando no seu día amence⁵ envolveita en roda de velas, danno desexos de lle pedílos melindres e a copa de tostado.

En troques, a sorrisa da raíña Esther poidera ser de vella de non ser ela santa. Ou polo pouco, case benaventurada. Un engaiolante⁶ misterio o sorris das estatuas. Pensamos en cal sería o sentir de Lessing. Ten encirrado⁷ moitos comentarios baixos e invitado ás dúas ou tres interpretacións lexítimas, o diálogo de sorrises mantido na lumieira⁸ do trasmundo entre Daniel e Esther. Pro ¿de certo é un diálogo? Millor un reflexo da mesma emoción. Verdadeiramente, atópanse os ollos. Pro sóio un intre. O do desenvelamento da Gloria. En diferente grado, lembrando o carácter profético de Daniel. Os ollos atópanse e os beizos sorrín, pro non hai diálogo nin o pode haber no senso humán, sendo precisos os xuicios pró diálogo e figurando unha das regalías da Gloria o teren fuxido toda sorte de comparanzas diante da luz sempre única e nova. Un sorris, o de Esther, de grande dona da corte do Ceo, se se concede o emprego de categorías palatinas no introito e revelación do Ceo. Sería interesante e de rendemento, un bo estudio deste sorris. Poida que o primeiro, de raíña levado na plástica hastra as metafóricas raíñas barrocas, como María Teresa e as infindas versións italiás, francesas, españolas, xermanas do seu sorris de «mónada» imperial.

As outras deben ó benfeito da morte a súa beleza. Deu licencia a Igrexa pra gardar nos templos a beleza peneirada pola Morte. É xusta e piadosa a Igrexa neste caso. E semella inspirada polo amor dos primeiros, dos grandes románticos (sóio «grandes» os primeiros; non sofre herdo⁹, nin copia, a espida pasión estremosa). Non se pode fuxir da pregunta ¿onde fina a beleza da muller e empeza a da Morte? Pregunta obligada polo respeto ó

método. Pois de seguida se impón a verdadeira natureza da Morte: coma a auga e o vento, non ten forma, e sóio colle, obedecéndoa, a envolveita por ela.

R. Otero Pedrayo, *O espello na serán*
Ed. Galaxia, Vigo 1966, pp. 97-99

NOTAS

| | | | |
|--------------|------------------------|--------------|------------|
| ¹ | monasterio | ⁶ | cautivador |
| ² | jaraneros, juerguistas | ⁷ | incitado |
| ³ | sala | ⁸ | umbral |
| ⁴ | cernidor, tamiz | ⁹ | herencia |
| ⁵ | amanece | | |

* * *

Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagó e polo gran sentimento de quen o fixo.

¿Tedes reparado nos nosos cruceiros aldeáns? Pois reparade.

A Virxe das Angustias, encravada no reverso de moitas cruces de pedra, non é a Piedade dos escultores; é a Piedade creada polos canteiros.

Os nosos canteiros, deixándose levar polo sentimento, non podían maxinar un home no colo da nai.

Prós artistas canteiros, Xesucristo sempre é pequeno, sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos pequenos nos colos de nosas nais.

Reparade nos cruceiros e descubriredes moitos tesouros.

Castelao, *Cousas*
4.^a ed., Ed. Galaxia, Vigo 1971, p. 15

A ARTE GALEGA (II)

5. Arte barroca

O barroco representa en Galicia un verdadeiro renacemento artístico no que a calidad supera á do período anterior e, más que nada, chega a unha unificación cunha impronta orixinal que se convertirá en tradición artística.

O barroquismo ten unha manifestación temperá na escultura moi peculiar de Francisco Moure, onde parecen emerxer —fenómeno típico do barroco— resabios medievais antes reprimidos. Os anos centrais do século XVII rexistran a consolidación do influxo de Gregorio Fernández —galego de nacemento, anque non na súa actividade— na figura de Mateo de Prado. A tradición que este inaugura chegará hastra o século seguinte, no que será rexeitada polo barroquismo italianizante de Gambino.

Pro onde se rexistra fundamentalmente a máxima expresión é na arquitectura. O vasto programa de renovación do exterior da catedral de Santiago, como intento de lle restaurar, dentro do novo estilo, a unidade comprometida polas reformas ocurridas no curso dos séculos, será a empresa primordial, servindo además de canteira prá formación de artistas que levarán o seu influxo a toda a rexión. Coa figura de Domingo de Andrade (torre do reló da catedral de Santiago, Casa da Parra, baldaquino da capela do Cristo de Ourense, ...) empézase a definir unha verdadeira escola rexional. Non menor é a importancia de Fernando de

p.139

Casas e Núvoa, que nos deixa na fachada do Obradoiro da catedral compostelá a obra quizás máis lograda de toda a escola. Selo distintivo de todos estes artífices será, como xa rexistraramos no mestre Mateo, a acomodación do deseño arquitectónico e decorativo ás potencialidades do material local. Se en Andrade se manifesta esto na hinchazón da súa temática vexetal, en Casas, e especialmente en Simón Rodríguez, Lucas Ferro Caaveiro e Fernández Sarela, orientarése cara á xeometrización —con precedentes xa na primeira mitade do XVII— do orixinal estilo de «placas».

Se dixemos que a empresa fundamental do barroco galego foi a renovación da catedral compostelá, non hai que esquencer tam-pouco a extraordinaria demanda que supuxo a reedificación das instalacións monásticas de case toda Galicia: Oseira, Sobrado, Monfero, San Martiño Pinario, Vilanova de Lourenzá, etc., darán ocasión, na renovación das súas igrexas, fachadas e claustros, á dilatación dos ambiciosos programas barrocos.

En todos estes programas, tanto rurales coma urbáns, albíscase un mesmo criterio escenográfico totalizador, típicamente barroco. Non se pensa xa no edificio como obra de arte illada, senón como elemento dun conxunto. En Santiago é a cidade mesma a que se concibe como materia de elaboración artística. Por outra banda, mesmo os agrestes emplazamentos dos mosteiros cistercienses e benedictinos conocerán unha organización tamén «urbanística» dos seus conxuntos. Dentro deste mesmo concepto escenográfico, pódese facer áinda lembranza da arquitectura de algúns pazos, como o de Oca, especie de versión rural de prototipos de corte «versallesco». F5)

6. Do neoclasicismo ós nosos días

O paso cara ó neoclasicismo faise na escultura sin moita tensión ó traveso da importante figura de Xosé Ferreiro. A súa excepcional lonxevidade permitíulle unha intensa actividade e,

especialmente, unha extraordinaria influencia en toda Galicia. Tamén é interesante a figura de Manuel de Prado. Dos dous artífices parte unha tradición de imaxinería que chegou case hastra o noso século.

En arquitectura meréccense citar Miguel Ferro —fillo de Lucas, o arquitecto barroco— e Melchor de Prado, irmán do escultor do mesmo apelido. A súa arte, correcta e ás veces con certa inspiración, non chegou a acadá-la popularidade do barroco. A desamortización logo veu liquidar todo un sistema e tradicións de creación artística que asentaba fundamentalmente no patronato eclesiástico; amais, xa se prevía de antes a decadencia.

O renacemento que esperimentaba a cultura galega na segunda mitade do século XIX non terá eco inmediato nas artes plásticas. A escultura terá que esperar a Francisco Asoréi, xa no noso século, pra atopar un acento semellante ó que Rosalía e Curros imprimiran á poesía moitos anos antes. A esaltación dos rexionalismos e primitivismos artísticos, que se acusou en toda a arte europea a partir de 1900, propiciaría o movemento que este escultor encarnou. O granito local volve a atopar con el unha axeitada interpretación. Máis perto de nós, compre lembrar a Bonome, ó malogrado Eiroa e, nos nosos días, a Faílde —feliz rescate da tradición escultórica popular— e a Xoán Piñeiro, todos eles máis ou menos relacionados, en principio, coa concepción rexionalista e primitivista inaugurada por Asoréi, aínda que se diferencian considerablemente delas formulacións dos seus respectivos estilos. Dentro das tendencias máis cosmopolitas hai que situar a Cristina Mallo e Carlos Ferreira. Na xeneración máis nova destaca o ourensán Acisclo Manzano.

A crise que polos seus especiais condicionamentos esperimenta a arquitectura, como arte, desde comenzaos do século XIX en todo o mundo, fai que sexa difícil a súa consideración a nivel rexional. Limitarémonos a lembrá-la figura de Antonio Palacios, na primeira mitade do noso século, que ten unha actividade esen-

cialmente madrileña. A súa arte enfática, chea de elementos historicistas, teimou algunha vez, sin fortuna práctica, unha conxión con tradicións medievais galegas. Un certo sentido tradicional, neste caso relacionado co barroco de «placas», é visible tamén no deseño da Residencia de Estudantes de Santiago, de Xenaro Lafuente. Dentro dunha tendencia estilística semellante hai que incluir a Gómez Román. Nos nosos días debemos destacá-la actividade de Xosé Bar Boo, dentro de concepcións más concordes coa revolución arquitectónica do século actual.

50

Deixamos pró final a pintura, debido ó fragmentario da información que poseemos sobre o seu desenvolvemento na nosa rexión e á falla dunha verdadeira tradición de calidade na súa práctica antes do noso século. As miniaturas do «tumbo A» da catedral de Santiago (século XII) fan presentí-la esistencia contemporánea dunha pintura mural da que non nos chegou ningún resto. A pintura monumental medieval galega é toda ela da época gótica e na súa maioría serodia e de calidade secundaria, aínda que expresiva, como tódalas mostras artísticas non alonxadas do popular. Os murales de Vilar de Donas hai que poñelos dentro do máis destacable.

No século XVII, a figura ainda non totalmente dilucidada de Antonio Puga, ourensán de nacemento, non se pode entender fóra da tradición velazqueña. Tamén Gregorio Ferro, afortunado contrincante de Goya nunhas oposicións á Academia, está máis alá de todo vencellamento a unha «escola galega» de pintura. Moi significativa dentro do romanticismo español é a persoalidade de Xenaro Pérez Villaamil que, como os posteriores Serafín Avendaño (paisaxista de gran sensibilidade), Ramón Parada Xustel e Dionisio Fierros —asturián de nacemento—, tampouco se poden integrar nunha tradición rexional.

En Fernando Álvarez de Sotomayor pódese reconocer xa, se non unha tradición, sí unha intención rexionalista cunha técnica que aproveita algunas das leccións do impresionismo e reflexa

unha temática costumista equivalente á que Zubiaurre, Sorolla, E. Hermoso, etc., manexaron nas súas respectivas rexións. Máis importancia ten Castelao, pintor, pro más ca nada estraordinario dibuxante, que vai máis alá da mera ilustración costumista cunha arte de maior intención e significación humá. A el hai que vencerllar, non precisamente polo estilo, nomes de xeneracións posteriores, como Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Laxeiro e Luís Seoane. Todos eles reflexan na súa arte as aportacións da gran revolución plástica do noso século —cubismo, expresionismo e «fauvismo» especialmente— sin se sentir, nem bargantes, tentados polo non-figurativo. A tendencia primitivista que impregna toda a arte moderna lévaos en ocasións a reminiscencias da tradición artística galega popular e medieval, como xa sinalamos tamén con relación ós escultores. Maside e Seoane teñen tamén importancia como grabadores, técnica que tivo en Galicia un considerable desenrollo en outros séculos.

Destro do experimentalismo de avangarda hai que destacar a Xosé María de Labra. Da xeneración máis nova empézanse a afirmá-los nomes de Xaime Quesada, Xosé Luís de Dios e Virxilio.

Enlazando estas dúas xeneracións derradeiras compre destacarmos a Díaz Pardo, que cultiva con éxito a pintura e máis o diseño e decoración de cerámica.

VOCABULARIO

albiscar: *divisar*

vencellamento: *vinculación*

OS CASTELANISMOS (III)

2. Castelanismos morfolóxicos (Cont.)

C) **O verbo** (I)

a) Nas formas simples do verbo non adoita haber en galego

castelanismos. Se acaso sinalemos que os futuros fórmanse sempre con infinitivo + -éi, -ás, -á, etc. Nunca hai futuros con -d- epentética nos temas acabados en -n ou en -l. Así, diremos: *teréi*, *viréi*, *poñeréi*, *valeréi*, *sairéi* e non **tendréi*, **vendréi*, **pondréi*, **valdréi*, **saldréi*. Do mesmo xeito fórmase o futuro hipotético: *tería*, *viría*, *poñería*, etc. e non **tendría*, **vendría*, **pondría*, etc. O carácter híbrido (castrapo) das formas con asterisco resulta evidente.

b) Nas formas perifrásicas os castelanismos son máis abundantes. Convén ter en conta que no galego falado, polas observacións que levamos feitas hastra agora, non existe haber como auxiliar co mesmo sentido que en castelán, por más que teña cabida nas páxinas de moitos escritores. De feito, en algunas falas locales estudiadas hastra o momento (e quizás en todo o galego) non atopamos perífrasis como **he cantado*, **había cantado*, **houben cantado*, **haberéi cantado*, **habería cantado*, **haxa cantado*, **houbera / houbese cantado*, **haber cantado*, **habendo cantado*, equivalentes ó castelán *he cantado*, *había cantado*, etc. Desto deducimos, provisionalmente, que tales xiros galegos non son outra cousa ca calcos do castelán.

Remitimos ó que queda dito en *Gallego 2*, leccións 18, 19 e 20 sobre do valor dos tempos en galego pra un uso correcto deles. Ó dito alí podemos engadir aquí un comentario a cada ún dos calcos que mencionamos arriba.

α) **Hei cantado* é calco do castelán *he cantado*. O castelán, como é sabido, distingue douis tempos absolutos pró pasado: *canté* e *he cantado*, diferenciados en que o primeiro remite a un tempo lonxano e o segundo a un tempo próximo. O galego non distingue entre as dúas localizacións temporais: sóio hai un *tempo*, *cantéi*, que pode ser próximo (*saiu agora mesmo*) ou remoto (*morréu hai máis de vinte anos*).

β) **Había cantado* é calco do castelán *había cantado*. Resulta ben sabido que este tempo castelán é un pluscuamperfecto, ou

sexas, que indica un feito pasado relativamente a un intre no pasado: *cuando llegó se había marchado*. En galego esta localización espresase por *cantara*: *cando cheguéi xa marchara*.

γ) **Houben cantado* é un calco do castelán *hube cantado*, perífrasis que espresa un tempo inmediatamente anterior a un intre no pasado: *cuando hubo dicho esto, se sentó*. En galego esta mesma noción hai que espresala por outros medios: *despós de decir esto* *[e]*, *sentouse, en decindo esto..., ó que dixo esto..., desque dixo esto..., etc.*

δ) **Haberéi cantado* é calco do castelán *habré cantado*. O valor deste tempo castelán é espresar un feito que ocorre nun intre anterior a un punto no futuro: *cuando tú llegues ya habré terminado el trabajo*. Esta mesma localización temporal pódese espresar en galego de varias maneiras, conforme vemos polas versións da frase anterior: *cando chegues xa acabéi eu o traballo*, *cando ti chegues hei ter eu o traballo acabado*, *cando ti chegues xa teño eu o traballo acabado*, todas elas con matices lixeiramente diferentes, pro con idéntico significado.

Esta mesma perífrasis castelá ten un valor secundario de feito altamente probable situado nun pasado inmediato: *te habrás dado cuenta de que estabas equivocado*. Pois ben, do mesmo xeito que no plano real o galego non distingue entre pasado próximo e remoto (cfr. castelán *he cantado / canté*), tampouco distingue no plano da irrealdade. Por eso sóio esiste unha forma pra espresá-la probabilidade no pasado: *cantaría*. Deste xeito o galego *decataríaste de que estabas trabucado* traduce as dúas frases castelás: *te darías cuenta (entonces) de que estabas equivocado e te habrás dado cuenta (ahora) de que estabas equivocado*.

ε) **Habería cantado* é calco do castelán *habría cantado*. Este tempo castelán ten o valor fundamental de espresar un intre inmediatamente anterior a un feito que é futuro relativo dun pasado: *dijo que habría terminado cuando tú llegases*. Esta mesma localización temporal pódese espresar de varios xeitos en galego: *dijo* *[e]*,

que había ter acabado cando ti chegases; ... iba ter acabado...; ... tería acabado...; ... tiña acabado...?

Un sentido secundario desta perífrasis castelá é o de espresar unha probabilidade no pasado: *se habrían apresurado demasiado a casarla*. Neste caso a equivalencia galega pódese dar por *cantaría: apuraríanse de más a casala* ou ben por *quizáis + cantéi: quizáis se apuraron de más a casala*.

Outro uso moi frecuente desta perífrasis castelá atópase nas apódosis das oracións condicionais: *si hubieras estado aquí no me habría sucedido esto*. En galego esprésase esta mesma idea por *cantaba* ou *cantaría: se estiveras aquí non me pasaba esto, ... pasaría...*

EXERCICIOS

- I. Correxide os castelanismos que haxa nas frases seguintes:
 1. Haberían tido que consultar cun bo abogado.
 2. Non lle digades nada porque quizáis non haxa tido tempo pra mirar por el.
 3. Non falou de que houbera rematado o negocio, senón de que o trato iba por bo camiño.
 4. Se llo dixeran antes penso que habería reparado en facerlle unha visita.
 5. Se llo houbésemos posto dentro do coche non se lle houbera esquencido.
 6. ¿Non lle haberíades faltado en algo?
 7. Xa mo dirás despós que haxas feito o servizio.
 8. Non ben se houbo espido cando lle empezaron as xanas de tose.
 9. ¿Quén lle ten a culpa? ¡Houbera firmado a seu debido tempo!

10. Pra daquela xa meu tío había rachado tódolos papeles que lle atopara enriba da mesa.
 11. Tendríades que habelo visto. ¡Cómo se puxo!
 12. Non supen del hastra onte pola noite.
 13. Non me veñades con que non o sabíades porque habíase falado destos asuntos hastra quedarmos roncos.
 14. Pondremos carteles en tódalas esquinas e faremos propaganda arreo nos diarios e pola radio.
 15. Non hemos contado con eles, así que hai que volver a facer todo outra vez.
- II. No seguinte testo, tradución de «El Jarama», de R. Sánchez Ferlosio (p. 117) hai algúns erros lingüísticos que convén sinalar e correxir.

Faustina gardaba o diñeiro que lle había dado o home dos zapatos blancos. Arrugóu a nariz mirando a Lucio e dixo, señalando coa sien esquerda hacia a porta, por donde o outro acababa de marcharse:

—¿E éste...?

—Un bon tío. Do millor.

—Non sei qué vida é a que conduce. Será un bon home, non o poño en cuarentena, pero non o entendo, non o vexo claro... Logo entró o Chamarís con Azufre, un can amarillo. O alguacil detrás e o carniceiro de antes, con outro carniceiro de San Fernando, e Azufre ximía e meneaba a coa.

—Boas.

—Faustiná —a saludaba o novo carniceiro, cargándolle un acento de confianza na última A.

O can foise ulindo a forasteiro o pasillo adiante, e cando íbase a facerlle festas á familia dos Ocaña, se lle cruzaba

o gato en mitá do xardín e houbo un amago de rifa, pro o gato fixo cara e Azufre se voltaba con a voz de Justina detrás, que lle gritaba: «¡Chucho...!», ó asomar na cuciña.

—¿Nos pon usted café?

—Tase quentando.

O outro carniceiro era más alto e flaco, pro tiña o mesmo aire saludábele de seu colega. Enarcaba a espáldoa como un gato ou como un ciclista, e inclinaba pra baixo a cabeza pra falar con os outros. Leéu na estantería:

—«Ojén Morales». Unha bibida anterga. Ésa é pra ti, que che gosta a cazalla —dáballe co codo.

—O ojén non é bibida pra diario.

Salíu Faustina a velo café.

—Xa me enteréi que lle puxo as peras a cuarto, esta mañán, a ese fantoche do Auntamento...

TESTO LITERARIO

OS ARTÍFICES DOS CRUCEIROS

Desque as cruces altas de Galicia entraron no xeito barroco, deixándose refacer pola man dos nosos canteiros, ningúén coidaría que non naceron alí, de seu. Porque a nova beleza destes monumentos foi creada polo xenio popular galego, amante dos libres ritmos e das fermosas proporcións, pois sendo verdade que en Galicia tódalas formas artísticas teñen entrada, por esóticas que sexan, tamén é certo que alí sóio frolece o que as leis do xenio galego aloumiñan¹; é decir, o que se deixa recriar e pode ser galeguizado.

Xa dixemos que os cruceiros son ideas do pobo, en pedra, pensamentos saturados de emoción colectiva; pro a estética tra-

dicional dos cruceiros non se deixa arrufiar² pola rutina das técnicas populares, porque os nosos mestres canteiros poseen unha sabiduría de séculos, traspasan os valados da vulgar artesanía e van na precura do divino poder da creación. Os canteiros galegos dominan instintivamente o seu oficio, pois se deprehenderon reglas pra labraren a pedra, ben se pode decir que as esquenceron de puro sabidas. Esto é no que atingue ós recursos da técnica; pro no tocante á estética, ben se pode decir que a recibiron e sinten como condición inmanente do seu ser espiritual.

.....

Pro é que as artes populares son fillas do xenio anónimo, e progresan pasenxamente pola selección e cultivo das formas preferidas, tal como acontece cos froitos da terra. E sendo certo que os nosos canteiros xa figuraron como mestres desde o período románico e falan ainda unha linguaxe de gremio, hoxe son rústicos e aldeáns, anque celosos da súa arte e donos do xenio autóctono. Así, o mestre canteiro non é máis ca pai das súas obras, e deixa nelas o seu cuño espiritual, como fillas que son do amor; pro sempre orquestadas baixo a lei do xenio común e único, é decir, galego. E como cada cruceiro saí dunha soia man e todos eles se semellan e diferencian, en número incontable e en variedade infinita, coidamos que no conxunto destes sinxelos monumentos reside un caudal extraordinario de arte como pra demostrá-la nosa diferenciación.

Castelao, *Escolma posible*
Ed. Galaxia, Vigo 1964, pp. 126-127

NOTAS

¹ acarician, miman

² enfriar

* * *

Vexamos algo do secreto da arte seoanesca. Mais pra descubrilo, ou siquera sospeitalo, compre preguntar, de acordo co noso

pensamento, cómo é a realidade do home Luís Seoane. Temos, pois, que facer un diagnóstico antropolóxico. Os diagnósticos desta índole atenden sempre a varias caras da persoalidade que se estudia. Son, invariablemente, pluridimensionais. Atenden, dentro dunha dirección única, a diversos vectores enerxéticos do suxeto que se analiza. No caso de Luís Seoane coido eu que poden esquematizarse, moi rápidamente, en catro notas esenciais. Estas:

a) Predominio do afectivo sobre o intelectivo; b) predominio do dinámico sobre o estático; c) pescuda¹ constante dun punto de apoyo na realidade; d) radicalidade vivencial.

A primeira nota quere significar que Seoane reaciona diante das solicitudes do mundo darredor pola vía da emotividade. Seoane é un emotivo.

A segunda caracterización pretende suliñá-lo seu constante facer. Tanto fai, e en cásenque tódolos ordes, que incluso *fai* polo que os demáis *non fan*. Así se esplica a súa notable fecundidade e esa especie de fartura suplementaria que o torna presente nos eidos alleos á súa propia obra.

A terceira nota alude a que o primitivo, o orixinario reacionar emotivo non está racionalizado ou, de estalo, aprosimase á idealización; pretende, por outra banda, ser sumamente obxectivo. Seoane trata a cada intre de non se desviar da realidade.

O cuarto distingo fai mención ó feito de que xustamente ese reacionar afectivo trai como resultas que se viva con máis radicalidade a vida e os seus problemas. Penetra máis na realidade profunda o emotivo có discursivo. Seoane é, en definitiva, un frenético. Seoane é un tremecente estremoso que se debate nuns estreitos moldes esistenciais, afondadores, buscadores do derradeiro fundamento real. Seoane é o rigor esistencial alporizado.

Pro se agora tomamos esas notas no seu conxunto significativo e as apretamos pra que nos dean todo o seu zume, atoparémonos coa curiosa conclusión de que ahí o que mana é, finalmente, unha

tensión dinámica de contrarios, a saber, a pasión contra o rigor e viceversa, e a idealización contra a obxetividade e tamén á inversa. Existencia «versus» moral. Velahí, na súa nódoa² máis alquitarada, o drama de Luís Seoane, o seu drama de vida e o seu drama de creación.

D. García Sabell, *Luís Seoane. Grabados*
Ed. Galaxia, Vigo 1965, pp. 21-23

NOTAS

búsqueda

² núcleo

A LITERATURA GALEGA MEDIEVAL

A poesía medieval galega xira ó redor da poesía trovadoresca. A primeira época é común a Galicia e Portugal e representa a máxima expresión da lírica; despóis ven xa a época da escola galaico-castelá, que podemos considerar unha centuria de decadencia.

A época dourada da poesía galego-portuguesa sitúase nos séculos XIII e XIV. Fóra das sete cantigas de Martín Codax, atopadas nun códice, o resto das cantigas aparecenos en tres grandes coleccións feitas en Portugal, posiblemente polo conde de Barcelos, que era tamén trovador: trátase do Cancioneiro da Ajuda, do Cancioneiro da Vaticana e do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (antes chamado de Colocci-Branuti). A eles hai que engadí-las Cantigas de Santa María, de Alfonso o Sabio. As cantigas do Rei Sabio representan un conxunto moi logrado de composicións, nas que se contan miraculos feitos pola Virxe ou se fai unha loubanza dela.

As outras cantigas galego-portuguesas conteñen unha grande diversidade temática, anque se poden distribuir en tres modalidades: *cantigas de amigo*, *cantigas de amor* e *cantigas de escarnio*. Estas composicións teñen orixes diferentes e non todas se poden considerar da mesma categoría idiomática ou literaria. As cantigas de amor son as más semellantes ó modelo da poesía trovadoresca provenzal. Nelas é o home quen canta, dirixindo a composición a

unha muller ou facendo unha reflexión amorosa sobre ela. Na lírica galega, ó contrario da provenzal, as cantigas iban dirixidas ás mozas solteiras e non ás mulleres casadas. De tódolos xeitos, os trovadores galegos nunca revelaron o nome da namorada, xa que tampouco se facía nos poemas provenzais. En xeral, estas poesías son pouco sentidas, pois adoptan un modelo común de métrica e contido, unha serie de tópicos trovadorescos repetidos que leva áinda ó emprego de térmicos provenzais.

Coa cantiga de amor tamén se trouxeron de Francia outros xéneros poéticos, como o *serventesio* e o *descordo*, cantos de signo negativo e, ás veces, tristeiros, nos que se fala das inxusticias, do desengano do mundo, da veleidade rexia, etc.; o *pranto*, pra chorá-la morte de algúns persoaxe importante ou benquerido; os *lais*, nos que se fala dos cabaleiros do ciclo bretón; a *tenzón*, na que se fai unha disputa poética entre dous trovadores ou entre un trovador e un xoglar, pra ver quén é o que millor trova; a *pastorela*, que nun dos seus tipos tamén procede do mundo francés.

De moita máis categoría son as cantigas de «escarnio» ou de «mal dizer». Nestas composicións faise unha sátira, ás veces feroz, da sociedade contemporánea. Unha parte destas cantigas vai dirixida contra persoas particulares: cítanse os nomes delas (como o famoso ciclo adicado á Balteira) pra criticá-los seus vicios ou defectos. Estas cantigas poden ser moi ferintes e chegar a magoar no máis íntimo. Critícase o xoglar que toca mal a cítola, o trovador que morre de fame e non de amor, o que ten como namorada a unha criada, etc. Outras cantigas élavanse xa a máis altura e teñen unha intención máis xeneralizada, pois non se contentan cunha persoa determinada e atacan a toda a sociedade. Lembremos, por exemplo, a crítica furibunda de Alfonso X ós cabaleiros que o traicionaron na guerra contra os mouros. Sin duda, as cantigas de escarnio son as más importantes lingüisticamente, xa que nelas atopamos unha grande variedade de térmicos populares, algúns obscenos, que non aparecen no resto das composicións.

Totalmente diferentes son as cantigas de amigo. Nestas composicións hai tamén influencia provenzal, pro a esta engádese xa un tipo de poesía tradicional, que ten unha base popular e autóctona, paralela ó lirismo mozárabe atopado nas *«xarchas»*. Trátase de composicións postas en boca de muller, pois é a namorada quen se queixa da ausencia do seu amor, ou de que súa nai entorce as relacións amorosas e as citas no lugar elexido. Son cantigas de estructura popular e arcaica, as más das veces de forma paralellística e con refrán. Nestas cantigas chégase a verdadeiros cumes líricos, como no caso da única composición conocida de Meendiño, na que a namorada amostra a súa coita na illa de San Simón. Os temas son variados e nelas faise un canto á natureza.

Lembrémo-las bailadas, as pastorelas, as cantigas de romaría, as albas. Algunhas veces será a lembranza dos namorados xunto ás ondas do mar, ou na fonte fría á que van os cervos, ou nos santuarios, ó pé das arbres; as cantigas de romaría tamén nos amostran moitas veces un lugar axeitado prás reunións dos que se queren.

Todas estas composicións iban acompañadas de música e ánda hoxe se conservan amostras de algunas delas coa súa notación musical. Lembremos entre os instrumentos a *viola* e a *cítola*, das que tanto se fala nos cancioneiros.

Esta lírica trovadoresca deixóunos unha boa chea de cultivadores galego-portugueses e tamén casteláns. Uns eran trovadores, outros segrelos e, os más baixos, xoglares. Os xoglares eran os que tiñan que dar a conocer, por medio do canto, as composicións dos trovadores, pro houbo tamén algúns que fixo cantigas propias, tan boas coma as dos trovadores. Entre estes houbo reis (como Alfonso X) e grandes señores (como Pai Gomes Chariño), burgueses (como Airas Nunes) e algúns moi prolíficos (como Pero da Ponte ou Xoán Airas). Moitos serían os nomes de poetas galegos que poderíamos indicar.

A partir de 1350, a lírica trovadoresca vai desaparecendo e

Clase
social

pasamos xa á escola galego-castelá, que se desenrola máis ben no século xv. As composicións en galego disminúen e os poetas baixan de categoría. Podemos lembrar a Macías ou a Álvarez de Villasandino, que máis regularmente escriben en castelán.

Pra rematar, haise que referir á prosa medieval galega, da que pouco se fala debido á categoría das cantigas trovadorescas. O certo é que nos séculos XIII, XIV e tamén no XV houbo unha forte tendencia a cultivá-la prosa, especialmente con traducións de obras castelás, latinas ou francesas. Hoxe conservamos fragmentos de obras en galego (como os fragmentos das *Partidas*, o de *Tristán* e outros) e obras enteiras (como os *Miragres de Santiago*, a *Xeneral Estoria*, o *Tratado de Albeitaria*, a *Crónica Troiana*, a tradución da *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela*, a *Crónica de 1404* e a *Corónica de Iria*). Todas elas obras fundamentais pra conocé-la lingua galega dos séculos XIII ó XV.

VOCABULARIO

loubanza: alabanza

ferinte: hiriente

OS CASTELANISMOS (IV)

2. Castelanismos morfolóxicos (Cont.)

C) O verbo (II)

ζ) **Haxa cantado* é un calco do castelán *haya cantado*. Esta forma castelá refírese a un feito que ten lugar nun tempo inmediatamente anterior a un intre no presente: *no creo que haya llegado*. Esta mesma idea esprésase en galego por *cantase* ou *cantara*: *non coido que chegara*.

Haya cantado pode espresar tamén un feito anterior a un intre dado no futuro: *cuando hayas llegado, llámame*. Neste caso a equívaco

lencia galega pode ir dada polo presente *cante* (*cando acabes, chámame*) ou por *ter* + participio, se se quere resaltar ben o carácter perfectivo do feito: *cando teñas acabado chámame*.

η) **Houbera (houbese) cantado* é o calco de *hubiera (hubiese) cantado*. O valor fundamental desta perífrasis castelá é espresar, desde a perspectiva dun subxuntivo, un feito que se dá antes dun intre no pasado: *no sabía que hubieras acabado*. O galego expresa esta mesma idea coa forma simple *cantara*, ou sexa, polo pluscuamperfecto de indicativo. Así, a frase anterior, diríase: *non sabía que acabaras*.

Outro uso, anque pouco frecuente, desta perífrasis castelá dáse no caso de espresar un feito irreal anterior a un presente: *quizás hubiera sido mejor no hacerle caso*. Tendo en conta que no galego falado a forma *houbera (houbese) cantado* non aparece, teremos que concluir que tal perífrasis, anque bastante usada polos escritores galegos, débese a un influxo da escola castelá. Confirma aínda máis a nosa idea o que nin nas gramáticas do galego arcaico nin nas sintaxis históricas portuguesas apareaza rexistrada. Convén, a máis, ter en conta que o sentido orixinario de *cantase* era pluscuamperfecto e é lóxico pensar que, paralelamente a como se conservou o pluscuamperfecto sintético no indicativo, tamén no subxuntivo ocurrixe algo polo estilo. Esto confírmannolo moreas de exemplos tomados da fala viva: *bastou que caese ún pra que os outros aprendieran*.

+122

Se na oración hai un matiz de inseguridade, o futuro hipotético *cantaría* traduce xustamente o castelán *hubiera cantado*: *si no la hubieran obligado a casarse no hubieran ocurrido aquellas cosas / se non a obligaran a casar non ocurrirían aquellas cousas*.

θ) **Haber cantado* é calco do castelán *haber cantado*. Esta perífrasis castelá indica un feito que ocorre antes da acción expresada polo verbo principal: *quisiera haberle podido decir serenamente unas cuantas cosas; quedó satisfecho de haber burlado a los otros jornaleros*.

En galego a forma simple (*cantar*) espresa indistintamente a anterioridade ou a non anterioridade, asegún o contesto: *quedou satisfeito de burlar ós outros xornaleiros*. En caso de que poidan resultar ambigüedades ou contradicións, recúrrese ás formas finitas: *que dóume pena porque non lle poiden decir sereamente unhas cousas*.

1) **Habendo cantado* é calco do castelán *habiendo cantado*, que ten os mesmos valores temporales que *haber cantado*: *habiendo terminado el dinero se volvió para España; no sé qué opinión llevarás de ellos habiéndolos visto tan de cerca*. En galego, este tipo de frases hai que formalas recurrindo a un tempo verbal en forma persoal, precedido da conxunción que rinda axeitadamente o carácter da subordinada: *ó que acabou os cartos volvío pra España; non sei qué opinión levarás deles desque os viches tan de cerca*.

EXERCICIOS

I. Correxide os erros das oracións seguintes:

1. Fálalle a modo, que non te sintan fóra.
2. Quedámonos hastra mañá pola mañá.
3. Non ten moitos estudos, pro deféndese ben.
4. Vino arriba da mesa.
5. Morréu dun ataque de asma agudo.
6. Fórонse cedo porque non había lunar.
7. Galiza ten fronteira con Portugal.
8. Nun descoido caéuseme ó chan.
9. Vosoutros tivesté-la culpa.
10. Vai ó dentista, que tes careada a moa do xuicio.
11. Esos asuntos xa se verán na reunión da tarde.
12. Tes de lle facer un favor.
13. Ponmo dentro do caixón do chinero.
14. Vamos haber se temos formalidade.
15. De noite non te vexo ben as pedras do camiño.
16. Cesárono porque el quixo.

II. Nas seguintes oracións, compostas, transformade a oración subordinada temporal en outra equivalente eliminando a conxunción *cando*:

1. Cando chegues, telefonéanos. (=axiña que chegues...)
2. Cando chove, abrígome.
3. Cando entres, pecha a porta.
4. Cando estudia, non quere música.
5. Cando se lance, mételle a terceira.
6. Faino cando lle peta.
7. Cando faga os labores, que veña.

III. Nas oracións seguintes, sustituíde o que vai en cursiva por un verbo equivalente (eliminando o adverbio *non*):

1. *Non fala* cando lle convén. (cala cando lle convén)
2. *Non admitiu* a propina.
3. *Non lle tivo* respeito ó abó.
4. *Non quixo* declarar no xuicio.
5. *Non sabe* o máis elemental.

IV. Nas oracións seguintes, sustituíde o que vai entre barras por un sustantivo conforme ó modelo:

Ignoro /o que leva/ o garrafón (= o contido)

1. Non poidemos lé-/lo que pon/ na campa.
2. Merendamos /co que sobróu/ do xantar.
3. A ninguén lle interesa /o que penso/.
4. /O que sobre/ pasádeo a outro camión.
5. Malgastou /o que levóu a muller cando casaron/.
6. Pon sobre da cama /o que ten/ o caixón.
7. Todos escoitaron /o que dixo/.
8. O cardiograma reflexa / o que lle pasa ó/ corazón.
9. /O que fixo/ o arquitecto haino que respatar.
10. Vai vivindo /do que lle dan/ os veciños.

- a
11. Vive como un rei /co que lle deixaron/ os abós.
 12. Xa non fai memorias /do que debe/.
 13. Mirade /o que digo/ e non /o que fago/.
 14. É completamente falso /o que di/ o periódico.
 15. Ás 500 pesetas hailles que sumá-/lo que se pagóu/ no hotel.

TESTOS LITERARIOS

COMO ET POR QUE MANEIRA ESTA EDIFICADA A IGLEYA¹ DE SANTIAGO

A çidade de Compostela esta entre dous rrios os quaes huu² ha³ nome Saar et o outro Sarela. Saar esta contra oriente ontre Monte Goyo et a çidade, et Sarela contra ouidente ontre Monte Pedroso et a çidade.

As entradas et as portas son septe: a primeira entrada he a porta do Camiño Françes, a segunda he a porta da Pena, et a terçeira he a porta do Santo Rromeu que vay para a Treydade⁴, et a quarta a porta de Fageiras que vay para Padron, et a quinta a porta da Mamoia, et a seista he a porta de San Francisco, et a septima he a porta de Maçarelas por u⁵ entra o precioso viño aa çidade de Santiago.

Miragres de Santiago, edición crítica de J. L. Pensado
Anejo LXVIII de la RFE, Madrid 1958, pp. 151-152

NOTAS

- ¹ igrexa
² un
³ ten

Desei¹ eu ben aver² de mha senhor³,
mays non desei'aver ben d'ela tal,

por seer meu ben, que seja seu mal,
e por aquesto⁴, par Nostro Senhor,
non queria que me fezesse ben
en que perdesse do sseu nulla ren⁵
ca non e meu ben o que seu mal for⁶.
Ante⁷ cuyd'eu que o que seu mal e
que meu mal est, e cuyndo gran razon⁸,
por en⁹ deseio no meu coraçon
aver tal ben d'ela, per boa fe¹⁰,
en que non perça¹¹ ren de seu bon prez¹²
nen lh'ar¹³ diga nulh'ome¹⁴ que mal fez¹⁵
e outro ben Deus d'ela non mi de¹⁶.
E ia¹⁷ muytus namorados vj¹⁸
que non davan nulha ren por aver
ssas senhores mal, pois a ssy prazer
fazian, e por esto dig'assy:
se eu mha senhor amo pelo¹⁹ meu
ben e non cato²⁰ a nulha ren do sseu,
non am'eu mha senhor, mays amo mj.
E mal mi venha, se atal fuy eu,
ca²¹, des que eu no mund'andey por seu,
amey ssa prol²² muyto mays ca de mi.

Joham Ayras de Santiago, en Corrêa de Oliveira
e Saavedra Machado, *Textos Portugueses medievais*
Coimbra Editora, Coimbra 1969, p. 45

NOTAS

- | | |
|-----------------------------------|--|
| ¹ desejo | ⁷ ó contrario |
| ² consegui-los favores | ⁸ acertadamente |
| ³ miña dona | ⁹ por eso |
| ⁴ esto | ¹⁰ abofé, así Deus me salve |
| ⁵ cousa ningunha | ¹¹ perda |
| ⁶ sexa | ¹² dignidade, reputación |

| | | | |
|----|----------|----|----------|
| 13 | tampouco | 18 | vin |
| 14 | ninguén | 19 | polo |
| 15 | fixo | 20 | miro |
| 16 | dea | 21 | porque |
| 17 | xa | 22 | proveito |

Por que no mundo mengou a verdade,
punhei¹ un dia de a ir buscar;
e u² por ela fui preguntar
disseron todos: —Alhur³ la buscade,
ca⁴ de tal guisa⁵ se foi a perder⁶
que non podemos en⁷ novas aver⁸,
nen ja⁹ non anda na irmaidade¹⁰.
Nos moesteiros dos frades regados¹¹
a demandei¹², e disseronm'assi:
—Non busquedes vos a verdad'aqui,
ca muitos anos avemos passados¹³
que non morou nosco¹⁴, per bôa fe¹⁵
nen sabemos u ela agora x'e,
e d'al¹⁶ avemos maiores coidados.
E en Cistel¹⁷, u verdade soia
sempre morar, disseronme que non
morava i¹⁸ avia gran sazon¹⁹,
nen frade d'i ja a non conhicia;
nen o abade, outrossi²⁰ no estar²¹
sol non²² queria que foss'i pousar²³;
e anda ja fora da abadia.
En Santiago, seend²⁴ albergado
en mia pousada, chegaron romeus.
Pregunteios e disseron: —Par Deus,
muito levade-lo caminh'errado,
ca, se verdade quiserdes achar²⁵,

79 *rug fer morsa eis meu ion prez
vra en vos mays be no podera
auer poys i'go roadas ia
ca poys q'ug el ta myto be fez
en q'ug podia.*
*fu caluo my coytado d'amor
auya q' rotar nro senhor
q'ur fez semp uiuer sen sabor
e sen nosso ben faz mha senhor*
*Senhor tremosa eyug gra d'amor
eos qui sabem queug querer ben
teen queug pesa mays contrarei
e eu tenho tremosa mha senhor
muy f'sade deug fazer pesar
seug pesa deug eu myntamar
rug sempurej de querer
ben d' estas gentes q'ag son
teun q'ug pesad' coraçon
et eu tenho ia en q'nta uiuer
muy grisado deug fazer pesar
a mha senh' semq'ng be q'rey
ca q'stas gentes q'gton q'
teengug faze q'm pesar fi
e tenh'ora e semp tevejey
muy grisado deug fazer pesar
aug no pozo senhor desamar
nen possamor q'm foral foran.*
*qui graue' m'ltora deug fazer
senhor tremosa bun muy aram mazer
cam' querir oggi deus q'quer
eu enhoung por esto preguntar
qui pro! ami fazer ug eu traçer
et azer ami senhor gram pesar
Seyq'g prae muito h'imey, sagne
ca dizedes q'ro q'usso be
demorar p'ro deus epon
q'ro deus q'm digades al
q'p ha am' faz eu uoso be
et faz ami sen', rug q'vus.*

Reproducción dun folio do Cancionero da Vaticana. Os tres derradeiros versos da primeira columna e os 21 da segunda pódense ler coa axuda da transcripción que damos nas páxs. 142-143.



Rosalía de Castro.



Alfonso R. Castelao.

outro caminho conven a buscar,
ca non saben aqui dela mandado²⁸.

Airas Nunes, en M. Rodrigues Lapa: *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos Cancioneiros medievais galego-portugueses*

2.ª ed., Ed. Galaxia, Vigo 1970, pp. 115-116

NOTAS

| | | | |
|----|---|----|--------------------|
| 1 | tracéi | 13 | hai |
| 2 | onde | 14 | connosco |
| 3 | en outra parte | 15 | abofé |
| 4 | porque | 16 | outras cousas |
| 5 | modo, mancira | 17 | Císter |
| 6 | perdendo | 18 | alí |
| 7 | dela | 19 | moito tempo |
| 8 | ter | 20 | además |
| 9 | grafía medieval de <i>xa</i> | 21 | pousada dos frades |
| 10 | irmandade (trátase da formada polos burgueses de Santiago pra se opoñer ás pretensiós hexemónicas do arcebispo) | 22 | nin siquera |
| 11 | regulares | 23 | parar |
| 12 | preguntéi por ela | 24 | estando |
| | | 25 | atopar |
| | | 26 | noticia |

Sediam¹ eu na ermida de San Simion
e cercaronmi as ondas, que grandes son:
¡eu atendend² o meu amigo,
eu atendend'o meu amigo!
Estando na ermida ant'o altar,
e cercaronmi as ondas grandes do mar:
¡eu atendend'o meu amigo,
eu atendend'o meu amigo!
E cercaronmi as ondas, que grandes son,
non hei³ barqueiro nen remador:

¡eu atendend'o meu amigo,
eu atendend'o meu amigo!
E cercaronmi as ondas do alto mar,
non hei barqueiro nen sei remar:
 ¡eu atendend'o meu amigo,
 eu atendend'o meu amigo!
Non hei barqueiro nen remador,
morrerei fremosa no mar maior:
 ¡eu atendend'o meu amigo,
 eu atendend'o meu amigo!
Non hei barqueiro nen sei remar,
morrerei fremosa no alto mar:
 ¡eu atendend'o meu amigo,
 eu atendend'o meu amigo!

Meendiño, en J. J. Nunes: *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses*

Vol. II, Imprenta da Universidade, Coimbra 1926, pp. 229-230

NOTAS

¹ estaba

² esperando

³ teño

A LITERATURA GALEGA ENTRE 1500 E 1900

Os movementos trovadorescos galego-portugués e galego-castelán pódense considerar mortos ó redor do fin do século xv. Desde entón, a literatura en galego sofre un proceso semellante ó da lingua escrita en xeral. Restrinxido a un ámbito oral-coloquial, o galego é escasamente empregado na escritura, tanto en documentos oficiais coma en obras de creación.

Non quere esto decir que a literatura en galego desapareza totalmente. Todo ó longo das épocas renacentista, barroca e neoclásica pódense atopar algúns testos en poesía ou prosa redactados na lingua galega. Estas probas manifestacións son, precisamente, a proba da non utilización da lingua do país como vehículo de expresión escrita. Teñen un carácter esporádico e pintoresco; ás veces trátase mesmo de dar entrada, nunha composición escrita, á lingua oral. Pra lle dar maior verosimilitude a este contraste, emprégase o galego.

Coa chegada do Romantismo, a consideración do galego, como a de tódalas linguas non-oficiais, cambea. A valoración do específico de cada pobo cristaliza nun movemento de defensa do rexional, do propio. O cultivo das linguas autóctonas é, probablemente, o millor espoñente do novo sentir. Pensemos no caso da Provenza, de Cataluña e, naturalmente, de Galicia entre outros.

Referíndonos xa concretamente a Galicia, este proceso pre-

senta un carácter lento e serodio. Polo ano 1845 nótase nas publicacións unha maior abondosidade de composicións poéticas escritas en galego. Forman un conxunto de escaso valor literario, pro marcan axeitadamente o cambio na consideración da lingua. Nesta mesma liña entran tamén os esforzos, un pouco illados, de Nicomedes Pastor Díaz, Vicente Turnes, Alberto Camino, Francisco Añón e Xan Manuel Pintos. Non chegan realmente a formar un corpo unitario. As súas obras teñen, máis ca estético, un valor histórico, como precedente inmediato do desenrolo posterior.

A celebración dos primeiros Xogos Florais, en 1861, marca un momento importante no rexurdimento da literatura en galego. As composicións presentadas a este certame reuníronse nun volume titulado *Album de la Caridad*. Hai nel poesías en galego e castelán. Ademáis do número de poemas escritos en galego, hai que destacadá-la aparición de algúns firmados por Rosalía de Castro e Pondal, dos que falaremos un pouco máis adiante. O *Album de la Caridad* é a primeira amostra dun cultivo amplio da literatura en galego; pódese considerar como a primeira escolma de poesía galega do Renacemento.

Neste intre, temos que facer unhas puntualizacións encol das circunstancias deste chamado Renacemento. Hoxe, desde os nosos conocementos, podemos consideralo como o renacer, esto é, volta a nacer do cultivo literario do galego. En troques, na perspectiva dos protagonistas deste movemento, trátase dun verdadeiro nacemento, das primeiras utilizacións do galego como medio de expresión literaria. Perdérase totalmente a tradición dunha lírica galega na Edade Media; o descubrimento dos Cancioneiros non será realizado hastra anos despóis. A obra destes anos ten, polo tanto, un mérito meirande; ó mesmo tempo, non somentes é doad o esplicá-lo primitivismo lingüístico que amostran algúns dos autores, senón que mesmo abraia a beleza acadada por outros.

A data decisiva é, sin duda, 1863. Neste ano publícanse os *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Con esta obra, a supervi-

vencia do Renacemento literario galego queda asegurada e o movemento consolidado por mor dun libro coherente en sí mesmo e estéticamente válido. A vida campesina está descrita nos poemas que o integran cunha mestría que revelan amás da altura poética da autora, unha considerable capacidade de captación do mundo que a arrodea. Anos máis tarde, en 1880, Rosalía ha dar unha nova proba da súa xenialidade con *Follas Novas*. Esta obra, íntima, xurdida do máis fondo da sensibilidade rosaliá, é a súa consagración como ún dos millores poetas do mundo hispánico. Neste libro preséntanos probas outra vez da súa unión coa realidade en torno: a anguria persoal, os sentimientos propios da autora deixan paso, ás veces, á expresión da problemática comunitaria, social, da rexión.

punt.

Eduardo Pondal é o segundo integrante do grande trío do Renacemento galego. É o máis serodio, pro tamén o máis vigoroso dos ossianistas hispánicos. Máis ca pola gran epopeia *Os Eoas*, na que traballou moitos anos sin chegar a imprimila, interésanos hoxe polos poemas da súa obra *Queixumes dos pinos* (1886).

Manuel Curros Enríquez é, cronolóxicamente, a terceira figura. A súa obra é, principalmente, cívica e satírica, pro acada tamén unha altura poética semellante en outros eidos literarios. A súa obra *A Virxe do Cristal*, escrita en 1887, baséase nunha conocida lenda mariá; o poema caracterízase polo admirable equilibrio entre o romanticismo da narración e o realismo da presentación dos personaxes. Pola outra banda, *O divino sainete* (1888), parodia da *Divina Comedia*, é un feroz alegato contra certos estamentos e persoas coetáneas de Curros.

Se no que se refire á poesía temos estas tres grandes figuras, non acontece o mesmo coa prosa narrativa e máis co teatro. Na primeira, pouco máis podemos rexistrar cás novelas históricas de López Ferreiro, feitas sobre os modelos de Walter Scott. En canto ó teatro, esisten algunas pezas de Francisco de la Iglesia, Galo Salinas e Xan Cubeiro que non pasan de ser unha serie de tentativas na precura dun teatro galego.

OS CASTELANISMOS (V)

2. Castelanismos morfolóxicos (Cont.)

C) O verbo (III)

Moitos escritores galegos, baseados en certas gramáticas, aceptan a norma de que en galego non hai o auxiliar *haber* co mesmo valor *ca* en castelán e usan no seu canto *ter*, traducindo *he visto* por *teño visto*, *había visto* por *tiña visto*, *habré visto* por *teréi visto*, etc. Asegún queda estudiado no lugar que corresponde (*Gallego 1*, p. 174 e *Gallego 2*, p. 218), os xiros *teño*, *tiña*, *teréi visto* existen en galego, pro *teñen* fundamentalmente valor repetitivo. Así, *teño ido a esa feira* non quer decir *he ido a esa feria*, senón *fui, repetidas veces, a esa feria*. Tendo esto en conta ollade qué sentido cómico teñen certas frases onde a repetición resulta imposible: *cando chegamos aló xa tiña morto; aquel rapaz tiña nacido na mesma aldea ca min; temos envellecido xuntos.*

Compre termos en conta que *ter* + participio pode en outras ocasións té-lo mesmo senso có castelán *tener* + participio; neste caso *ter* conserva aínda o sentido orixinario de «manter», «poseer»: *teño dous libros escritos, ténoos ben amarrados. Sóio moi ocasionalmente acada o sentido completamente gramaticalizado do castelán haber: quizás teñamos acabado cando chegues.*

c) Os verbos reflexis

Os verbos reflexis propiamente ditos levan como complemento directo un pronomé que é da mesma persoa có suxeto: *queimouse; non me lavéi esta mañá; fártate ben delas.* Nesto coincide o galego có castelán e aínda con outras linguas.

Hai outros moitos verbos que son reflexis sóio pola forma; é decir, levan un pronomé oblícuo da mesma persoa có suxeto, pro xa non se pode decir que funcione como complemento directo,

pois o verbo pode ser mesmo intransitivo: *espreguizarse, lembrarse, espantarse, doerse, entreterse.* Destes verbos hainos que non admiten siquera outra forma cá reflesiva. Adoitán ser reflexis sóio formalmente aqueles que indican vida interior (*lembrarse, atufarse, queixarse...*) ou ben movemento (*baixarse, encollerse, deitarse...*). Case todos estes verbos coinciden en seren reflexis en galego e más en castelán. Ora, hai algúns casos en que o galego ten preferencia pola forma non reflesiva, aínda que a acción sexa quasi-reflexa: *casaron no ano 28; senta ahí; marchóu antes; morréu o tío Pedro; caéu de xoellos; arreda de ahí; aparta de diante.*

Como norma xeral podemos decir que hai preferencia case absoluta pola forma non reflesiva nos verbos que significan entrada nun estado. Así:

| | |
|-----------|-------------|
| galego | castelán |
| adormecer | dormirse |
| podrecer | pudrirse |
| despertar | despertarse |
| enfriar | enfriarse |
| quencer | calentarse |

Son mal galego, daquela, frases como **enfríouse o caldo, *despertóuse o neno, etc.*

Tampouco existe en galego o chamado nas gramáticas castelás «complemento de interés», que convirte en reflexis moitos verbos. En realidade, este complemento de interés convirte en verbos de vida interior verbos que pertenecen a outras esferas: *me comí una ración de calamares; se lo merece; guárdatelo...* En galego este matiz estilístico non se pode producir polo mesmo procedemento. Non son galegas frases como **comínme unha ración de luras; *meréceseo; *gárdateo.* Vede unha pequena escolma de frases nas que rexistrámo-lo castelanismo a que nos vimos referindo:

O Corgo botóuse a escopeta á face; os mares se beben as augas do río; hai quen se cala porque lle faltan cousas que decir; calzóuse os brillantes

zapatos; agora vaime rifar, decíase con sentimento; *Lola non se espertou, quedámonos sin cociñeira*; cando a escuridade se coméu as estrelas; pasóuse a man polo pelo e marchou cara á porta; e saiu daquela casa xurándose non voltar a pô-los pés alí; ¿qué te pensabas ti, rapaz?; namentres se facía a longa trenza loira; etc.

¿Cómo se dá, xa que logo, esta sutileza estilística en galego? Pois non ten tradución. Dá un matiz aprosimado o *che* de solidaridade cando é posible intercalalo: *comínche unha ducia de ostras; merécecho ben*.

EXERCICIOS

I. Dous términos son complementarios cando a negación dún deles supón a afirmación do outro: *macho - femia*, por exemplo. Tendo esto en conta, buscade os términos complementarios dos seguintes:

- | | |
|--------------|--------------|
| 1. vivo | 13. enteiro |
| 2. solteiro | 14. enxoito |
| 3. aceso | 15. enriba |
| 4. pecho | 16. laico |
| 5. ignorar | 17. luz |
| 6. racional | 18. espírito |
| 7. calar | 19. folgar |
| 8. dentro | 20. cego |
| 9. militar | 21. verdade |
| 10. distinto | 22. limpar |
| 11. ter | 23. caduco |
| 12. alleo | 24. feo |

II. Completade convenientemente as seguintes frases según se fai no modelo:

¿Queréde-la máquina? Mándolo... axiña. —É millor

que ... mandes mañá. // ¿Queréde-la máquina?
Mándovola axiña. —É millor que nola mandes mañá.

1. O padriño pregunta polo periódico: léva...
2. ¿Vedes? Collemos unhas troitas e xa ... traemos.
3. Tes moitas revistas e a nós fannos falta. ¿Préstas...?
4. É o cumpleanos da tía; os pasteles hei... mandar por un propio, pro estas flores xa ... podes levar ti.
5. Este canciño é un cariño de miña irmá; tróuxo... do Cebreiro.
6. A min pedíu... de favor e eu... ¿por qué non ... iba facer?
7. Estes papeles son de teu pai; esquenceron... e agora tes... que ir levar.
8. Estes son os cartos pra teu curmán; xíra .. hoxe, pois precisa... de seguida. Estes outros son pra Antón; tes que dar... a ... en canto ... vexas.
9. Quere unha resposta; prometémos... e ímos... dar.
10. A dirección non ... sei, pro non ... esquencería a Xusto.
11. Hai errores no exercicio; axiña ... enseño.
12. O carniceiro mandou... uns callos todos luxados; temos... que devolver.
13. Quería mil pesetas e por esta vez din..., pro que non ... volva a pedir.
14. Non che entendéu o problema. Repítelo...
15. Ten unha boa colección de selos. ¿Querédes... ver?

III. Hai algúns nomes e verbos que amostran unha certa afinidade que provoca que vaian xuntos case sempre. Non se di *empezar a cantar una canción*, senón *entonar una canción*. Tendo esto en conta, sustituíde nas seguintes oracións as palabras

cambiar por el nº 16

que van entre barras por un verbo que teña afinidade co sustantivo suliñado.

1. /Decir/ unha *conferencia*.
2. /Empezar/ un *espediente*.
3. /Terminá-/ lo *plazo*.
4. /Empezar a ser/ *día*.
5. /Matar/ a un *condenado a morte*.
6. /Anular/ unha *lei*.
7. /Facerse a autoridade/ cos *bens dún*.
8. /Renunciar a/ unha *actitude*.
9. /Coller a ún moito/ o *frío*.
10. /Darse presa/ no *traballo*.
11. /Solidificá-/ lo *leite*.
12. /Guiá-/ lo *carro*.
13. /Añoá-los cabos a/ unha *corda*.
14. /Pisar repetidamente/ un *cultivo*.
15. /Meter no forno/ o *pan*.
16. /Ser víctima de/ un *chasco*.

TESTOS LITERARIOS

OS PINOS

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente,
ó raio transparente
do plácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume¹ arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

«Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquencemento
dainxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán».

E. Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas*
Ed. Castrellos, Vigo 1970, p. 121

NOTA

¹ follaje del pino verde

Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón,
e eu non me acordo xa se era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Sólo sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentou,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal chorou Madanela na Pasión.
«Señor que todo o podedes
—pedíñlle unha vez a Dios—
daime¹ valor pra arrincar dun golpe
cravo de tal condición».
E doumo Dios, arrinquéino,
máis ... ¿quén pensara?... Despois
xa non sentín máis tormentos
nin souben qué era dolor;
souben sóio que non sei que me faltaba
en donde² o cravo faltou,
e seica... seica tiven soidades
daquela pena... ¡Bo Dios!
Este barro mortal que envolve o espírito
¡quén o entenderá, Señor!

Rosalía de Castro, *Follas novas*
Ed. Castrellos, Vigo 1971, p. 21

NOTAS

¹ forma dialectal por *dádeme*

² castelanismo por *onde*

A ROSALÍA

Do mar pola orela
miréina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan soia
na noite sin fin
que jaínda recéi pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!
A musa dos pobos
que vin pasar eu
comesta¹ dos lobos
comesta se veu² ...
Os osos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

M. Curros Enríquez, *Aires da miña terra e outros poemas*
Ed. Castrelos, Vigo 1971, p. 197

NOTAS

¹ comida

² Dialectalismo: *viu*

A LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX (I)

Como sucede sempre, as divisións cronolóxicas non teñen moito que ver cos cambios que pode rexistrar unha historia da literatura. No noso caso, os primeiros tempos do século XX siguen as mesmas liñas que marcaran os derradeiros anos do XIX. Téñase en conta que, ainda que Rosalía xa morrera en 1885, Curros vive hasta 1908 e Pondal hasta 1917. Os escritores inmediatamente posteriores ós tres grandes mestres do Renacemento siguen os camiños trazados por eles na nosa literatura.

A partir da segunda década, pódese detectar xa o pulo innovador das tendencias parnasiás, simbolistas e modernistas, misturadas coa tradicional liña romántico-realista que caracteriza á literatura anterior. O exemplo máis característico deste cambio é Antonio Noriega Varela, que reflexa na súa producción literaria o paso do máis antigo ó máis moderno. Na súa primeira época, Noriega é un poeta costumista que toma pra sí a misión de cantá-las escelencias da montaña galega; na súa madurez literaria, amostra xa o influxo destes outros movementos e, moi especialmente, do saudosismo do portugués Teixeira de Pascoaes.

A creación no ano 1916 das Irmandades da Fala, unha serie de asociacións espalladas por toda Galicia que tiñan como característica a esaltación e defensa da lingua, ten a súa repercusión na literatura. O maior representante literario deste movemento é o poeta Ramón Cabanillas, de estensa producción e resonancia.

Na súa obra hai que destacá-lo cultivo da poesía narrativa, xénero insólito naqueles intres.

En 1920 créase a revista *Nós*, fundada por Vicente Risco. Nos anos en que se publicou a revista, houbo ó redor dela un grupo de homes de formación europea que, a pesar deso —ou quizás por eso—, vían o mundo baixo o prisma galego. Ó lado de Risco, hai que citá-los nomes de Florentino L. Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo. Cada ún deles, amais dos labores literarios, desenrolou unha intensa actividade científica. Risco como etnógrafo, Cuevillas como arqueólogo e Otero Pedrayo como xeógrafo. Da produción estritamente literaria de Risco podemos destacá-la súa novela *O porco de pé*. Na estensísima obra de Otero Pedrayo, home cun fondo dominio de tódalas facetas do espírito e capaz de lles dar forma literaria na súa prosa inzada de imaxes, compre citá-la trilogía *Os camiños da vida*, así como as novelas *Arredor de si* e *Devalar*, por citar algunas delas. A xeneración da revista *Nós* foi, sin duda, o maior elemento aglutinante da cultura galega hasta 1936.

Moi unida á xeneración *Nós* está unha serie de escritores que integran a chamada xeneración do 25. Podemos destacar dela os nomes de dous poetas que acadaron unha grande resonancia, aínda que ningún deles poido chegar á madurez artística. Trátase de Luís Amado Carballo e Manuel-Antonio Pérez Sánchez. Manuel-Antonio é o poeta do mar, que canta en composicións impresionistas nas que emprega o verso libre. En 1922 firmou, con Álvaro Cebreiro, o manifesto «Máis alá» no que arrenegan dos temas establecidos: da literatura paisaxística, costumista e folclórica pra tratar de chegar á poesía pura. Amado Carballo, moito máis tradicional na forma, é, en troques, un innovador nas imaxes e metáforas que emprega; mesmo sin se arredar da visión emotiva da paisaxe, fai dela unha interpretación persoal. A obra destes dous poetas, prematuramente truncada —ningún deles chegou ós trinta anos—, supuxo, aínda que non fose inmediatamente, unha renovación capital da poesía galega.

Estreitamente relacionados coa revista *Nós* están os primeiros anos de labor artístico de Alfonso Rodríguez Castelao (1886-1950). A actividade desenrolada por Castelao ten, no que á arte se refire, dúas caras: a de dibuxante e máila de literato, ás veces fundidas, como na extraordinaria serie de dibuxos cun pé que leva o título xenérico de *Cousas*. Da súa obra puramente literaria entrelacámolo relato *O ollo de vidro*, a colección de contos chamada *Retrincos* e a novela *Os dous de sempre*. É a de Castelao unha personalidade chea de amor por Galicia, reflexado en toda a súa producción. Cultivou tamén o teatro (*Os vellos non deben de namorarse*) e mesmo a investigación de certos aspectos da cultura popular (*As cruceis de pedra na Galicia*).

Os anos inmediatamente anteriores á guerra do 36-39 están marcados na poesía galega por dúas correntes que rexurdirán a partir de 1947. Dunha banda, a chamada poesía neotrovadoresca; de outra, o humanismo rural que parte de Noriega Varela e está representado por Iglesia Alvariño.

A partir de 1928 empezan a circular edicións das «cantigas de amigo» asequibles ós non especialistas. O conocemento da obra dos poetas galaico-portugueses medievales causou unha fonda impresión en autores novos. Cultívase agora a «forma inmóvil», o paralelismo característico destas composicións. Os nomes de Fermín Bouza Brey (*Nao senlleira*, 1932) e Álvaro Cunqueiro están estreitamente vincellados á tendencia neotrovadoresca. Cunqueiro publica, entre outros libros de poemas, os *Poemas do si e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933), probablemente os máis altos cumes alcanzados nesta dirección.

A visión humanista da paisaxe, do mundo rural galego, é a característica máis destacable da temática poética de Aquilino Iglesia Alvariño, que, ás veces, lembra tamén o hilozoísmo de Amado Carballo. Podemos citar aquí as dúas obras publicadas por el antes da guerra: *Señardá* (1930) e *Corazón ó vento* (1933).

VOCABULARIO

antergo: *antigo*

inzar: *llenar*

OS CASTELANISMOS (VI)

3. Castelanismos sintácticos

O uso correcto dos tempos verbais atinxé por igual á morfoloxía e máis á sintaxis, porque, se ben é verdade que un determinado tempo podemos descompoñelo en constituyentes mórфicos illados, tampouco é menos certo que na maioría das veces un tempo ven esixido por outro; é decir, hai unha interdependencia entre uns e outros. Pra un uso correcto deles vede o que decimos en *Gallego 2* (lecións 18, 19, 20 e 21) amais do que queda dito nas leccións 13, 14 e 15 deste libro.


Do mesmo xeito podemos decir que a distinción entre *che* e *te* e entre *lle* e *o*, pertenece por un igual á morfoloxía e á sintaxis, pois é a función a que motiva a escolla entre unhas e outras formas.

Incumben esclusivamente á sintaxis, entre outros, os seguintes puntos:

A) *Artigo*: As secuencias de sustantivo + posesivo, se non van precedidas por algún demostrativo (*este meu fillo*), teñen que ir obligatoriamente precedidas polo artigo: *a miña casa é pequena*; *pola tua culpa non chegamos a tempo*. É opcional o uso do artigo diante do posesivo, se o sustantivo é un nome de parentesco: *chegóu meu irmán*. Son, logo, castelanismos como os que siguen, tomados de obras literarias modernas: *ollábaa sin poder afastar seus ollos dela; ¿será tan ruin nosa eisistencia que súa razón íntima e vital pódaseche a ti doar?*

B) *Pronome persoal*: Un dos puntos no que máis se percibe o sustrato castelán en certos escritores é no tocante á colocación

M. Curros Enríquez.



E. Pondal.





Manuel Antonio.



Ramón Cabanillas.

dos pronomes persoais oblícuos. Falouse deste tema abondo en Gallego 2 (leción 10, pp. 98-102). Remitimos ó que alí queda dito prá súa correcta colocación. Vede aquí uns exemplos castelanizantes tomados de autores modernos: *o treidor lle fai reverencias a Midas; mais as cousas que toca cas súas mans se lle desfán; o sentía na ialma; mais a escuridade o enchía todo; sobre o renxer estourante das chamas se ouvía o rombar do río*.

O correcto nos casos anteriores sería a posposición dos pronomes con relación ó verbo.

Pro non se pode tomá-la posposición do pronome como norma universal. Hai veces en que o pronome ten que ir anteposto ó verbo, como xa se dixo na leción citada do Gallego 2. O desconocemento deste uso dá lugar a certos hipergaleguismos sintácticos. Vede algúns exemplos tomados de obras modernas: *calaron, namentras o Zámurdo dáballe un couce á lata de petróleo; hastra parecéulle que ollaba mellor; tiña afincados os pés no seu mundo cando todo afundíuse con estrondo; cando homes e ratas botáronse ó mar; relembro con forza a ledizosa terra onde espérame a miña muller; todos érguense e choutan pola escea*.

EXERCICIOS

- I. Correxide os castelanismos sintácticos ou os hipergaleguismos dos exemplos seguintes.
1. Seu coche ten un motor vello.
 2. Cando todos quixérонse botar a xogar xa fixérase noite.
 3. O profesor lle deu moitas facilidades pra botar fóra aquel esame.
 4. Onte lle fun pedir que me devolvera meu libro.
 5. Teréi que saber pra que quéreslle contá-lo que pa-sóunos.

poner

6. A xente non afáise á nova vida.
7. Túa carta me puxo eufórica.
8. Sóio tíñalle medo ó vento mareiro.
9. Pro as patas, cortóullas a miña nai, que conózolle o estilo de non darse por vencida.
10. Mira, ho, o que pásanos a ti e más a min é que dámoslle importancia ós sentimentos.

II. Dous términos son antónimos cando entre eles colle unha gradación: *quente... morno... frío...* etc. Na seguinte relación buscade os términos antónimos:

- | | | |
|-------------|----------|----------------|
| 1. pequeno | (grande) | 11. odio |
| 2. valdeiro | | 12. complicado |
| 3. cocido | | 13. aquí |
| 4. baixo | | 14. perder |
| 5. lixeiro | | 15. malo |
| 6. negro | | 16. enfermo |
| 7. premio | | 17. pagano |
| 8. doce | | 18. triste |
| 9. chorar | | 19. oscuro |
| 10. probe | | 20. listo |

III. Sustituíde os puntos suspensivos por pronomes axeitados:
Moncho, ¿gústan... estas freces? Dou...
(gústanche ... Douchas)

1. María, ¿gústan... estas freces? Dou...
2. Amiguiños, ¿gústan... estos figos? Dóu...
3. Señora, ¿gústan... estas freces? Dou...
4. Señor, ¿gústan... estas freces? Dou...
5. Amiguiñas, ¿gústan... estos figos? Dóu...
6. Señores, ¿gústan... estos figos? Dóu...
7. Señoras, ¿gústan... estas freces? Dóu...

8. Moncho, ¿gústan... estas freces? Pois non... dou.
9. María, ¿gústan... estos figos? Pois non ... dou.
10. Amiguiños, ¿gústan... estos figos? Pois non ... dou.
11. Señora, ¿gústa... esta frece? Pois non ... dou.
12. Señor, ¿gústa... esta frece? Pois non ... dou.
13. Amiguiños, ¿gústan... estos figos? Pois non ... dou.
14. Señores, ¿gústa... esta frece? Pois non ... dou.
15. Señoras, ¿gústan... estas freces? Pois non ... dou.

TESTOS LITERARIOS

O CARTAFOL DO VENTO

O vento perdéu as follas
do seu cartafol
—esas que os chuvascos
mecanógrafos

tecolean¹ no manual dos mastros².

As gaivotas non teñen quitasol
pro fan raudos equilibrios
polo aramio³ transparente
de tódalas ortodrómicas do ceo.

O pailebote sin velas
—;Serán esas que o vento
levó no seu cartafol?

Tamén fai equilibrios o ronsel.

Coa boca aberta
—caille a baba—
está mirándonos o babión⁴ do Sol.

Manuel-Antonio, *Obras: I. Poesías*

Ed. Galaxia, Vigo 1972, p. 165

NOTAS

- | | |
|-----------------------|--------------------------|
| ¹ teclean | ³ alambre |
| ² mástiles | ⁴ tonto, bobo |

O GALO

Abrelle as portas ó día
coa chave do teu cantar,
que xa na fonte da Lúa
está lavada a mañá.
Bótalle o teu aturuxo
á paisaxe desde o val,
que o gran balbo¹ das estrelas
caerá serodio no mar.
O campo cheo de frío
busca un anaco de sol,
encéndelle unha fogueira
co lume da túa voz.

L. Amado Carballo, *Obras en prosa e verso*

Ed. Castrelos, Vigo 1970, p. 107

NOTA

- ¹ balbuceo

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
¡meu amigo!
¡Quén poidera namorala!
Canta ó luar e ó mencer
en flauta de verde olivo.
¡Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten aires de frol recente,
cousas de recén casada,
¡meu amigo!
¡Quén poidera namorala!
Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
¡Quén poidera namorala,
meu amigo!

A. Cunqueiro, *Cantiga nova que se chama Riveira*

Ed. Monterrey, Vigo 1957, pp. 31-32

LELIAS Ó TEU OLVIDO

O pumariño da noite quer¹ froitificar estrelas.
O tanxer desta cantiga é o sinal para² encendelas...

—¡ai, meu amor!—
... é o sinal para encendelas.

Agárdanos na ribeira, sob o descordo³ do mar,
no seo dos cons, o leito de herbiñas de namorar...

—¡ai, meu amor!—
... de herbiñas de namorar.

As novas ondas do ensoño espreitan⁴ co seu engado⁵
pra enguedellá-la toleira⁶ desta noite de noivado...

—¡ai, meu amor!—
... desta noite de noivado.

Así ó fontegal⁷ da esperanza, antes de que saia o día
iremos enguedellados catá-la frol da auga fría...

—¡ai, meu amor!—
... catá-la frol da auga fría.

Ó alén⁸; que no pumariño madurecen os luceiros;
nosos dous⁹ corazóns bailan tollos nos ledos turreiros,
—¡ai, meu amor!—
no labradío das ondas albea a frol do luar.

lámpada¹⁰ para o teu teito de herbiñas de namorar,
 —ai, meu amor!
 se algún malfado¹¹ nos fire, axotarémo-lo mal¹²
 a bicos, ou caramiña¹³ dun virxe caramiñal...
 —ai, meu amor!
 ... dun viñxe carmiñal.

F. Bouza Brey, en *Escolma de poesía galega. IV: Os contemporáneos*
 Ed. Galaxia, Vigo 1955, pp. 112-113

NOTAS

¹ forma dialectal de *quere*

² forma dialectal de *pra*

³ composición lírica dos cancioneiros onde se canta un amor tempestuoso e conflictivo. Aquí, figuradamente, ruido tumultuoso

⁴ miran, acechan, atisban

⁵ encanto, cebo

⁶ locura

⁷ fuente, manantial

⁸ al más allá

⁹ castellanismo por *os nosos dous*

¹⁰ lámpara

¹¹ hado adverso, infortunio

¹² ahuyentaremos, espantaremos

¹³ especie de grosella

A LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX (II)

O desenrollo que acadara a literatura galega nos anos trinta quedou bruscamente coutado pola guerra civil. Despois do seu remate, hai un longo paréntese no que as únicas publicacións que aparecen en galego son as editadas na Arxentina.

As primeiras amostras do rexurdimento veñen, coma sempre, da poesía. Os autores máis destacados destes tempos non aportan nada realmente novo ó panorama da preguerra. En 1943 aparece o libro *Cómaros verdes*, de Iglesia Alvariño —o primeiro libro en galego publicado na Galicia da posguerra— no que continúa a liña que encetara antes. Tamén a tendencia neotrovadoresca ten unha serie de continuadores, como o mesmo Bouza Brey (*Seitura*, 1955), Augusto Casas, X. M. Álvarez Blázquez, Emilio Pita e algúns outros. O único poeta alleo ás liñas indicadas é, nestes intres, Carballo Calero (*Anxo da terra*, 1950; *Poemas pendurados dun cabelo*, 1952).

Se a poesía neotrovadoresca estaba condenada polas súas características á morte por esgotamento, non sucedía o mesmo coa humanístico-rural, entrancada coa contemplación da paisaxe. A superación desta concepción, anque esplicable somentes a partir dela mesma, está representada por Uxío Novoneira (*Os eidos*, 1955; *Elexías do Caurel*, 1966). É a de Novoneira unha poesía intimista, cunha ateigante presencia de elementos xeográficos na que falta o home. A paisaxe deshumanizada mistúrase coa angu-

ria, próxima á esistencial, que caracterizará ó grupo Brais Pinto. Tamén podemos considerar a Díaz Castro (*Nimbos*, 1961) nesta dirección, aínda que totalmente distanciado de Novoneira.

A partir de 1950, a progresiva normalización da vida española fai posible a creación de algunas revistas e coleccións de efímera esistencia. Con carácter máis permanente xurde a editorial Galaxia, que vai centrá-la maior parte da actividade cultural e literaria sobre sí.

Probablemente, a gran revelación cultural galega destes anos foi a publicación do hastra agora único libro dun poeta novo —nacido no ano 1926—. Trátase de *Fabulario novo* (1952) de Manuel Cuña Novás. É a súa unha poesía anguriada, esistencial, pechada en sí mesma que contrastaba totalmente co que se escribía naqueles intres en Galicia. A obra de Cuña Novás ten consecuencias inmediatas no facer poético dos integrantes do grupo Brais Pinto, creado en Madrid en 1958 por uns cantos universitarios galegos que estudiaban alá. A producción dos membros deste grupo, con certas matizaciones, comparte o enfoque intimista, esistencial, choído na súa propia poesía.

Ben outras eran as características da poesía galega no esterior, na Arxentina principalmente. O feito ineludible da emigración provoca unha poesía fondamente social, comprometida cunha realidade distante, pro intensamente vivida. É o caso de Luís Seoane (*Fardel de eisiliado*, 1952; *Na brétema Santiago*, 1956; *As cicatrices*, 1959), Lorenzo Varela, Outeiro Espasandín e outros.

A poesía esterior poido supoñé-la renovación total da poesía galega. Pro a obra destes poetas non foi conocida senón tardíamente e, mesmamente, no intre no que a evolución interna facía xa posible a súa asimilación. Xunto coa obra de Seoane, hai que considerá-la influencia de Luís Pimentel, poeta independente dos ires e vires das correntes literarias, e cun único libro publicado en vida: *Triscos* (1950). A parte máis importante da súa obra (*Som-*

bra do aire na herba, 1959 e, en castelán, *Barco sin luces*, 1960) foi publicada póstumamente.

A propia evolución do esistencialismo intimista, unida á influencia de Seoane e tamén de Pimentel, esplican o paso a unha poesía social, comunitaria, concebida como vehículo expresivo da realidade do país. O representante máis destacado desta tendencia é o Celso Emilio Ferreiro. Despois dunha serie de libros (destaquemos *O sono sulagado*, 1954), publica en 1962 *Longa noite de pedra*. O esgotamento inmediato desta obra foi un feito insólito na socioloxía literaria galega. En *Viaxe ó país dos ananos* (1968), espón crúamente a que el considera a realidade da Galicia esterior.

Estas son, a grandes rasgos, as liñas esenciais da poesía galega de posguerra. Amáis de algúns dos citados, hai unha chea de autores que están actualmente en plena producción: Manuel María Fernández Teixeiro, X. L. Méndez Ferrín, A. López Casanova, X. L. Franco Grande, S. García Bodaño, B. Graña e moitos outros.

* * *

A narrativa sigue, como é lóxico, camiños paralelos á poesía, pro, ó mesmo tempo, dado que é un xénero máis tardío, podemos albiscar unha evolución moito máis rápida do que na lírica.

A partir do 1950, a narrativa galega acada un pulo que vai medrando co paso dos anos. Podemos sinalar dúas grandes correntes: unha novelística ó xeito «tradicional» e a xeralmente chamada «nova narrativa».

A primeira está representada por Carballo Calero (*A xente da Barreira*, 1951), Anxel Fole (*A lus do candil*, *Terra Brava*), Rafael Dieste (*Dos arquivos do trasno*), E. Blanco Amor (*A esmorga*, *Os biosbardos*, *Xente ó lonxe*). Entre eles hai certa diversidade e o agrupar a estes autores baixo unha etiqueta común é un feito provocado máis ben por un dato negativo: o nor pertenecerán á chamada «nova narrativa».

Un lugar especial ocupa Alvaro Cunqueiro. A súa forma de novelar mantéñese aparte, tanto da tendencia tradicional coma da outra. Caracterízase por se desenrolar nun mundo a cabalo entre o mítico e o real. De entre as súas obras en galego destacaremos *Merlín e familia*, *As crónicas do sochantre*, *Escola de menciñeiros* e *Xente de aquí e de aquolá*. Tamén, aparte das dúas tendencias más xerales, está a obra de Xosé Neira Vilas, un pouco máis serodia e realizada en Hispanoamérica. As *Memorias dun neno labrego* (1961) levan xa un bo número de edicións; *Xente no rodicio* e *Historias de emigrantes* (1968) son outras das súas obras.

A «nova narrativa» presenta influencias da novelística de Joyce, Faulkner, Kafka e, moi especialmente, do *nouveau roman* francés. A renovación técnica parte da obra de Gonzalo R. Mou-rullo (*Memorias de Tains*, 1956), que é asimilada inmediatamente por un grupo de narradores, entre os que figurán X. L. Méndez Ferrín (*Percival e outras historias*, 1958; *O crepusculo e as formigas*, 1961) e C. Suárez-Llanos (*Lonxe de nós e dentro*, 1961; *Como calquer outro día*, 1962).

A produción dos derradeiros anos amostra un notable desenrollo. Amáis das novelas *Arrabaldo do norte* (1964) e *Retorno a Tagen Ata de Méndez Ferrín*, é de destacá-la incorporación de autores más novos, como Carlos Casares (*Vento frido*, 1967; *Cambio en tres*, 1969), Luís Diéguez (*A torre de Babel*, 1968) e a derradeira aportación de Xoana Torres (*Adiós, María*, 1971).

VOCABULARIO

ateigante: *abrumador*

OS CASTELANISMOS (VII)

4. Castelanismos léxicos

Quizás sexa no léxico onde máis se percibe a influencia do

castelán no galego. A nosa lingua durante moitos séculos sóio servíu de vehículo de comunicación entre labregos, mariñeiros e artesáns; é decir, foi o canle dunha cultura popular. A alta cultura espresábase en latín ou en castelán. Por eso, cando modernamente se habilitó o galego pra soporte de obras literarias, filosóficas ou científicas, atopámonos con que hai unha relativa probeza lésica pra se manexar nestes eidos, pois hai unha terminoloxía determinada que sóio se crea coa tradición e no noso caso falta.

Pra suplir esta carencia bótase man de neoloxismos, case sempre latinismos ou helenismos, tomados a través do castelán, a lingua en que adoitan culturizarse os galegos.

Pro se ben é verdade que, ás veces, non queda outro remedio senón tomar en préstamo palabras do castelán, tamén é que compre facelo con certa medida. Moitas veces ós escritores a falta dun conocemento axeitado do galego, lévaos a tomar préstamos do castelán, cando o galego ten medios propios pra expresá-lo mesmo concepto. Tales préstamos sóio son un luxo innecesario e aínda nocivo as máis das veces. Compre, pois, antes de se lanzar a escribir, aprender a xebrar bei entre castelán e galego e comprobar que pra un determinado concepto non hai palabra galega antes de tomá-la castelá.

Dos castelanismos léxicos compre destacarmos aqueles que se toman sin adaptación ningunha. Vede unha pequena amostra deles, tomados de obras literarias modernas (usamos cada ún nunha frase pra lles apreciá-lo sentido cabalmente):

| | |
|---|----------------------|
| Tiña moito garbo a rapaza | xentileza, garrideza |
| Moitas libras de manteca ten dado aquela vaca | manteiga |
| O sol facía destellos nas ondas | centileos |
| Atacaba sempre de frente | de cara |
| Pasou a man pola frente | testa |
| Sonaban as campás | soaban |

| | |
|---|------------------|
| Tiña un pelo rixo coma as <i>cerdas</i> dun xabarín | <i>sedas</i> |
| Ás doce da noite empezaba a <i>bostezar</i> | <i>bocexar</i> |
| <i>Abotonou</i> a camisa | <i>abotoou</i> |
| Vaciou o pote das papas | <i>valdeirou</i> |

Outros escritores adoitan axeitá-los castelanismos de algunha maneira á nosa lingua, conforme a determinadas reglas analóxicas. Pro non por eso deixan de ser tan censurables coma os outros. Vede algúns, que tamén entrecollemos de entre obras galegas publicadas de pouco:

¡Qué desdita a miña!
Acendéu o fogo
Casouse por *despeito*
A xente xoven é tremenda
Véxote algo *apesadumado*
Apousentárase nunha pensión
Espetéino a *sabendas*
Era amareliño coma a *mes* madura
Caéu *resbando* pola lousa mollada
Había un *sendeiriño* estreito
As vacas *muxían* todas á vez
Tiña nariz *aguiña*
Agarróu os *pertreitos* de ir ó toxo
Era un líquido *pegaxoso*
Facía anos que non me ría tanto
Paróu de chover e *despexou* o ceo
Arrincóulle un corno de *cuaxo*
Márchalle-lo fillo *maior* pra Alemania
Tiña o seu *escondixio* na pena do Rubieiro
Sonroxouse ó atopalo

| | |
|------------------------------|---------------|
| <i>desgracia</i> | |
| <i>lume</i> | |
| <i>pra lle dar na cabeza</i> | |
| <i>nova</i> | |
| <i>apesarado</i> | |
| <i>parara</i> | |
| <i>anque o sabía</i> | |
| <i>trigo</i> | |
| <i>esbarando</i> | |
| <i>carreiro, vieiro</i> | |
| <i>bradaban</i> | |
| <i>garrucha</i> | |
| <i>aparellos</i> | |
| <i>pegañento</i> | |
| <i>había</i> | |
| <i>albadeou</i> | <i>festín</i> |
| <i>de raíz, a rentes</i> | |
| <i>máis vello</i> | |
| <i>tobo</i> | |
| <i>púxose colorada</i> | |

nismos lésicos débese fundamentalmente a que traducimos do castelán pró galego. Cando escribimos como galegos non necesitamos botar man de tales recursos xa que, se non hai na nosa lingua tal ou cal concepto, non se nos ocorre buscá-lo térmico que o espere; dirémo-la mesma idea, pro con outras palabras. E conste que esto non quere decir que o galego teña que ser máis probe có castelán. A inversa tamén se dá moitas veces.

EXERCICIOS

I. Correxide os castelanismos das frases seguintes.

1. Naide quixo decir donde estaba o escondixio do conexo.
2. Nunca me sentín tan desditada.
3. Rosalía viviu no sigro pasado.
4. Non teño donde acostarme.
5. O bodo coméu sete tazas e o xigante catorce.
6. ¿Cuántas cucharadas de azúcar lle botas?
7. Andaban os trasnos calzados de galochas dando brincos no sollado de madeira: armaban un estruendo bárbaro.
8. Bueno, ¿e ahora qué facemos?
9. Sempre foi moi estimado naquela casa. Hasta cuando morréu, lle fixeron un entierro de primera.
10. Daquela, se non é pola caiada que levaba, non estaba agora aquí pra contalo. ¡Boa suerte tiven!
11. Xa escurecera pro aínda aguardéi un anaquiño a que salira a luna.
12. O mildéu das viñas prodúceo unha especie de hongo.
13. O sancristán, como estaba máis achegado ás cousas de Dios, parecíalle que lle sería fácil entrar no cielo.

14. Arrabuñéi cuantos bolsos tiña por ver se me tropezaban os dedos con algunha perra chica olvidada.
15. Entoncés o demo, de burlado, pegóu un estoupidu e desaparecéu. Pro a casa quedóu cheirando a azufre un mes seguido.
16. Aqueles neniños daba dó de velos de tan desnudiños que andaban.
17. Ó día siguiente foise prá casa e cuando chegóu atopóu o home uncindo os bois.
18. Cuando pasóu por aquel sitio sentíu ás bruxas decir:
—Lunes, martes e miércoles, tres.
E fai el:
—Jueves, viernes e sábado, seis.
Entoncés van elas e quitáronlle a cerda que levaba.
19. Xa había un rato que estaban xuntos cuando pasóu por cerca deles o cura moi agachadiño. Pro eles ben se deron cuenta.
20. Dise que na cima daquel monte hai unha cueva, e que nela, no tempo dos moros, vivía unha culebra de doce metros.

II. Traducir ó galego o seguinte fragmento procurando evitá-los castelanismos en tódolos niveles (morfoloxía, sintaxis, léxico).

En donde llaman el Coto de la Recadieira, que ahora anda en las prehistorias y en las arqueologías por mor de unos torques celtas de oro que allí encontraron, vivía, según cuentan, un moro que guardaba un tesoro y un encanto bien escondido entre aquellas grandes peñas. Pasó un gafado, un leproso, al pie del coto, camino de Viloalle, y vio al moro del encanto tomando el sol, como un lagarto de oro tendido en una peña. Acercóse a él el gafado y le pidió limosna. El moro,

en ira, negósela en gallego y en latín y en otras lenguas. Atemorizóse el gafado, y entre dientes musitó:

—¡Ah, si leproso te vieras tú!

Y se fue.

Entró temor en el alma del moro, tomando por maldición las palabras del leproso. Ya se veía el moro pustulento, con la campanilla de madera y el saco negro, por los caminos de su trasmundo... Y como había oído que en Mondoñedo vivía un santo obispo, envióle un mensaje pidiéndole una entrevista. Gonzalo accedió y se encontraron a medio camino entre Mondoñedo y la Recadieira, haciendo así mutuamente etiqueta. Dijo el moro al obispo, bajo un álamo del Frondoso, sus temores, y el obispo aconsejóle que entregara a los leprosos su tesoro y él lo libraría de todo mal. Accedió el moro, dio el tesoro a Gonzalo y este levantó en el lugar de las vistas una casa para los leprosos, con una iglesia enfrente. San Lázaro se llamó, San Lázaro se llama todavía, y enfrente a la leprosería está la humilde iglesia, que tiene una alegra campana cantadora.

El moro se fue a su morería de los tesoros y del Ciprianiillo, de donde no volvió.

(A. Cunqueiro, *Flores del año mil y pico de ave*,
Ed. Taber, Barcelona 1968, pp. 214-215)

TESTO LITERARIO

O Pega era moi garuleiro¹, e cando se metía na leria esbardallaba² sin darse acougo nin pra remudá-los azos. Eu nin tiña mentes de lle responder e, polo que se vía, os outros tamén o deixaban palicar³ sin lle dar moito creto ó que decía.

O Bocas estaba engruñado⁴ ó pé do lume, a par de min. Esta-

bamos moi cansos e coa roupa apegada ás carnes como un coiro que se iba encollendo e que nos facía proé-lo⁵ corpo. O Milhomes, decote como se tal cousa, andaba bulindo, a canturriar, e falando de prepará-la comida, porque aquel decote tiña que estar facendo algo. O valdeirá-lo fardel onde traía as cousas, rolaron⁶ uns pesos, oito ou dez, pola tapa da artesa onde estaba a traxinar, e púxose moi colorado.

—«¿De ónde che saíron eses cartos?», preguntou o Bocas, ergiendo o sobrecello⁷.


—«¡Ai, non che sei!», contestou o Milhomes, coa súa vociña mansela⁸ e chea de falsía. «Debéronselle de caer dentro da saqueta á tía Delfina cando lle merquéi o xamón, así Deus me dea, que é moi distraída. ¡Vaia que ser, probiña! ¡Cómo se poñerá cando os bote de menos!. E, coa mesma, ceibóu a súa risiña polo narís. Os outros riron tamén, decatándose do calote⁹. Pro eu non rin, porque ún será o que sexa, pro a min nunca me fixeron rí-los caloteiros¹⁰: que unha cousa é ser esmorguista¹¹ e outra moi diferente ser ladrón, anque algúns fan adrede como que se trabucan e apóñenlle ó estar bébedos¹², ou ó andar de bebedeira¹³, anque naquel intre non o estean, as cousas de mala pezoña que teñen decote na ialma...

Eu puxérame a esbirrar¹⁴ había un bo anaco, como se me estivera vindo un costipado, e foi aquí cando dixo o Milhomes:

—«Sacade a roupa e poñédea a secar. Se vos quedades con ela posta aínda ides collar unha pulmoeira¹⁵ con tanta auga como vos caéu enriba». E decindo esto, xa se puxo a riparlle¹⁶ a zamarra ó Bocas, que o botou de sí dun rempxón.


—«Non lle falla razón», engadiu o Pega. «Podédesvos acomodar como vos dea a gana, que xa vos dixen que aquí non entra ninguén.»

De alí a pouco o Bocas foi quitando as prendas hastra quedar en cirolas¹⁷, logo deixónunas caer tamén e púxose a desamalloá-



Florentino L. Cuevillas.

GRIAL



VIGO

Reproducción dunha tapa de Grial, revista cultural galega.

- D. GARCÍA-SABELL: Castelao, ou Galicia ó axexo
- M. RODRIGUES LAPA: A questão do "Amadis de Gaula" no contexto peninsular.
- MICHAELA MISIEGO: As orixens vikingas do príncipe Hamlet.
- F. BOUZA BREY: El Estado suevo en Galicia y su organización interna.
- M. CASADO NIETO: O Xénesis. Versión galega da "Vulgata latina".
- R. CARBALLO CALERO: II Canzoniere di Don Lopo Liáns.
- AMADO RICÓN: Encol dun poema galego esquecido de Benito Vicetto.

las¹⁸ barazas¹⁹ das botinas; e, ó remate, quedou tan encoiro como o pariran.

—«E ti vaste espir tamén», dixo con voz de ameaza pró Mil homes, namentres botaba a roupa de mal modo no lombo da alquitara. Tiña o corpo branco e rexo, coas carnes musgosas²⁰ apagadas ós osos, e semellaba moito máis forte ca vestido. No peito víaselle unha ferida pouco fonda, como un rabuñazo²¹, que iba dar ó hombreiro. Púxose a raspiña-lo²² callo²³ do sangue, pois víase que era ferida nova, co canto da uña hastra que lle volvía a sanrar. Logo pillou unha pouca de cinza e bismóuse con ela meténdoa polos beizos da riscadela²⁴, que hastra arrepiaba verlle facer aquello sin pestanexar, como se andivese fozando en carne allea.

E. Blanco-Amor, *A esmorga*
2.ª ed., Galaxia, Vigo 1970, pp. 63-65

NOTAS

- | | | | |
|----|------------------------------------|----|---|
| 1 | alborotador, jaranero | 14 | estornudar |
| 2 | despotricaba, hablaba a tontas y a | 15 | pulmonía |
| | locas | 16 | quitarle |
| 3 | platicar, charlar | 17 | calzoncillos |
| 4 | encogido | 18 | aflojar los cordones del zapato |
| 5 | escocer, picar | 19 | cordones |
| 6 | rodaron | 20 | palabra inventada; pró concepto |
| 7 | ceño | | «musculosos», que é o que quiere |
| 8 | diminutivo de <i>manso</i> | | dicir aquí, hai en galego <i>nembrudo</i> |
| 9 | engaño, timo | 21 | arañazo |
| 10 | engañadores, timadores | 22 | raspar |
| 11 | amigo de francachelas | 23 | sangre restañada |
| 12 | borrachos | 24 | rasguño |
| 13 | borrachera | | |



O ENSAIO GALEGO

Se quixésemos facer unha historia completa do ensaio galego, teríamos que comenzar no noso século, pois no XIX non hai autores que escriban en galego ningún traballo tan importante coma pra figurar nesta referencia que facemos. O ensaio, a crítica e a erudición adquieren categoría na época contemporánea e teñen comienzo en autores que naceron nas dúas últimas décadas do século pasado. Estes autores estudiarán diversas facetas do mundo cultural galego utilizando a lingua da terra e algúns deles forman parte, ó mesmo tempo, da nosa literatura por ter escrito novelas ou algún outro tipo de composición literaria. Lembraremos aquí os nomes de Otero Pedraio, Risco, Castelao, Vilar Ponte, Cuevillas e Viqueira.

Todos eles parten da importancia da lingua e da necesidade de cultivala. Os autores anteriores a eles tamén se preocupaban do rexional e consideraban a lingua como esencial prá cultura galega, pro en discordancia coa súa ideoloxía expresábanse, polo xeral, en castelán. Pola contra, os escritores que comenzan o seu labor nos anos vinte, arredor da revista *Nós* e do Seminario de Estudios Galegos, son consecuentes coa súa ideoloxía. Interésanllelos problemas da cultura galega e esfórzanse por lles dar expresión ás súas inquietudes na lingua do pobo. Pra eles é necesaria a rehabilitación do idioma. Os pobos que deixan perdé-la súa lingua propia, perden tamén a súa personalidade, perden o más peculiar da súa vixencia, desaparecen coma pobos. Por eso eles

trazan de facer rexurdí-la cultura galega espresando o seu pensamento en galego.

Os seus tratados teñen en conta diversos aspectos desta personalidade rexional e, ás veces, chegan á postulación de todo un programa de renovación social. Antes da guerra civil, o autor máis destacado foi Vicente Risco, de quen temos traballos tan importantes coma a *Teoría do nacionalismo galego* e *Mitteleuropa*, así como a miscelánea de artigos publicada por Galaxia co título de *Leria*. Os dous primeiros libros déronos a conocer un pensador cheo de ideas novas que hasta sentiu cobiza de concretá-las bases do nacionalismo galego. Risco era un ensaísta fino, de grande inxenio e proxa áxil. Home de grande cultura, deixou tamén moitos escritos importantes sobre a etnografía galega, tema que sempre o preocupou, sendo ainda hoxe obxeto de estudio as súas interpretacións sobre o home galego e a súa cultura material e espiritual.

Xunto a el aparécenos Otero Pedraio coa súa personalidade vigorosa, en traballos como *Morte e resurrección*, *Pelerinaxes*, *Síntesis xeográfica de Galicia*, *O espello na serán*, *Por os vieiros da saudade* e o *Ensaio histórico da cultura galega*. Todos eles son contribucións importantes pro habería que destacá-lo último, no que fai un estudo persoal, profundo e sentido da cultura galega, apreixando as súas características más comúns.

A estes dous nomes hai que engadí-lo de Castelao, un dos escritores que máis influencia deixou nas letras galegas e que foi autor dun libro de tanta sona como é *Sempre en Galicia*, de fonda repercusión despós da guerra, no que nos dá unha presentación das súas ideas e experiencias na vida política galega dos anos trinta.

Tamén é importante lembrar a Florentino L. Cuevillas, o grande investigador das épocas remotas galegas, a quen debemos unha serie de artigos recollidos despós da súa morte nas *Prosas Galegas*, libro que nos amostra unha rica ideoloxía, moito amor

pola terra e todo eso expresado nunha prosa que non desmerece da dos melhores escritores.

Un derradeiro representante dessa etapa é Xoan Vicente Viqueira, filósofo de formación europea e en contacto coas melhores tendencias xurdidas nos primeiros anos do século. Viqueira tiña tamén un profundo interés polos problemas galegos. Era un home aberto cara ó futuro, pois o que o preocupaba era a formación dun pobo galego culto e traballador. Pra el, había que fuxir da ignorancia e do atraso económico. Galicia tiña que estar en contacto cos outros pobos e aportá-la súa propia cultura á humanidade. Posiblemente nel teríamos ó grande pensador galego se non morrese tan novo.

Algúns destes autores estiveron vencellados, como dixemos, ó Seminario de Estudios Galegos, que se preocupaba de tódolos problemas da cultura galega contando cun equipo escollido de colaboradores. Moitos deles seguiron escribindo hastra os nosos días, como é o caso de Filgueira Valverde, a quien lle interesan os problemas da cultura galega en conxunto, levado da súa visión polifacética. Outros autores foron xurdindo despóis da fundación da Editorial Galaxia polos anos cincuenta. No 1952 apareceron os *Sete ensaios sobre Rosalía*, e pouco despóis un volume sobre *A Saudade*. Nestes dous libros temos representados ós melhores ensaístas da posguerra: García Sabell, Rof Carballo, Ramón Piñeiro, Fernández de la Vega, Carballo Calero, Fernández del Riego. Todos eles déronlle á cultura galega un selo filosófico ou de crítica literaria que está á altura dos melhores movementos culturais europeos.

Rof Carballo é o autor de *Mito e realidade da terra nai*, no que trata temas galegos, como o que lle dá título ó libro e o da Santa Compañía, así como un traballo sobre os demos do Bosco e o problema do seductor en Kierkegaard, Proust e Rilke. Médico importante como Rof Carballo é García-Sabell, autor entre outras cousas dos *Ensaios* nos que fala de problemas antropolóxicos, ar-

tísticos, filosóficos e literarios. Son tratados cheos de contido filosófico sobre problemas como o da fame, o análisis esistencial do home galego enfermo, etc. A prosa de García-Sabell é sempre brillante e suxestiva.

Tamén profundo pensador é Ramón Piñeiro, que se deu a conocer nun ensaio sobre o *Significado metafísico da saudade*, e ten aínda outros traballos sobre o tema, como *A saudade en Rosalía* ou *Pra unha filosofía da saudade*. A estes traballos hai que engadí-lo seu discurso de ingreso na Academia galega que leva o título de *A lingua e as linguas*, no que fala de problemas das linguas en xeral e da galega en particular.

Outro autor de altura filosófica é Celestino Fernández de la Vega, home de gran cultura, que se deu a conocer en introducións como a do libro de Pimentel *Sombra do aire na herba* e o de Heidegger *Da esencia da verdade*. A súa contribución máis importante é *O segredo do humor*, libro fundamental sobre o humorismo desde un punto de vista filosófico.

Xa de outras características son Carballo Calero e Fernández del Riego. Carballo Calero é un dos más conocidos historiadores da literatura galega, especialmente na súa *Historia da Literatura galega contemporánea*, así coma en *Sete poetas galegos* ou *Sobre lingua e literatura galega*, etc. Sin duda, a súa historia da literatura é unha das melhores aportacións á cultura galega nos últimos tempos. Tamén a Fernández del Riego debemos libros sobre crítica literaria. Lembrémo-la súa *Historia da literatura galega* ou os seus libros de ensaios *Galicia no espello* e *Cos ollos de noso espírito* nos que fala de diversos problemas da cultura galega: literatura, paisaxe, lingua, etc.

Podemos decir que o ensaio galego representa unha faceta moi importante no movemento literario actual, pois moitos dos derradeiros autores citados aínda nos deixarán máis traballos de calidade e, ademáis, están xurdindo novas figuras que se vencellen de algunha maneira á revista *Grial*.

A FRASE COMPARATIVA

Hai na frase comparativa galega certa vacilación no que toca ó uso das partículas subordinantes: *que / ca, como / coma*. Vexámolo problema con algo de detalle.

Lembremos (vede *Gallego 2*, pp. 66 e ss.) que a frase comparativa pode ter como fundamento dous feitos que se dan na mesma medida (*tanto ... como / coma*) ou en medidas diferentes: unhas veces o primeiro término supera ó segundo (*máis ... ca / que*), outras quedalle por debaixo (*menos ... ca / que*).

A) Princípiemos pola comparación de desigualdade. ¿Qué se debe escribir como subordinante: *que* ou *ca*?

Na lingua falada na maioría dos casos non se presenta lugar á escolla, porque quer o *-a* quer o *-e* das partículas elídense se van diante dunha vocal, feito que resulta absolutamente maioritario. Vede dous exemplos transcritos tal como se pronuncian: *a vanidade dura máis c' o folgo; deso sei eu máis qu'el*. Compre irmos, xa que logo, a casos nos que a dita partícula cadre diante dunha palabra que empece por consonante. Nesta posición a lingua falada compórtase do xeito seguinte:

a) se o segundo término da comparanza é un pronomé obliquuo preposicional, *min, ti, nós, vós*, non ofrece máis cá alternativa *ca*: *deso sei eu máis ca ti; satron antes ca nós;*

b) diante de outras palabras hai vacilación entre *que* e *ca*: *hai quen pra comer quiere mellor auga ca viño; vale más ser pillo que pillado; víame más feo, parvo e medoso ca ningún rapaz do meu tempo; quiere millor pasar sin almorzo que sin tabaco.*

¿Por qué esta vacilación? Normalmente as linguas adoitan ser selectivas: cando hai dúas ou máis fórmulas pra expresá-la mesma idea refugan, por economía, as menos axeitadas ou as minoritarias. O galego polo de agora non se inclinou ainda esclu-

sivamente a favor dunha ou da outra. O non termos estadísticas non nos permite facer unha apreciación cabal, pro temos indicios de que *ca* resulta máis abundante. *Ca*, por outra banda, é a forma máis enxebre (remonta ó latín *quam*) e era en galego antigo unha forma moi frecuente. Vede os seguintes exemplos que tomamos de cantigas medievais: *andaredes í mellor / ca na sela rengedor; por meu mal vivo más ca vós cuidades; mellor viviredes migo ca soo; María Pérez, and'eu moi coitado / por vós, de pran, más ca por outra ren*¹.

No galego de hoxe podemos comprobar que aínda énidamente reconocible o *ca* diante de palabras que empescen por consonante, como queda visto arriba. Pro, mesmo no caso de haber elisión por ir diante de vocal, podemos deducir que se trata dun *-a* (é decir, dun *ca*) e non dun *-e* (ou sexa, dun *que*). De feito, cando un *-a* contrae cun *-o* ou cun *-e* pechados, o resultado é un *-o-* ou un *-e-* abertos. Cfr.:

*o muíño = a o muíño
dialectal el = a el.*

É decir, dáse unha asimilación recíproca en que o *-a* desaparece, pro abríndolle o timbre á vocal que lle sigue. Esto, nembarantes, non o faría un *-e*, como podemos comprobar en exemplos coma os que siguen:

*do muíño = de o muíño
del = de el
dille qu'o neno está ben = dille que o neno está ben
non sabía qu'estabas ahí = non sabía que estabas ahí.*

¹ Compre termos en conta que no galego medieval había outro *ca*, procedente do latín *quia*, que se usaba en oracións completivas e en algunas circunstanciais: *e cuido ca me quer matar; se for d'ant'el Rei, lli dirán / ca tremosa dona matóu; non llis podera guarir / ca os non vira viir*. Aínda hoxe queda un fósil deste *ca* nominalizador na fórmula de afirmación atenuada *seica*: *seica foi verdade*. Tamén compre decirmos que na frase comparativa medieval xa había a mesma vacilación que hoxe hai, aínda que o *que* abundase pouco: *máis negro que o pez*.

Daquela, lóxicamente, as contraccións do galego falado *c'q-*, *qu'ę-*, *c'a-* (que son xerales), haberá que segmentalas en *ca o-*, *ca e-*, *ca a-*. Así, frases como:

é millor o meu c'o teu,
é millor a miña c'a túa,
aquel é millor qu'este,

e áinda

xuraba más c'on carreteiro,

haberá que analizalas en:

é millor o meu ca o teu,
é millor a miña ca a túa,
aquel é millor ca este,
xuraba más ca un carreteiro,

e ortografias como sigue:

é millor o meu có teu,
é millor a miña cá túa,
aquel é millor ca este,
xuraba más ca un carreteiro.

Como resume: do esame dos feitos tiramos en consecuencia que no uso de hoxe hai algunha vacilación entre *ca* e *que* con visible predominio de *ca*. Desde un punto de vista normativo debemos recomendá-lo uso de *ca*, tendo en conta a súa meirande enxebreza, de onde resulta unha forma más diferencialista e tendo en conta, a máis, que ás veces hai casos onde *que* non é admisible de xeito ningún.

B) Vexamos agora a comparación de igualdade e as posibilidades de subordinante con *como / coma*.

Se a distinción de *ca* e *que* resultaba algo complicada, non resulta menos á de *como* e *coma*.

Antes de entrarmos no problema compre decir que *como / coma* poden ser subordinantes non sóio de oracións comparativas (*er-guéuse tan cedo coma min*), senón de oracións completivas (*dille como te chamas*), modales (*fai como che pareza*), causais (*como non me avisaches non te agardéi*), condicionais (*como vayas aló has ter acordo*), etc. O que aquí digamos vale pra tódolos casos de subordinación, anque abusivamente nos refiramos arriba sóio ás comparativas. Digamos, por outra banda, que as non comparativas case todas entran no apartado A de más abaixo.

Analizando a fala de hoxe, no tocante a este punto, as cousas están como sigue:

A) Se a partícula que nos ocupa precede a un verbo, ou sexa, cando o verbo da subordinada non está elidido, non hai outra alternativa senón *como*: *fixeron tantos chourizos como días ten o ano; sabr el tanto deso como sei eu de capador; ten tanto como parece; todo pasou como che dixen; como non aprobes, bótote da casa.*

B) Hai veces en que a oración subordinada é comparativo-temporal ou comparativo-condicional. Neste caso o subordinante admite a alternativa *como - coma + cando, se, quen, que*; o uso de *como* ou de *coma* está distribuído según preferencias persoais: *botóume de aquí coma se fora un can; volvér a ser como cando eramos ninos; faite como que estás morrendo; fala como quien que tanto lle da.*

C) A mesma alternativa dáse cando o verbo da subordinada vai elidido ou, o que ven a sé-lo mesmo, diante de sustantivos, adjetivos, pronomes non persoais e adverbios: *tan bo é Xan coma Pericán; é ruxiñ coma a nacida; fala xa como un homiño; é tan bo coma burro; chovía tanto dentro coma fóra*. Nesta caso podemos apreciar, de tódolos xeitos, certa preferencia por *coma*.

D) Diante dos pronomes persoais, asegún podemos deducir polos datos que temos, sóio se dá a opción *coma*: *coméu tanto coma min; é tan alto coma ti; saíron tan tarde coma nós; tanto vale el coma ela.*

En vista do dito podemos doadamente estraer consecuencias desde un punto de vista normativo: en frases que caian dentro dos apartados A e D non hai escolha: ou é *como* (ap. A) ou é *coma* (ap. D). Nos outros dous casos, o falante pode escolher libremente entre *como* ou *coma*.

EXERCICIOS

- I. Correxide as palabras e as formas incorrectas nas seguintes frases:
1. Ficou o burro sen mover orella nin pata, o que foi interpretado coma que lle non gostaba o procedimento.
 2. Ficamos eiquí nista xuntanza pra espor diante de vosotros as concrusiós a que chegamos nós, os saibos do Imperio, con respeuto ao rabo do burro de Rabilúa eiquí persente.
 3. Temos chegado a ter coma eixo de todo iste problema do rabo do burro de Rabilúa o feito esenzal de que dinantes de perde-lo rabo o burro discorría e daba seus bós consellos no Consello Reial, o cal demostra unha relazón crarexenta entre as facultades específicas da intelixencia do burro e capacidade de poder utilizar o bicarello do bico coma penna pra escribir.
 4. Era coma unha tenra chamada composta de tódolos anceios diviños das virxes e tódolos enganos feiticeiros e namorantes das doncelas garimosas e puras coma as oferendas sagras e os votos litúrxicos nos ríodos místicos; foi coma si toda a música do ceo xurdira delurada polas aguas do frume Eo.
 5. Vóou un intre polo áer coma se fora un paxaro e foi caer no meio das augas azures e fréxidas coma os sartegos dos mortos.

6. Olla vostede, señor Cabaleiro, coma non é doad o atopalo acougo nin eiquí. Sempre hai traballo e istos empregados meus son cáseque tan maos coma os de riba da terra.
7. E coma eu respondo de que o anaco do rabo que leve fará o feitizo esautamente igoal que se fora o meu...
8. Ista comparanza do ascensor pona eiquí o autor pola súa conta, coma xa fixo coa comparanza da lus fruorescente pra espricar o xeito da lus sartegal.

- II. Sustituíde a oración de relativo por un adxetivo que signifique aprosimadamente o mesmo:

- É unha rapaza /que sae moi ben nas fotografías/.
moi fotoxénica
1. Suiza non figura entre as nacións /que participaron na guerra/.
 2. Era un home /que nunca cedía/.
 3. Hai tribus /que non teñen sitio fixo/.
 4. Saíulle un tumor /que non sanda/.
 5. Aquel faro /que brilla/ é o máis occidental.
 6. Compróuna unha muller /que é ela gorda, simpática e ben conservada/.
 7. Prós negocios é un home /que está sempre moi preavido e desperto/.
 8. Ten unha lá /que tende a ser de mala calidade/.
 9. Mándalle pescado /que non sexa caro/.
 10. É un home /que é moi falador, simpático e tratable/.
 11. Trátase dunha revista /que publican a intervalos fixos/.
 12. Quero unha comida /que non teña moitas complicacións/.
 13. En Galicia hai poucos ríos /polos que poida entrar un barco/.

14. Ten unha tose /que lle dura desde hai moitos anos/.
15. É unha pranta /que madura tardíamente/.
16. O mal gafo, /que é unha enfermedade que pasa dún pra outro/, cúrase doadamente.
17. /O que veña detrás de todos/ que peche a porta.
18. É un neno /que come moitos doces, caramelos e cousas así/.

ESCOLMA DE TESTOS DO PENSAMENTO GALEGO

1.^o

Os galegos somos ún dos pobos que máis intensamente sinten a nostalxia da terra nativa. Certo que a nostalxia da terra nativa é condición de tódolos humáns. Todo home ten soidade dos seus eidos maternos, arela voltar a eles e, sobre todo, cando a paternal¹ das diarias angueiras² ou os lixumes³ da vida amontoan nel demasiado acedume⁴, quedalle sempre o confortamento de pensar que o recanto onde nacéu garda pra el un abeiro⁵ seguro. Mais dentro desta condición xeral do home, os galegos somos, xunto cos portugueses e tamén os suizos e os rumáns, homes de tan especial tendencia nostálxica que mesmo chega a sorprender ás xentes. Refírome, claro está, ás xentes de fino entendemento, capaces de comprender que ese halo saudoso que envolve ó home de Galicia, incluso ó más sinxelo e peizoco⁶, é sempre un halo de misterio. Todo bo galego camiña pola vida con esa especie de estralo meigallo, que levamos talmente coma un *fatum*, coma un destino. Sabemos que, máis cedo ou máis tarde, apoderaránse de nós, coma un deus antergo ou un demiurgo. E tamén sabemos que cara a esa forza estraña e asoballante⁷, o noso ser non ten outro recurso cá sumisión.

J. Rof Carballo, *Mito e realidade da terra nai*
Ed. Galaxia, Vigo 1957, p. 39

NOTAS

| | | | |
|--------------|-------------------------------|--------------|-------------------------|
| ¹ | pesadumbre, aflicción | ⁵ | abriño, resguardo |
| ² | quehaceres, trabajos, labores | ⁶ | patán |
| ³ | cosas sucias, que dan asco | ⁷ | dominante, avasalladora |
| ⁴ | acedez, acedía | | |

2.^o

Todos lle reconocen ó pobo grego unha primacía da dimensión intelectual, que o levóu a descubrí-la Razón. Non sería difícil que todos lle reconocesen ó pobo alemán unha primacía da vontade. Pois ben, na comunidade espiritual galego-portuguesa, a dimensión predominante é o sentimento. Por eso a súa creación cultural máis alta foi a lírica, e por eso a súa nota espiritual máis xenuina é a saudade, ou sexa, a «sentimentalidade pura». O estado sentimental puro non se pode expresar conceptualmente, sóio podería «comunicarse» musicalmente ou líricamente. Música e poesía lírica deben de ser notas distintivas da espiritualidade galiciá, feito que se comproba polas manifestacións culturais que xurden espontáneamente da comunidade espiritual, como ocorre co folclore popular ou coa lingua, pois a gran musicalidade e singularismos calidades líricas da lingua galega son froito dese predominio sentimental común.

Aínda temos que aclarar que a saudade e a morriña non son a mesma cousa, pois decote se confunden unha coa outra. A morriña é o equivalente galego da melancolía, un sentimento de tristura e, polo mesmo, expresivo dun esmorecemento vital. A saudade é sentimento, pro non sentimento de tristura. O feito de que pra identificá-la saudade se propuxesen varios sentimientos —nostalxia, añoranza, melancolía, morriña—, todos correspondentes á liña da tristura, débese a que o seu carácter depresivo favorece a interiorización, achega á intimidade e, mesmo por eso, ten certo punto de contacto coa saudade. O mesmo ocorre coa lembranza da paisaxe, que tamén se tomó como esencial na espli-

cación da saudade, esquencendo que a saudade dáse estando na terra diante da paisaxe o mesmo que lonxe dela, mais que, sin ser esencial, ten certa relación, porque a evocación da paisaxe, ó creá-la conciencia da lonxanía, favorece a sensación de soledade, conduce á intimidade e pódenos levar á vivencia da saudade.

Temos, pois, con relación á saudade dúas conclusíons importantes: que é a vivencia espontánea da pura intimidade do ser humán, vivencia fonda, escura e pasiva, porque se produce con independencia e con anterioridade á actividade do intelecto e da vontade; que a vivencia da saudade constitúe unha característica típica do mundo galaico-portugués debido a que na súa configuración espiritual común predomina a dimensión sentimental. Agora podemos escudrumar¹ xa cales poden sé-las características da interpretación dos problemas filosóficos que latexa acobillada nesa modalidade espiritual.

Ramón Piñeiro: *Significado metafísico da saudade. Notas pra unha filosofía galaico-portuguesa*, en *Presencia de Galicia*, Colección Grial, 1

Ed. Galaxia, Vigo 1951, pp. 17-18

NOTA

¹ escudriñar

ECONOMÍA GALEGA EN DOUS TEMPOS

Convén destacarmos ben entre o que foi e o que está sendo a economía do noso país, posto que non se trata dun feito estático.

Hastra unha data moi recente, a economía galega era case toda ela agraria e en menor medida artesá. A célula empresarial máis grande estaba constituída pola familia, e nela empresarios e traballadores eran os membros da casa.

A casa dun labrador era na maioría dos casos económicamente case autárquica; é decir, producía abondo de todo o que necesitaba prá mantenza e pra vestir: os eidos daban pan, trigo, avea, millo, patacas, nabos; os cochos da ceba daban carne pra todo o ano; as vacas daban leite e axudaban a facé-lo labor da casa e, ás veces, tamén se mataban pra facer cecina delas. O vestido producíase igualmente na casa: en moitas delas, instalado nun pendello calquera, había un tear e a materia prima pra tecer sacábase do liño e da la; o liño sementábase nunha leira especialmente coidada e a la sacábase do rabaño de ovellas que cada casa tiña.


¿Daquela non tería por qué haber tendas nin feiras nin... cartos? Pois a pesares de todo aínda había de todo eso, porque non en tódalas casas había un curioso que soubera facer coitelos, fouciños, cestas, xugos, cordas, cribos, candiles, cacharros da cociña... Había mesmo casas que non tiñan tear e necesitaban mercar, se cadra, mantas ou un par de varas de baeta pra un re-

faixo ou uns zapatos pró casamento... Compre destacarmos que a producción destas mercancías estaba ó cargo dos artesáns que mencionamos antes e as más das veces eles mesmos facían de fabricantes e de vendedores.

¿E de dónde sacaban os labregos os cartos pra mercar todo aquello e, se cadra, pra chamar un día, e pagarlle, a un carpinteiro ou a unha costureira ou ó médico ou ó capador, poñamos por caso? Pois das olas de leite que levaban á vila e dos queixos e dos ovos e dos xamóns e dos becerros e de algún que outro produto agrícola que vendían.


A comunidade galega caracterízase, asegún os entendidos, por un grande conservadurismo; é decir, trátase dunha sociedade en certo modo estática, incapaz de inventar modos de vida novos e lenta en adoptar os que outros inventan. A invención do noso tempo, no terreo económico, chámase revolución industrial e consistiu na creación de empresas especializadas na producción dunha mercancía determinada e, ademáis, en cantidades «industriais»: ou sexa, moito meirandes do que faría falla pró consumo da propia empresa. Esto trouxo consigo moitas consecuencias, entre elas, a necesidade de que o patrón comprase man de obra mediante un salario; a necesidade dun transporte axeitado prós produtos hastra os centros de consumo e, por suposto, unha boa comercialización; a necesidade dun capital prá instalación das industrias; a desaparición da autarquía que caracteriza ás economías primitivas. En definitiva, descubríuse o banco, a fábrica e que as mans do home son más rentables pra manexar máquinas ca sachos e aguilladas. E todo, naturalmente, na precura dunha millor mantenza, de más tempo de folganza, dunha vida más cómoda e divertida, de más cartos...

A Galicia este novo estilo económico chegoule moi tarde, é de onte, coma quen dí, cando xa en outros países levaban anos e anos de tradición industrial. Adoita botárselle a culpa da desindustrialización á ausencia dunha burguesía galega, á falla dun



O agro e o mar siguen sendo as dúas fontes de riqueza más importantes da nosa terra.






—O can é o animal máis sanguinario.
—Por algo é o más amigo do home.

O RATO PEQUEÑO.—Os gatos acaban con nós.

A RATA GRANDE.—Mentras andan detrás de vós non andan detrás de min.

Nas fábulas de tódalas literaturas populares falan os animais. Eis un exemplo de como lles fai Castelao falar ós nosos.



capital que reverta sobre a propia Galicia, á falla dunha preocupación do Estado por ir nivelando o desenrollo das rexións, á falla de certas materias primas ou ás malas vías de transporte pra carrexalas, etc., etc. Polas causas que sexan, o feito é que a industrialización de Galicia está aínda empezando.

Esto axúdanos a comprender outro fenómeno económico e social moi importante, que é consecuencia e causa á vez, da falla dunha industria galega: a emigración. É consecuencia en canto, ó non haber absorción de man de obra, o traballador prefire ir buscá-la ganancia alá onde a haxa millor e más dourada. Son moitos os galegos de trinta anos que teñen un tío abó en Cuba, un tío carnal en Bos Aires e un irmán na Europa dos nove.

A emigración é causa da falla de industrialización (outros len atraso económico), porque ó marcharen, privase ó noso país dos brazos máis rexos e decididos; é decir, van contribuir ó desenrollo de outro país con menos falla có noso. Mentre, os que quedan, siguen traballando co arado de pau os eidos que xa foron desde hai séculos dos morgados da casa.

Podemos concluir que, en liñas xerais, na nosa terra hai hoxe convivindo dúas economías: unha, tradicional, envellecida, pro aínda rufa; e outra, modernizante, medio entangarañida. Calquera que dea unha volta pola nosa terra poderá mirar como, o lado do tractor, hai aínda carros celtas; como da carreteira asfaltada arrincan mil camiños lamacentos; como conviven o taller de fundición coa forxa, e o astilleiro co carpinteiro de ribeira; como lle fai competencia a costureira ó taller de confeccións, e o pegureiro ó pastor eléctrico; como compiten as explotacións agrícolas e gandeiras familiares coa cooperativa parroquial; como duran os relos ó lado das aceas, e os palleiros de herba seca ó lado dos silos; como se pode pasá-lo ano enteiro sin probá-la carne fresca do matadeiro gracias á matanza familiar; como en moitos lugares colgan aínda o candil da gramalleira cando xa....

VOCABULARIO

pendello: *alpende, cobertizo*

mantenza: *sostenimiento*

curioso: *habilidoso*

baeta: *bayeta*

olas: *cántaros*

entangarañida: *encanijada, raquítica*

morgados: *mayorazgos*

lamacente: *fangoso*

pegureiro: *pastor*

relo: *molino del común*

acea: *aceña*

SUFIXOS (I)

O galego, igual có latín, usa de dous procedementos prá formación de novas verbas: a composición e a derivación. Ímonos ocupar agora da derivación nominal mediante a adición de sufíxos. Vexamos cáles son os principales dos que podemos botar man pra crear sustantivos ou adjetivos, unha das funcións más notables dos sufíxos; así, por exemplo, os verbos pódense sustantivar por medio dun sufixo de acción. Pro, ademáis, o sufixo aporta unha idea secundaria a unha noción principal contida no radical e que en moitas ocasións é decisiva pra determiná-lo sentido do sufixo: áinda que *careiro* e *ferreiro* coinciden formalmente no mesmo sufixo, a noción secundaria transmitida por este é ben distinta, debido á base.

O sufixo aporta, polo menos, unha noción secundaria; se falta, é decir, se o falante non o percibe, o sufixo está morto. Do latín herdamos palabras nas que áinda hoxe percibímos-la derivación: *pescar, pescador*, etc.; en outros casos sóio o especialista é capaz de se decatar de que palabras coma *abella* ou *nobelio* son diminutivos no sistema latino: unha «*abelliña*», un «*globiño*». Esto mesmo sucede no galego actual; cando usamos de contíno un mesmo sufixo, engadido a unha mesma base, o sufixo tende a lexicalizarse, a apregarse de tal xeito ó radical que co paso do tempo resulta inseparable: a *nabiña* non é scío a semente pequenina do *nabo*, senón calquera semente miúda; o mesmo podemos decir de *cazola, papeleta, forcada, librito, vertediro*, etc.

O sufixo pode espresar, xa o insinuamos, máis dunha noción secundaria; as más das veces é polisémico. Cál sexa a noción dominante non sempre é doado de determinar e depende da intención, situación, etc., do falante. En *bacalada*, dunha maneira abstracta podemos distinguir unha noción de materia («feito con»), unha noción de cantidade (aumentativo) e áinda podemos engadir que se emite un xuicio valorativo (despectivo). Calquera destas tres nocións pode sé-la dominante e as outras dúas estar mesmo ausentes da intención do falante.

Pasamos, pois, a ocupármonos desas ideas ou nocións secundarias e a ver cáles son os principais sufíxos que áinda conservan esa capacidade de transmisión.

A) ACIÓN

-ada: *chorada, chegada, chuviscada, jornada, cortada.*

-ción: *revelación, contaminación, contestación, derivación.*

-dura: *quemadura, rozadura, fervedura, batedura.*

-ida: *saída, partida, dormida, subida.*

-mento: *lucimiento, ofrecemento, conocemento, salvamento.*

B) ACIÓN VIOLENTA

-azo: *xesteirazo, escobazo, croiazo, trallazo, latigazo.*

-ón: *moquetón, empuxón, pescozón, coscorrón.*

C) CUALIDADE ADQUIRIDA OU ATRIBUÍDA

-ado: *azulado, anovado, aparvado, amortuxado.*

-deiro: *comedeiro, bebedeiro, tecedeiro, avadeiro.*

-doiro: *sachadoiro, viradoiro, aradoiro, limpadoiro!*

-echo: *pequenecho, gordecho, pouquecho, bolecho.*

-eiro: *cativeiro, pequeneiro, grandeiro, careiro.*

-eño: *rateño, ferreño, luoseño, roufeño.*

-ento: *balorento, sarnento, nevarento, sebento.*

H padoiro

- izo:** colleizado, sombrizo, atopadizo.
- oso:** malicioso, canceroso, xeitoso, poroso.
- uco:** maluco, feituco, baratuco, delgaduco.
- udo:** corpudo, fuciñudo, bicudo, rabudo, mareludo.

D) CONXUNTO / ABUNDANCIA

- ada:** fornada, rolada, carretada, regazada, laconada.
- al:** areal, xuncal, casal, uzal, queirugal.
- ame:** velame, pelame, madeirame, follame.
- axe:** ferraxe, correaxe, recovaxe, noblaxe, bestaxe.
- edo:** abeledo, silveiredo, nogueiredo, piornedo.
- eira:** carballeira, catarreira, lameira, esterqueira.
- eiro:** milleiro, cancioneiro, palleiro, viveiro.
- ía:** bichería, cofradía, xitanería, penedía.
- io:** xentío, novío, vellío, rechouchío, mullerío.

E) CUALIDADE

- cia:** malicia, astucia, elegancia, eficacia.
- dade:** maldade, ruindade, amabilidad, naturalidade.
- emia:** choremia, burremia, tolemia.
- eza:** baixeza, sinxeleza, fineza, cativeza.
- ría:** roñería, valentía, zorrería.
- ume:** acedume, cheirume, queixume.
- ura:** brancura, negrura, dozura, fermosura.

F) EMPREGO / PROFESIÓN / OFICIO

- ado:** criado, empregado, abogado, encargado.
- ador:** cobrador, gobernador, embaixador, aparellador, pescador.
- al:** corresponsal, caporal, maioral, menestral.
- ante:** feireante, tratante, comediantre, praticante.
- ario:** funcionario, secretario, boticario, veterinario.
- eiro:** carteiro, carpinteiro, becerreiro, inxenieiro, arrieiro.

- ista:** maquinista, ebanista, xornalista, flautista, carterista.
- nte:** axudante, escribinte, axente, xerente, rexente.
- or:** pintor, revisor, pastor, cantor.

G) LUGAR

- ado:** noviciado, almirantado, bispado, rectorado, mercado.
- axe:** hospedaxe, paraxe, pasaxe.
- ario:** santuario, igrexario, campanario.
- dor:** corredor, comedor, parador, recibidor, mirador.
- eira:** canteira, barreira, louseira, telleira.
- eiro:** turreiro, madureiro, viveiro.
- ería:** panadería, librería, conserxería, paquetería.
- torio:** ambulatorio, locutorio, observatorio.

H) NATUREZA

- an:** catalán, ourensán, mariñán, ribeirán.
- ano:** peruano, mexicano, colombiano, boliviano.
- eiro:** betanceiro, brasileiro, rianxeiro.
- eno:** sarraceno, chileno, esloveno, agarenio.
- ense:** tudense, almeriense, canadiense, vivariense.
- eño:** estremeño, limiño, caraqueño, porteño, panameño.
- és:** coruñés, lugués, francés, irlandés, noiés.
- í:** ceutí, iraní, marroquí, nepalí.
- ino:** parisino, salmantino, tunecino, arxentino.
- ita:** israelita, saudita, iemenita, moscovita, hitita.
- o:** vasco, sueco, ruso, checo, suizo.
- ón:** letón, teutón, nipón, valón, francón.

I) PARTIDARIO

- al:** liberal, radical.
- án:** republicán, cristián, mahometán, luterán.
- ista:** carlista, socialista, galeguista, celtista, iluminista.

J) PLANTACIÓN

- al**: *piñeiral, amenal, salgueiral, nabal, uzal.*
- eda**: *rosaleda, lameda, lourda, salceda.*
- edo**: *silveiredo, piornedo, lestedo, abeledo.*
- eira**: *pataqueira, carballeira, xesteira, silveira.*

K) POSIBILIDADE

- bilidade**: *imposibilidade, compatibilidade, probabilidade.*
- ble**: *visible, asequible, factible, realizable.*

L) PROPIO DE

- al**: *filial, trimestral, medieval, primaveral, meridional.*
- án**: *humán, cristián, mariñán, ribeirán.*
- ense**: *castrense, forense, circense.*
- eño**: *navideño, louseño, ferreño.*
- inc**: *marino, porcino, equino, matutino.*

M) RELACIÓN

- axe**: *paisanax, camaradaxe.*
- dade**: *irmandade, paternidade, lealtade, amistade.*
- ía**: *freguesía, mariñeira, rapacería, freiría, invernía, outonía.*

N) UTENSILIO

- dor**: *coador, pasador, lizador, xabreador.*
- eiro**: *punteiro, viradeira, talladeira, caldeiro.*
- o**: *pecho, sacho, pico, gadaño.*
- ón**: *rozón, serrón, soprón, trozón.*

EXERCICIOS

- I. Sinalade no seguinte texto de X. M. Beiras os sufíxos que atopedes e o seu valor.

Sábese moi ben que o crecemento económico se mide, en síntesis, polo aumento da renda media per cápita e non, de primeiras, pola traectoria da cifra de habitantes. Pro tamén se sabe que a ningún economista serio se lle ocorre aceptar como indicador valedeiro dun proceso de crecemento económico o aumento da renda per cápita en condicíons de descenso persistente do volume absoluto da poboación nunha sociedade «non opulenta». Menos áinda se ese descenso vai acompañado dun proceso de modificación da estructura demográfica, que se traduce nestes dous conxugados: despoboamento acelerado das zonas máis extensas do país, previamente habitadas a niveles de densidade relativamente altos, e máis, envellecemento acusado e irreversible desa mesma poboación. O caso é que estes dous feitos danse actualmente en Galicia. Abonda decir que últimamente na Galicia interior, a maioría dos municipios perden poboación, xa non porque a cifra de emigrantes supere ó saldo de crecemento vexetativo, senón porque xa nacen menos seres humáns dos que neles morren. É a derradeira fase do esterminio incruento, as postrimerías da decrepitude demográfica, o acto final do drama campesino que en Galicia protagonizan polo menos as dúas terceiras partes dos seus habitantes. A chave da interpretación témola no fluxo emigratorio. A cifra do derradeiro decenio equivale a máis dun emigrante por cada dez galegos residentes aquí en calquera dos tres últimos censos. Coa particularidade ben conocida de que cada emigrante é un traballador, é un home e muller novos, cousa que non é cada residente computado no censo. E más coa particularidade menos conocida —ou menos comúnmente aceptada— de que en cada emigrado pérdese un traballador produtivo, cousa que non é cada traballador residente.

- II. As oracións seguintes conteñen un grupo formado por *non* + verbo. Tratade de evitá-lo adverbio sustituindo o grupo enteiro por outro verbo.

- Non coida a seu irmán. (Descoida a seu irmán)
1. Non acertou coa casa.
 2. Non tivo éxito nos negócios.
 3. Non sei qué é.
 4. Non modificou a súa postura.
 5. Non continuaron a obra.
 6. As leis non o deixan. — *prohibir (privar)*
 7. A nai non revela o secreto.
 8. Non obedeció os pais. *desobedecer, faltar*
 9. Non cesou a gravedade do enfermo. — *continuar, seguir*
 10. Non lle concederon o permiso de conducir. — *delegar*
 11. Non os puxeron no rexistro. — *excluir*
 12. Ese lixo non deixa que a auga corra soia.
 13. Non teñen o que precisan.
 14. Non cumplen o tratado.

- III. Nas frases seguintes hai errores lingüísticos. Sinaládeos e correxídeos.

1. Onte andamos todo o día.
2. Entrenéime no campo de fútbol.
3. Teño unha madeira boa, curada e moi elástica
4. Durante o tempo que permanecera alí non tiña mirado o reló unha soia vez.
5. Despós de comer venme sempre moito soño.
6. A cena non che estaba mal.
7. O señor aquel víñavos a ser o decano da facultade.
8. Non teño inconveniente algún en facérvo-lo.
9. Os cristales esmerilados son transparentes.
10. Viu pola maña e foise pola tarde.
11. Pra quenes teñen tempo, hai más que facer.

12. Non sementédelo millo tan cedo.
13. Andiveche dando voltas e non fixeche nada.
14. Todos temos visto a tunda que levóu.
15. Dounos cen pesos.
16. O amigo invitóulle a comer.

- IV. Na relación seguinte, sustituíde o grupo formado por *fa-cer* + infinitivo por un verbo soio, sempre distinto:

- Facer nacé-la compasión. (Suscitá-la compasión)
1. Facer nacé-la curiosidade.
 2. Facer nacé-la sospeita.
 3. Facer nacé-la cílera.
 4. Facer renacé-lo lume.
 5. Facer revivir un morto.
 6. Facer subí-los precios.

TESTO LITERARIO

Alfredo deixou de ir polo casal do Centro Betanzos. Eso deu lugar a moitas faladurías da xente. Uns e outros botáronse a rolar argalladas¹. Houbo quen falou dun crime. Alfredo era moi trangalleiro². Desde que chegou adicouse a xuntar cartos. Tódolos camiños lle eran bos. E de tal xeito rillaba nel esa idea que decote falaba de mercar e vender. A súa conversa era unha ringla³ de choios, os más deles aínda non logrados. Rosmábase que tiña diñeiro. Tempo atrás vendera unha hostería nas serras de Córdoba. Andivo tamén envolto nos remates dos terreos areosos do Mar de Yuiú. E nos lerios⁴ do contrabando patagónico. Non era dado a palicar dos seus trasfegos⁵ e aduanadas. Máis ben aprácielle ese bretemoso marmurio⁶ darredor da súa andaina⁷ de home vicho⁸. Pro no Betanzos iban sabendo polo certo algunas cousas.

—Tal vez ande na busca do coronel —dixo alguén.

—Poida... O derradeiro choio saíulle torto.

Alfredo conocera un domingo no hipódromo ó coronel Bustamante. Acababan de xogarlle ó mesmo cabalo. Bustamante, home corpudo e sesentón, era paraguaio. Tiña un falar azoso⁹, engaionante¹⁰, tras do que rebulía o seu acento guaraní. Levaba decote nun peto do chaleque aquelas tarxetas pequechas coa palabra «coronel» diante do seu nome. Acadara tal xerarquía algo de presa, logo dunha revolta castrense, e cando veu a contrarrevolta nin de soldado limpo o deixaron. Xa non tiña estrelas, pro quedáralle a fachenda e decidiu non recuar de grado no trato da xente. Daquela foi cando atravesou a Paraná, coma tantos outros, disposto a facer por vida na outra banda do río, na Arxentina inmensa.

Alfredo pouco sabía del. Despois daquel encontro no hipódromo seguironse vendo. Hastra o levó ó Centro Betanzos unha tardíña. E tamén se dixo que foron xuntos a Montevideo. Caxaban¹¹ ben ún co outro neso de soñar con empresas de rumbo.

Sóubose que o coronel lle propuxo a Alfredo un choio de madeiras. Unha xangada¹² que tiñan de armar en Encarnación, con cedro e algunas duras (viraró, urundel, petebirí, viraperá). Amarradas unhas coas outras, as arbres enteiras serían traídas a remolque polo río Paraná, hastra Zárate. E dalí pra Bos Aires, no ferrocarril Urquiza.

Botaron contas. Aquel era un negocio redondo, de moita comenencia (tal como dixo o coronel). Había que bulir pra que ninguén se lles adiantase. Arranxaron o permiso de importación. Alfredo entregóulle canto diñeiro tiña. Bustamante saíu pró Paraguai.

Un día tras outro Alfredo agardaba novas do seu socio. Nada. Bustamante non rexurdía. Chegou o tempo da seca. Xa non era posible que unha xangada boiase nas augas do Paraná. Terían de pasar longos meses. Eso lle decían a Alfredo os fragueiros¹³ que soen ir pola estación Federico Lacroze. Ninguén conocía a

Bustamante, nin oíran o seu nome na Câmara da Madeira. Tam poco daban razón del nas sociedades de residentes, nin nos centros «nativistas» correntinos. Alfredo andivo toda a cidade. Preguntou polo coronel no porto e nos salóns de baile de Palermo, entre polcas e chamamés. Foi varios domingos ó hipódromo co mentes de atopalo. Nada. Sentía cada vez más a certeza de que todo fora unha estafa. Andaba aoleado¹⁴. Co sangue nos ollos. Sin atopar camiño. Semellaba un vagabundo.

Colléu unha mañá o barco, Paraná arriba, rumbo a Encarnación. Levaba unha navalla de tres estalos¹⁵ e un recibo firmado por Ruperto Bustamante.

Pasaron arredor de catro meses e no casal do Centro Betanzos non souberon máis del. Teimaba o ruxe ruxe, as faladurías.

—¿Qué lle terá acontecido ó Alfredo?

—Ninguén sabe. Tal vez o coronel...

X. Neira Vilas: *Historias de emigrantes*

Ed. del Patronato de Cultura Galega, Montevideo 1968, pp. 35-37

NOTAS

| | | | |
|--------------|---------------------------|---------------|--|
| ¹ | invenciones, cuentos | ⁹ | animado |
| ² | alegre, poco serio | ¹⁰ | cautivador |
| ³ | hilera, fila | ¹¹ | encajaban, se adaptaban |
| ⁴ | enredos, marañas, asuntos | ¹² | jangada, balsa de madera |
| ⁵ | trajines | ¹³ | compradores de madera |
| ⁶ | murmullo | ¹⁴ | atontado |
| ⁷ | andadura | ¹⁵ | ruidos que producen ciertas nava- jas cuando se abren |
| ⁸ | vivo, vivaracho | | |

FLORA E FAUNA

O clima de Galicia, di L. Iglesias na *Historia de Galicia*, en xeral templado e húmedo, vai ben pró desenvolvemento da flora propia deste ambiente nun chan de pouca profundidade, ben que dabondo pra que nel enraícen as prantas, sendo rarismos os lugares onde non hai un tapiz vexetal continuo. En relación con esto desenvólvese a fauna fitófaga, que encontra aquí o seu manteemento, e a zoófaga, que se mantén á custa dela. En conxunto, pódese decir que Galicia é moi rica en especies vexetais e animais.

Polo que toca á distribución das especies vexetais, non é doadoo limitá-las súas zonas dunha maneira precisa, xa que, salvo raras excepcións, son as mesmas na zona costeira e no interior, debido á uniformidade do chan e ás pequenas variacións do seu clima. Sóio en lugares moi altos pode aparecer algunha especie particular, pro non por eso deixar de haber outras que se atopan por todo arreo. Esto acontece con certas herbas ou con arbres: o castiñeiro e o carballo van desde a beiramar hastra os Ancares, e o piñeiro bravo desde o mar hastra o sur da provincia de Ourense. Dos arbustos, están xeneralizados por toda Galicia as ericáceas, as xestas, os codesos, os toxos que cobren grandes espacios de monte baixo. As primeiras forman unha primorosa cuberta continua que na primaveira se torna dunha belida cor morada ou roxiza polas mestas froliñas das uces, carpazas ou carroughas, e no vran, no outono e no inverno vólvense de cor verde, máis ou menos

escura. As xestas e piornos dan orixe a altas e mestas xesteiras e piornedos, e os toxos atópanse por todas partes, dándolle á paisaxe da primaveira, unha fermosura cromática marelo-dourada.

Nestes toxales, uceiras e xesteiras fan os tobos os coellos, os teixugos ou porcoteixos e os raposos, e escóndense polo día o lobo, o porco bravo e a perdiz. Ó pé dunha mata de toxo ou de carqueixa fai a súa cama a lebre. Nos montes rasos, cubertos de carroughas, carpazas e toxo, fan o niño as labercas, e polas beiras dos camiños destes montes, as cotovías. Escarabellos, volvoretas, saltóns, formigas, grilos, cabalos do demo, etc., corren e voan polas terras cubertas por estas prantas; os lagartos forman parte do mundo animal destes paraxes, sin podérselles dar unha repartición especial por zonas, pois, máis ou menos, atópanse por toda Galicia. O mesmo se podería decir de outra chea de animais das máis diferentes agrupacións zoológicas, xa que Galicia é, en xeral, moi uniforme na súa fauna e na súa flora.

Pódese decir que as formacións de arbres más importantes son piñeiraes, soutos e carballeiras. Os piñeiraes cobren, ás veces, moitos quilómetros cadrados, nas ladeiras dos montes e nos cumes desde a rexión mariñá hastra o interior. Por debaixo destes piñeiroes medran herbas, matas de toxo, carpazas, etc., pra que vivan entre eles os coellos, os teixugos, os raposos, os lobos. Se hai penedos con fendas pra se esconderen, gatos bravos, garduñas, martaruxos, touróns, denociñas, ourizos e outros máis. Nas polas dos piñeiroes fan os niños o víchelocrego, pendurado duns fíos, e os pombos, e as rulas, e as pegas marzas, e as pegas rabifongas, e os corvos, e os tordos, e os gaviláns, etc. Furando os toros dos castiñeiroes fanos os petos e os pitorréis. Na primaveira síntese o canto de cuco, ese paxaro que tanta xente conoce de oídas pro que moi poucos conocen de vista, pois non se deixa ver. Polas noites de vran ou de primaveira soa o canto da noitébrega, ou dos mouchos, ós que se xunta o dos sapos e das ras.

O piñeiral dá á paisaxe unha característica especial que se percibe non sóio polos ollos, senón tamén polos oídos. Son conxuntos de arbres altas, verdecentes, que cásenque tocan unhas nas outras coas polas dando lugares sombrizos no vran, pro de sombra quente. Animados polos cantos dos paxaros e dos outros seus moradores na primaveira e no vran, quedanse silandeiros nos derradeiros meses do outono e no inverno, e cando hai vento zoan rumorosamente. O seu chan cóbrese entón coas súas follas aciculadas, que os aldeáns recollen pra queimar nas súas lareiras ou nos seus fornos.

Os soutos, conxuntos de castiñeiro, vense tamén na Galicia mariñá, na media e na montaña, pro a súa presencia vai disminuindo polo «mal da tinta», que os mata e fai a súa madeira inútil. Os soutos son inconfundibles: os castiñeiro, de grandes toros con fortes polas, dan unha copa arredondeada que, cuberta de follas na primaveira e no vran, dan unha sombra fresca. Debaixo deles medran moitas herbas e matas, xestas, toxos, fieitos, etc. Nestes soutos viven moitos dos animais que dixemos, pro hai algúns que os prefiren, como as bubelas e o malviz. Dentro dos seus toros, xa moi vellos, viven moitas especies de insectos, coma o escornabóis ou vacaloura. Tamén furan as súas polas un pouco murchas os petos e os pitorreis, pra facé-los niños.

O castiñeiro é unha arbre de moita importancia económica. A súa madeira é de moi boa calidade; os seus froitos, castañas, que se crían dentro dos ourizos, son empregadas como alimento humán e tamén pra cebá-los porcos.

A carballeira é un conxunto de carballos. O carballo é a arbre que millor lle vai á paisaxe galega: forte, rexo, valente e sufrido, acomódase en calquera parte. En chans que cásenque non teñen terra mete as súas raíces por entre as fendeduras dos pedregos e vive alí anos e anos, facéndose centenario, milenario. Os seus vellos toros carcomestos polas larvas ou vermes dos insectos

presentan grandes ocos onde fan os niños os mouchos reales e onde crían os furatoxos e, na Serra dos Ancares, os esquiús. Ás veces, estes ocos son tan cumpridos que se pode acoller da choiva dentro deles un home. O toro pode non ter más ca unha pequena zona de madeira viva e áinda agroman del polas.

As carballeiras atópanse unhas veces nas ladeiras dos montes, outras nos outeiros, outras nas valgadas. Ás veces, nos lugares fríos, cólgalles das polas e do tronco o mofo, como longas barbas de vello. Debaixo delas medran ben toxos e xestas e herbas. Cubertas de follas na primaveira, no vran e nos comenzaos do outono, dan unha boa sombra. No inverno, as súas polas espidas, tortas, aturan moi ben os ventos e as xeadas. No outono e no inverno, en lugares de boa lentura, viven debaixo delas as arceas. A súa madeira é boa, anque mala de traballar. As landras dáselles ós porcos.

As partes do territorio galego que non están cubertas por arbres forman campos, hortas e terras de pan levar, que o home cultiva con grande variedade de prantas: centeo e patacas nas partes altas; millo, centeo, trigo e patacas nas más baixas; viña nas riveiras; froitales en todas elas (maceiras, perceras, pexegueiros, laranxeiras, etc.). Nestas terras labrantías, nestas hortas, nestes campos, nestes eixidos viven e crían unha chea de paxariños: xílgarios, pardales, melros, estorniños, peifoques, chascos, carrizos, lavandeiras, papudas e outros más. Atópanse tamén ratos, toupas, lagartos, cobras, víboras, píntegas, sapos e toda unha variedade de insectos: escarabellos, abellas, abellóns, moscas... Pra separar uns campos de outros hai sebes compostas principalmente por silvas, entre as que medran os salgueiros e os bieiteiros. Tamén nos valados que estreman as propiedades hai silveiras e más hedras. Naquellos sebes e nos buratos destes valados fan os niños os melros e os peifoques e moitos más. Polas beiras dos regatos e dos ríos atópanse arbres como aveleiras, bieiteiros, ameneiros e salgueiros. Xa en lugares más secos e raiosos

aparecen álamos brancos, álamos negros, bidueiros, freixos e loureiros.

Tamén hai na Galicia brañas, trémboras ou lagoas, tanto na rexión da beiramar, coma na media e na montaña. En todas elas hai unha flora e fauna especial, propias destas terras enchoupadadas de auga ou asulagadas.

VOCABULARIO

uces: *brezos*
xestas: *retamas*
codos: *codeso, citiso*
carroucha: «*carpaza*», *brezo pequeño*
uceira: *brezal*
piorno: «*xesta*», *piorno*, *gayomba*
teixugo: «*porcoteixo*», *tejón*
porco bravo: «*xabarín*», *jabalí*
carqueixa: *carquesia*
grilo: *grillo*
cabalo do demo: *libélula*
mariñá: *de la comarca de las Mariñas*
fendas: *hendiduras, rendijas*
mataruxo: *marta*
tourón: *turón*
denociña: «*donicela*», *comadreja*
ourizo: «*ourizo gacho*», *erizo*
pega marza: «*pega rebordá*», *picagrega*
pega rabilonga: *urraca común*
pitorrei: *picamadera*
noitébrega: «*curuxa*», *lechuza*

silandeiro: *silencioso*
malviz: *malvís, especie de tordo*
escornabois: «*vacaloura*», *ciervo volante*
fendedura: *hendidura*
carcomesto: *carcomido*
oco: *hueco*
furatoxo: *garduña*
outeiro: *otero, alcor*
mofo: *lichen*
lentura: *humedad*
landra: *bellota*
froital: *frutal*
cixido: *terreno cercado contigo a la vivienda*
peisoque: «*paporrubio*», *petirrojo*
papuda: *curruca gris*
abellón: *abejorro*
raioso: *soleado*
bidueiro: *abedul*
trémbora: *tremedal*
enchoupado: *empapado*
asulagado: *sumergido*

SUFIXOS (II)

Nos sufíxos que vimos na lección anterior sinalabamos como unha das funcións más importantes a capacidade que tiñan pra trasladar categorías gramaticais dunha prá outra. Nos sufíxos

apreciativos que imos estudiar desaparece totalmente esta función e domina outra que naqueles era en certo modo secundaria: a significativa. Nos sufíxos apreciativos, como nota común, resalta a idea de cantidad, aumentando ou disminuindo subjetivamente o significado da palabra sufixada. Pro quizáis é a nota afectiva a máis característica destes sufíxos. Os principais aspectos da afectividade son o agarimo, a commiseración, o desprecio, o interés, a cortesía entre outros. Todas estas notas atopámolas no máis característico dos nosos sufíxos apreciativos: *-iño*, que pode expresar cantidad (*vide cediño, están gordiños*), agarimo (*dámo, papaíño*), desprecio (*hai homes e hai homiños*), interés (*tróuxenche unha cousinha*), cortesía (*hasme faver un recadiño*), etc.

A) DIMINUTIVOS

Como é ben sabido, o sufíxo *-iño* é o máis empregado, xa que se pode engadir ós nomes comúns e ós propios, ós adjetivos calificativos, ós participios, a moitos adverbios de modo e a algúns de cantidad e, en elgún caso, ó xerundio. Se a palabra primitiva acaba na semivocal *-i* ou en *-n*, o sufíxo *-iño* vai precedido de *-c-*: *naciña, canciño*. O resto dos sufíxos diminutivos son os seguintes:

- acho:** *riacho, fiacho, coiracho.*
- echo:** *folecho, gordecho, cornecho, pequerrecho.*
- elo:** *penela, codelo, souelo, cachelo.*
- ete:** *rapacete, nocete, xoguete, carballete.*
- exc:** *potexo, lugarexo, calexa.*
- ico:** *ranchico, cuxico, fachico, cancico.*
- olo-** *rapazolo, xatolo, festolo, cazolo.*
- ote-** *cabalote, jeirote, rajazote, vellote.*
- uco:** *medeiruco, ventanuco, mulleruca, fachuco.*

Na fala emprégase moito o diminutivo, podéndose chegar en ocasións a unha acumulación de sufíxos. Así, *pra pequeno*, pódense

atopar, entre outros, *pequecho*, *pequechiño*, *pequerrecho*, *pequerrechiño*, *pequerrequechiño* e ainda más.

B) AUMENTATIVOS

- azo: *festaza*, *cochaza*, *casaza*, *mulleraza*.
-ón: *airón*, *patadón*, *moquetón*, *grandón*.

C) DESPECTIVOS

Tanto os sufíxos diminutivos coma os aumentativos pódense empregar como despectivos, depende da intención e do tono do falante do contesto. Os sufíxos despectivos son más abondosos en formas propias cós aumentativos. Entre as formas propias destacaríamo-los sufíxos **-án** e **-as**, moi usados. Tamén é moi notable o uso do **-o**, morfema do xénero masculino, cun sentido claramente despectivo en palabras que sóio teñen femenino.

Vexámoslos:

- acho: *coiracho*, *cagacho*, *riacho*, *fiacho*.
-ada: *raposada*, *burrada*, *animalada*, *cacicada*, *barrabasada*, *xudiada*.
-allo: *miudallo*, *refugallo*, *pingallo*, *podricallo*.
-án: *paspán*, *testán*, *palleirán*, *barrigán*, *cagán*.
-as: *bardallas*, *choricas*, *sécolas*, *fungallas*.
-eiro: *argalleiro*, *bardalleiro*, *miriqueiro*.
-ello: *chousello*, *casarelllo*, *pendello*.
-ico: *ranchico*, *cuxico*, *cancico*, *macico*.
-o: *chaqueto*, *leiro*, *ventano*, *chouso*, *fito*, *besto*.
-olo: *rapazolo*, *rancholo*, *festolo*, *merendola*.
-ón: *pasmón*, *mamón*, *roñón*, *laión*, *cabezón*, *tontarrón*.
-ote: *cabalote*, *feirote*, *mozote*, *vellote*.
-ucco: *leiruco*, *merenduca*, *festuco*, *queixuco*.
-udo: *orelludo*, *barrigudo*, *cabezudo*, *zoupudo*.

EXERCICIOS

- I. No seguinte poema de F. Rey Romero (*Escolanía de melros*, p. 11) sinalade o valor dos sufíxos que atopedes e poñede en galego correcto as palabras en cursiva:

O MELRO

Prestidixitador de melodías,
que, sin canon saber nin seguir pauta,
cantando arreo, nunca te estravías
no ar do ritmo, voadora *frauta*.
Di, ¿qué aramio *sotil* é ese en que enfías
coma *adoas* de ouro a nota *esauta*?
¿De qué mestre *aprendeche* a que asubías
melodía *lanzal*, música *intauta*?
¿Foches anxo de Deus? ¡Puido ser *iso*!
¿Ou paxaro cantor no *Paradiso*,
onde a dita *perfeita* *El Señor* forxa?
Anxo foras e, en vez de negra *pruma*,
azas brancas tiveras coma a escuma,
pois é de anxo canora a túa gorxa.

- II. No seguinte poema de Noriega Varela (*Do ermo*, p. 98), sinalade o valor dos sufíxos e poñede en galego normativo as palabras en cursiva:

AS FROLIÑAS DOS TOXOS

¡Nin rosiñas brancas, nin *claveles* roxos!
Eu venero as froliñas dos toxos.
Dos toxales as tenues froliñas,
que *sorrién*, a medo, *entr'espínas*.
Entr'espínas que o *ceyo* agasalla
con *diamantelas* noitas *qu'orballa*.

¡Oh, d' o yerm'o preciado tesouro!:
as froliñas dos toxos son d' ouro.
D' ouro vello son, mai, as froliñas
dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

- III. Nas seguintes frases (tomadas de E. Gregorio Fernández: *Miudo e a campaíña dos grilos*), sinalade os sufíxos que aparecen e poñede en forma diminutiva, aumentativa ou despectiva as palabras que o permitan.
1. Turístico: can de pouca perna e larchán. Fáltalle unha orella.
 2. Marisa: unha neníña desas que veñen nos libros. Anda sempre cunha moneca que lle chaman «Pitula».
 3. Anduriñas: paxaros que non teñen parada en ningures por moito tempo.
 4. Vagalume: verme que non hai xeito de dai con el polo día.
 5. Paxariña: paxariño de papel que non voa.
 6. En outros tempos os grilos eran de moitismas cores e acontecía que os galos e as galiñas peteiraban neles e non os deixaban vivir. Un día un galo fachendoso e baralleiro atopouse cun grilo gordecho e moi vello que pasaba diante del amodiño. Tíñase por moi señor o galo e non quería lixá-lo peteiro. Pensou pra si: ¿Picaréi ou non picaréi? Se pico, líxome. Se non pico, morro de fame. ¿Qué faréi? Cando mirou pró chan xa non estaba o grilo.
 7. Poucoalumeas. Ser é un vagalume ou, se ti queres, un lucicú, pro a este non lle cae ben ningún dos nomes. Desque pasaron as anduriñas está el aquí. Iba no peteiro dunha, cando ninguén sabe por qué veu bater no chan. Coa zoupada desgraciouse e sóio alumea de medio corpo

cara a tras. Pepiño Virafollas andivo a estrebillar nel e atopóulle tronzado o fío da luz. Como áinda non se lle sabe o remedio deixárono no xardín da escola.

- IV. Redacción: Escribide sobre a flora e a fauna que conozades nos vosos eidos.
- V. Discusión: Hoxe parece que hai menos paxaros e tamén teñen dificultades certas arbres e prantás, especialmente nas ciudades e sitios moi poboados. Discutidle as causas.

TESTO LITERARIO

A CANTIGA DO FIEITO

É pranta humilde a queiroga¹: pro a queiroga ten o engado² da froliña feituca, cor da púrpura esvaída³.

É pranta humilde a xesta: pro leva coma coroa a volvoreta marela dos seus pétalos.

É pranta humilde o toxo: pro ofrécese coma unha xurdia⁴ folerpada⁵ de ouro vello encol das polas espiñentas.

É pranta humilde o milicreque⁶ —que en algures⁷ chaman abrula—, pro a bolsa nazarena das súas corolas triunfa diante dos ollos.

É pranta humilde a mapoula⁸: pro a mapoula entre a grade mesta das searas⁹, no cárcel abalador¹⁰ dos trigales e centeos, tráenos lembranzas de sangue puro.

E humildes son tamén os pampillos¹¹, lembradores de soles pequerrechos, e as magarzas¹² que branquexan no verde dos ribazos e das congostras¹³, semellando, ollados desde lonxe, foulas¹⁴ de muiño espallada¹⁵ polo vento, e os bigordos¹⁶ de cáliz de marfil arrecendente, que logo troca a maturidade en groulos¹⁷

vermellos coma beizos de nenos sans, e as silveiras e as malvas e as ciridoñas¹⁸ e as campañas¹⁹ e as hedras e os níxaros²⁰ e os ca-reixóns²¹ e o romeiro e o fiuncho²² e a espadana e o bieiteiro...

Pro a humildanza destas prantas na nosa terra —prantas de vale e de montaña, irmás das cántigas e dos aturuxos aldeáns— coma a humildanza do piñeiro, proletario da familia arbórea, non esmorece no esquencemento. Son un ben decir dos ollos e nunca, en ningures, deixaron de ter agarimadores... ¡A cantalas os poetas, a bicalas os paxaros, a chuchalas²³ as abellas e as volvoretas, a catalas²⁴ os nenos, a pillalas as mocínas!... Cando pola súa bonitura, cando pola súa utilidade, sempre atopan quen as louumiñe.

Ora os piñeiros ergueitos e barudos —de almiña de sol, que xorra²⁵ en doas de ámbar polas fendas da codia ¡madrigal de amor nos beizos dun ermitaño!—, os piñeiros lanzales, lexionarios perennes dos exércitos arbóreos da nosa terra, que semellan camiñar sempre polas valgadas e os cómaros nun desfile sin término e subir polas abas²⁶ dos montes cara ós cumios amigos dos corvos e as brétemas, onde andan a destacaren o mesmo que fasquías²⁷ de centinelas devanceiros en axexo²⁸, saben abondo da pranta máis humilde, que é raíña²⁹ da humildanza... ¡O fieito! —que tamén en algures chaman fento e felgo...— ¡O fieito, adubío³⁰ das terras probes, das gándaras³¹ húmedas e predeiras e dos ertos luidoiros³², lambidos polo corisco³³!

Alí onde as froles non queren xurdir, nin a herba mol verdecer vizosa, nin as arbres erguérense, o fieito amostra resignado como un probe mendigo de bo corazón, a sorrisa das súas follas cheas de dentes, pra consolo e gala do irto³⁴.

A. Villar Ponte, en *Nós*, ano IV, 1 de marzal de 1923, núm. 17, pp. 7-8

NOTAS

| | | | |
|----|--------------------------------------|----|--|
| 1 | variedad de brezo | 18 | celedonias |
| 2 | cebo, encanto | 19 | campanillas |
| 3 | desvaída | 20 | ciruelos silvestres |
| 4 | magnífica, llamativa | 21 | fresas |
| 5 | copo | 22 | hinojo |
| 6 | digital | 23 | chuparlas |
| 7 | alguna parte | 24 | mirarlas |
| 8 | amapolá | 25 | chorrea |
| 9 | rozas, rochas | 26 | faldas |
| 10 | mecedor | 27 | garitas, lanzas |
| 11 | especie de crisantemos de los campos | 28 | acecho |
| 12 | manzanilla silvestre | 29 | reina |
| 13 | caminos entre paredes o ribazos | 30 | adorno, atavío |
| 14 | harija, polvo de harina | 31 | montes de poca altura, generalmente pedregosos |
| 15 | esparrida | 32 | bruñidos, fregados |
| 16 | madreselvas | 33 | aguacero |
| 17 | yemas, botones | 34 | aspereza. |

EPILOGO

Rematamos con este volume o método de galego que hai tres anos empezou a publicarse. Ó longo dos tres tomos intentamos ir dando os fundamentos da gramática galega así como un complemento práctico a base de exercicios e lecturas.

O libro primeiro estaba pensado pra aqueles que carecían de conocementos do galego, e ainda pra aqueles que, tendo un certo dominio oral desta lingua, quixeran fazer uso dela nos escritos ou millorala a nivel falado.

No segundo libro, dunha maneira cíclica, é decir, volvendo sobre os temas do primeiro, ampliáronse certas cuestiós ortográficas e gramaticales e procurouse ir aumentando gradualmente o vocabulario.

Neste terceiro, conscientes de que a lingua é o espello da cultura material e espiritual dun país, intentamos presentar, en meirandes dosis do que nos tomos anteriores, un panorama da nosa cultura. Cada lectura, así como o testo literario correspondente, trata de presentar un aspecto da nosa persoalidade, empezando polo feitío da propia terra e rematando cun retrato espiritual do home galego. Moitos destes temas foron solicitados a especialistas expresamente pra este libro. Outros foron feitos polo equipo de redacción destes manuales, tomando como base obras xa publicadas. Algunxs deles son orixinales deste equipo.

No eido estrictamente gramatical é pouco o que se aporta de novo neste libro. A quen seguira os dous volumes anteriores su
pónselle xa suficiente preparación pra escribir en galego correcto.

Pro nunha lingua coma a nosa, onde o influxo do adstrato castelán é moi sensible, a corrección, lingüística adoita estar sometida a certos prexuicios que levan a algúns a producir un gallego «hipercorrecto». Pra prevenir a estes dun peligro así, tratamos con certa amplitud o problema do diferencialismo. O peligro contrario tamén é frecuente que se dea, é decir, que por escesiva libertade de prexuicios academicistas se deixe inzá-la nosa lingua de barbarismos. Pra prevención destes vai tamén un estudio bastante detallado sobre o castelanismo.

Podemos resumir, xa que logo, que a teoría gramatical no derradeiro destes manuales ven a ser unha «gramática de dúbihadas» do galego e pode ser de proveito mesmo pra quen non seguira os dous primeiros. Así agardamos que sexa.

Prá redacción das lecturas que encabezan cada leción somos deudores dos señores seguintes, ós que facemos constá-lo noso agradecemento: F. Acuña Castroviejo, J. R. Barreiro, X. M. Beiras, J. Carro Otero, A. Fraguas, D. García-Sabell, S. Moralejo Alvarez, A. Rodríguez e a tódolos membros dos Departamentos de Lingüística Galega e Filoloxía Románica. Servíronnos tamén prá redacción das lecturas os materiales publicados por F. Fernández del Riego, Luis Iglesias e Vicente Risco.

Finalmente, compre deixar constancia do noso agradecemento a cantos dun xeito ou de outro nos prestaron a súa colaboración, tanto neste coma nos volumes precedentes. Entre eles a X. Maside, polas ilustracións dos dous primeiros volumes; á Enciclopedia Gallega, Fotos Sendine e Foto Gutián, por algunas das fotografías que ilustran este tomo; a S. Moralejo e M. Sobrino polas da *Picariña* e a *Costureira*; e a Ribas e á Editorial Galaxia, polo grabado que ilustra a *Escola de menciñeiros*.

Dun xeito especial queremos agradecerlle ó Prof. Díaz y Díaz as dilixentes e valiosas aportacións referentes tanto ó fondo como á presentación dos libros, e a Gráficas Europa, tanto pola pacencia con que nos tratou como polo esmero con que traballou sempre.

É responsable da redacción destes manuales o seguinte equipo, que actuou baixo a dirección del Prof. Constantino García González:

X. L. COUCEIRO PÉREZ, RAMÓN LORENZO VÁZQUEZ, GUILLERMO ROJO / ANTÓN SANTAMARINA.

I N D I C E

| | | |
|------------|--|-----|
| LECIÓN 9. | Lectura: Prehistoria galega ... | 77 |
| | Diferencialismos: o lusismo ... | 81 |
| | Testo literario de Cabanillas ... | 86 |
| LECIÓN 10. | História Galega ... | 89 |
| | Diferencialismos: o dialectalismo ... | 93 |
| | Diferencialismos: seudoevolucións ... | 94 |
| | Testos literarios populares ... | 96 |
| LECIÓN 11. | Lectura: A Igrexa galega ... | 99 |
| | Castelanismos fonéticos ... | 104 |
| | Testos literarios populares ... | 107 |
| | Testo literario de Fernández del Riego ... | 108 |
| LECIÓN 12. | Lectura: A arte galega (I) ... | 111 |
| | Castelanismos morfolóxicos ... | 114 |
| | Testos literarios de O. Pedrayo e Castelao ... | 119 |
| LECIÓN 13. | Lectura: A arte galega (II) ... | 122 |
| | Castelanismos morfolóxicos: o verbo ... | 126 |
| | Testos literarios de Castelao e García-Sabell ... | 131 |
| LECIÓN 14. | Lectura: Literatura galega medieval ... | 135 |
| | Castelanismos morfolóxicos: o verbo ... | 138 |
| | Testos literarios des <i>Mirages de Santiago</i> , Joham Airas, Airas Nunes e Meendiño ... | 142 |
| LECIÓN 15. | Lectura: A literatura galega entre 1500 e 1900 ... | 147 |
| | Castelanismos morfolóxicos: o verbo ... | 150 |
| | Testos literarios de Pondal, Rosalía e Curros ... | 154 |
| LECIÓN 16. | Lectura: A literatura galeta do s. xx (I) ... | 157 |
| | Castelanismos sintácticos ... | 160 |
| | Testos literarios de Manuel-Antonio, Amado Carballo, Cunqueiro e Bouza Brey ... | 163 |
| LECIÓN 17. | Lectura: A literatura gelega do s. xx (II) ... | 167 |
| | Castelanismos léxicos ... | 170 |
| | Testo literario de Blanco-Amor ... | 175 |
| LECIÓN 18. | Lectura: O ensaio galego ... | 178 |
| | A frase comparativa: <i>que / ca, como / coma</i> ... | 182 |
| | Testos literarios de Rof Carballo e R. Piñeiro ... | 188 |

| | | |
|------------|---|-----|
| LECIÓN 19. | Lectura: Economía galega en dous tempos ... | 191 |
| | Sufixos ... | 194 |
| | Testo literario de Neira Vilas ... | 201 |
| LECIÓN 20. | Lectura: Flora e fauna ... | 204 |
| | Sufixos ... | 208 |
| | Testo literario de A. Villar Ponte ... | 213 |
| EPÍLOGO | ... | 217 |

